





## PARTNERS



ACADEMIA GALEGA  
DE SEGURIDADE PÚBLICA



ΠΕΡΙΦΕΡΕΙΑ ΗΠΕΙΡΟΥ  
REGION OF EPIROS



REGIONE  
TOSCANA



# Agradecementos

Este glosario foi elaborado e compilado por:  
Dr. Robert Stacey (Northumberland Fire and Rescue Service)

Coa axuda e dirección de:  
Stephen Gibson (Wildfire Advisory Services) e  
Paul Hedley (Assistant Chief Fire Officer of Northumberland Fire and Rescue Service)

As persoas mencionadas máis arriba queren expresar a súa gratitude aos membros do Proxecto EUFOFINET polas súas contribucións a este glosario, en particular a<sup>1</sup>:

- Andrea Mecci e Giacomo Pacini (Regione Toscana, Italia).
- Constantinos Theocharis (PEDA, Grecia).
- Dimitrios Marroguorgos e Kalliopi Tesia (Rexión de Epiro, Grecia)
- Ian Long, Patrick Edwards, Bruce Hardy, Matthew Thomas, Graham Atkinson, Sharon Dyson e Gary McMorran (Northumberland Fire and Rescue Service).
- Jean-Pierre Blanc (ENTENTE pour la Forêt Méditerranéenne, Francia).
- José Antonio Grandas Arias (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Xunta de Galicia, España).
- Kalliopi Tesia, Dimitrios Mavrogiorgos, e Panagiotis Argiratos (Rexión de Epiro, Grecia)
- Kim Lintrup e Nanett Mathiesen (Frederikssund-Halsnæs Fire e Rescue Service, Dinamarca).
- Mata Papadimopoulou (Rexión de Tesalia, Grecia).
- Milan Lalkovic, Jana Pajtikova e Jozef Capuliak (Centro Forestal Nacional, Eslovaquia).
- Riccardo Castellini, Rodrigo Gomez e Miguel Segur (CESEFOR, España).
- Ryszard Szczygieł, Józef Piwnicki, Mirosław Kwiatkowski e Bartłomiej Kołakowski (Instituto de Investigación Forestal, Polonia).
- Silia Angelopoulou (Rexión do Exeo Norte, Grecia).
- Yvon Duche, Remi Savazzi e Benoît Reymond (Office National des Forêts, Francia).

Por último, EUFOFINET na súa totalidade quere expresar a súa gratitude polo considerable apoio e axuda ofrecida por moitos expertos en incendios forestais de todo o mundo. Este documento non tería sido posible sen as achegas dos seguintes<sup>2</sup>:

- Alan Carlson (Alan Carlson and Associates, LLC Wildland Fire Investigations, Estados Unidos).
- Alex Held (Working on Fire International, Sudáfrica).
- Alexander Heijnen (Ministerio de Seguridade e Xustiza, Países Baixos).
- Andrew Miller (Northumberland National Park Authority, Reino Unido).
- Angel Iglesias Ranz (Castilla y León, España).
- Arsenio Morillo Rodriguez (Consellería do Medio Rural e do Mar, Xunta de Galicia, España).
- Bert Stuiver (Veiligheidsregio Gelderland-Midden, Países Baixos).
- Bruno Goddijn and Arnoud Buiting (Veiligheidsregio Noord- en Oost-Gelderland, Países Baixos).

---

<sup>1</sup> Por orde alfabética

<sup>2</sup> Tamén por orde alfabética

- Efstathios Papakostas (Cámara Xeotécnica de Grecia– Departamento do Epiro e das Illas Xónicas, Grecia)
- Prof. Enrico Marchi and Martina Cambi (DEISTAF Universidade de Florencia, Italia).
- Prof. Vittorio Leone (Italia).
- Enrique Rey van Beren (CDF, Castilla y León, España).
- Experts from the Pau Costa Foundation.
- Gianfilipo Micillo (Corpo Forestale dello Stato, Italia).
- George Papadellis, Evangelos Katsaros, Vasilios Mitsios (asistentes da Rexión de Tesalia, Grecia).
- Hugo Barredo Silva and Antonio González Rivas (Empresa Pública de Servizos Agrarios de Galicia, España).
- Ian Innes (PDG Helicopters, Reino Unido).
- Jean-Louis Valls, Jeanne Geoffroy and Daniel Poulenard (Parcourir L'Europe).
- Juan Manuel Calvo Lázaro (España)
- Julia McMorrow (University of Manchester, Reino Unido)
- Karl Kitchen (The MET Office, Reino Unido).
- Luca Tonarelli (DREAM Italia, Centro de Formación da Rexión da Toscana, Italia)
- Marc Castellnou, Marta Miralles and Juan Caamaño (Graf, Bombers Generalitat de Catalunya, España).
- Mary Stergiou and Aristotelis Stagkikas, (Axencia de Desenvolvemento da Rexión do Epiro, Grecia).
- Molly Mowery (NFPA, Estados Unidos).
- Paul Steensland (Paul Steensland and Associates LLC, Estados Unidos).
- Pavlos Konstantinidis and Georgios Tsiourlis (Instituto de Investigación de Incendios Forestais de Tesalónica, Grecia)
- Pieter van Lierop (FAO).
- Prof.Dr. Johann Goldammer (GFMC)
- Richard Woods (Australian Capital Territories Fire Service, Australia).
- Rob Gazzard and Lynne O'Connor (Forestry Commission, Reino Unido).
- Sean Prendergast, Peak District National Park Authority (Reino Unido).
- Victor Fernández Huertas (CDF, Castilla y León, España).

# Índice

Agradecementos .....	3
Índice .....	5
Lista de abreviaturas e siglas en inglés .....	6
<b>Capítulo 1: Introducción .....</b>	<b>7</b>
1.1 Limiar.....	7
1.2 Estrutura do documento.....	7
1.3 Datos de contacto para máis información.....	8
<b>Capítulo 2: O Proxecto EUFOFINET .....</b>	<b>9</b>
<b>O Proxecto EUFOFINET .....</b>	<b>9</b>
2.1 Resumo do Proxecto.....	9
2.2 Cinco temas do Proxecto EUFOFINET .....	9
2.3 A Rede EUFOFINET .....	9
2.4 Actividades e resultados acadados durante o Proxecto .....	10
2.5 Resultados finais do Proxecto.....	10
<b>Sección 1: O ambiente do lume .....</b>	<b>12</b>
<b>Capítulo 3: Comportamento do lume .....</b>	<b>13</b>
<b>Capítulo 4: Combustible .....</b>	<b>22</b>
<b>Capítulo 5: Topografía .....</b>	<b>29</b>
<b>Capítulo 6: Condicións meteorolóxicas .....</b>	<b>35</b>
<b>Sección 2: Operacións de extinción de incendios .....</b>	<b>41</b>
<b>Capítulo 7: Seguridade .....</b>	<b>42</b>
<b>Capítulo 8: Comando de incidentes .....</b>	<b>50</b>
<b>Capítulo 9: Táctica.....</b>	<b>55</b>
<b>Capítulo 10: Cartografía e lectura de mapas .....</b>	<b>68</b>
<b>Capítulo 11: Equipamento .....</b>	<b>76</b>
<b>Capítulo 12: Operacións aéreas.....</b>	<b>82</b>
<b>Sección 3: Preparación, prevención e recuperación.....</b>	<b>93</b>
<b>Capítulo 13: Prevención e detección.....</b>	<b>94</b>
<b>Capítulo 14: Investigación de incendios .....</b>	<b>101</b>
<b>Capítulo 15: Restauración .....</b>	<b>114</b>
<b>Bibliografía: Parte 1 – Libros e informes .....</b>	<b>123</b>
<b>Bibliografía: Parte 2 – Referencias electrónicas .....</b>	<b>126</b>
<b>Índice alfabético de termos en galego .....</b>	<b>128</b>

# Lista de abreviaturas e siglas en inglés<sup>3</sup>

AFAC	Australasian Fire and Emergency Service Authorities Council
AH	Absolute Humidity
AIIMS	Australasian Inter-service Incident Management System
ALSM	Airborne Laser Swath Mapping
ATC	Air Traffic Control
ATV	All-Terrain Vehicle
ATVEA	All-Terrain Vehicle Industry European Association
CDF	Centro para la Defensa contra el Fuego (Spain)
CIFFC	Canadian Interagency Forest Fire Center Inc.
DAID	Delayed Action Incendiary Device/Delayed Aerial Incendiary Device
DEFRA	Department for Environment, Food and Rural Affairs
DEM	Digital Elevation Model
DTM	Digital Terrain Models
DSM	Digital Surface Models
ETA	Estimated Time of Arrival
EUFOFINET	European Forest Fire Networks Project
FAO	Food and Agriculture Organisation
FEMA	Federal Emergency Management Agency (USA)
FTA	Fire Traffic Area
GFMC	Global Fire Monitoring Center
GIS	Geographic Information System
GPS	Global Positioning System
ICS	Incident Command System
IR	Infrared
LACES	Safety protocol. Acronym stands for: L = Lookouts; A = Awareness or Anchor Point; C = Communication; E = Escape Routes; S = Safety Zones
LIDAR	Light Detection and Ranging
NFPA	National Fire Protection Association (USA)
NFRS	Northumberland Fire and Rescue Service (UK)
NWCG	National Wildfire Coordinating Group (USA)
PEDA	Local, Union of Municipalities and Town Councils of Attica (Greece)
PPE	Personal Protection Equipment
RH	Relative Humidity
RUI	Rural-Urban Interface
SOP	Standard Operating Procedures
TFR	Temporary Flight Restriction
TOLC	Take Off and Landing Coordinator
UK	United Kingdom
USA	United States of America
USDA	United States Department of Agriculture
USDHS	United States Department of Homeland Security
WUI	Wildland-Urban Interface

<sup>3</sup> As abreviaturas e siglas empregadas na versión galega están explicadas no seu contexto.

# Capítulo 1: Introducción

## 1.1 Limiar

Para unha colaboración por riba das fronteiras nacionais en calquera cuestión técnica ou de emerxencia, é fundamental establecer unha linguaxe común. Antes do comezo do Proxecto de Rede Europea de Incendios Forestais (EUFOFINET), non existía ningún glosario aceptado da terminoloxía en uso en Europa en materia de incendios forestais e, polo tanto, non había unha linguaxe común para os membros da Rede. Esta situación presentaba unha dificultade para a Rede á hora de establecer un entendemento común de cuestións técnicas e prácticas. Por tanto, os membros de EUFOFINET decidiron poñerse a si mesmos a ambiciosa pero moi importante tarefa de crear un glosario europeo da terminoloxía que poderían usar todos os países europeos mentres se desenvolvese o proxecto e unha vez este remate.

O Northumberland Fire and Rescue Service (NFRS, Reino Unido) liderou a elaboración e compilación do glosario, como membro destacado do Proxecto EUFOFINET “Tema GP1 – Estratexias de intervención/tácticas de extinción de incendios forestais”. Nesta importante tarefa, NFRS recibiu a axuda de todos os membros de EUFOFINET e dunha serie de expertos externos de todo o mundo, como indica a longa lista de colaboradores incluída nos Agradecementos. O resultado final é un impresionante glosario en lingua inglesa que inclúe máis de 800 termos coas súas definicións, dispostos en trece capítulos temáticos. O documento chámase “Glosario Europeo de Incendios Forestais”, e contén códigos de cores e un formato fácil de usar para que se poida empregar tanto como documento de referencia coma como recurso de formación.

Na actualidade, os membros de EUFOFINET están traballando para introducir o glosario nos seus países. O NFRS e outros membros tamén traballan para fomentar a adopción do glosario en Europa, en países que non teñen representación na Rede EUFOFINET. Algúns membros van traducir a totalidade do glosario ás súas linguas (incluído o francés, o italiano, o grego, o eslovaco e o galego) durante o final de 2012 e o comezo de 2013, o que mellorará a súa accesibilidade e uso aínda máis.

Tanto o Northumberland Fire and Rescue Service como os membros de EUFOFINET cren firmemente que o glosario ten un gran potencial para mellorar o traballo transfonteirizo antes, durante e despois dos incidentes relacionados cos incendios forestais e que será unha ferramenta moi útil para manter e mellorar a saúde e a seguridade dos equipos de extinción compostos por persoas de distintos países.

## 1.2 Estrutura do documento

O glosario está dividido en capítulos, dos que trece están dedicados a termos e definicións en relación con temas específicos do ámbito dos incendios forestais. Para maior comodidade e información, inclúese na páxina 6 unha lista das abreviaturas e siglas empregadas ao longo de todo o documento. O primeiro capítulo presenta un resumo da intención do glosario e das conseguíntes traducións e traballos de difusión que levarán a termo os membros de EUFOFINET durante 2013. O capítulo 2 contén información sobre o Proxecto EUFOFINET, o que inclúe un resumo dos obxectivos, temas e resultados do Proxecto. A continuación atópase a Sección 1, que leva o título de “*O ambiente do lume*”. Esta é a primeira de tres seccións temáticas que dividen os capítulos subtemáticos de termos e definicións. A Sección 1 deseñouse para ofrecer aos profesionais os termos e definicións necesarios para desenvolver un coñecemento básico de factores fundamentais que inflúen no comportamento do lume e no desenvolvemento dentro da contorna dun incendio forestal. A sección comprende catro capítulos: *Capítulo 3 – Comportamento do lume*; *Capítulo 4 – Combustible*; *Capítulo 5 – Topografía*; e, *Capítulo 6 – Condicións meteorolóxicas*.

Tralo capítulo 6 está a Sección 2. Esta sección contén seis capítulos dedicados ao tema das “*Operacións para a extinción do lume*”. Esta sección foi deseñada e elaborada para ofrecer a terminoloxía esencial para que os profesionais coñezan e comprendan para poder traballaren con seguridade e eficiencia dentro dun equipo de extinción nunha situación de incendio forestal. Os membros de EUFOFINET suxiren que é de suma importancia o coñecemento e comprensión das Seccións 1 e 2 para manter a seguridade e a

eficiencia dos equipos de extinción, especialmente cando os equipos están formados por persoal de distintos países. A Sección 2 inclúe os seguintes capítulos: *Capítulo 7 – Seguridade; Capítulo 8 – Comando de incidentes; Capítulo 9 – Táctica; Capítulo 10 – Cartografía e lectura de mapas; Capítulo 11 – Equipamento; e, Capítulo 12 – Operacións aéreas.*

Por último, a Sección 3 trata os distintos tipos de traballos que se fan antes e despois de que teñan lugar os incendios. A sección titúlase “Preparación, prevención e recuperación” e consta de tres capítulos: *Capítulo 13 – Prevención e detección; Capítulo 14 – Investigación de incendios; e, Capítulo 15 – Restauración.*

O glosario remata con dous capítulos dedicados á bibliografía: o primeiro deles ofrece unha lista de libros e informes que foron revisados e consultados durante o proceso de elaboración e cuxa información foi empregada para o produto final; o segundo destes capítulos ofrece unha lista de recursos en liña que se consultaron. Finalmente, inclúese unha lista alfabética de todos os termos ao final do documento, para facer máis doado o seu uso e a remisión duns termos a outros.

### **1.3 Datos de contacto para máis información**

Se desexa obter máis información sobre este documento, por favor póñase en contacto cos seguintes axentes do Northumberland Fire and Rescue Service:

Dr. Robert Stacey, Project Officer  
E-mail: [robert.stacey@northumberland.gcsx.gov.uk](mailto:robert.stacey@northumberland.gcsx.gov.uk)

Paul Hedley, Assistant Chief Fire Officer  
E-mail: [paul.hedley@northumberland.gcsx.gov.uk](mailto:paul.hedley@northumberland.gcsx.gov.uk)

*Dirección postal dos dous axentes:*  
Northumberland Fire and Rescue Service HQ  
West Hartford Business Park, Cramlington  
Northumberland  
NE23 3JP  
UNITED KINGDOM



# Capítulo 2:

# O Proxecto EUFOFINET

## 2.1 Resumo do Proxecto

O Proxecto EUFOFINET (Rede Europea de Incendios Forestais) desenvolveuse como parte do programa INTERREG IVC. O Proxecto levouse a termo durante un período de 26 meses, entre outubro de 2010 e decembro de 2012. Aproximadamente o 75% do orzamento total de 2 millóns de euros foi cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

O obxectivo principal do Proxecto EUFOFINET foi o de mellorar e reforzar os enfoques rexionais e locais con respecto á prevención e a extinción dos incendios por medio da cooperación, colaboración e intercambio de boas prácticas no ámbito europeo.



## 2.2 Cinco temas do Proxecto EUFOFINET

Co fin de acadar a principal finalidade do proxecto, a rede EUFOFINET estruturou o proxecto ao redor de cinco áreas temáticas fundamentais:

- ❖ Estratexias de intervención
  - 1 - Extinción de incendios – técnicas de intervención e tácticas
- ❖ Innovación tecnolóxica
  - 2 - Adestramento con ferramentas de simulación
  - 3 - Estratexias de vixilancia, detección e prevención territoriais
  - 4 – Cartografía dos perigos e riscos de incendio
- ❖ Recuperación de terreos danados polo lume
  - 5 - Técnicas e procedementos

## 2.3 A Rede EUFOFINET

O membro que liderou o Proxecto EUFOFINET foi a Asociación de Municipios de Ática en Grecia (PEDA). A Rede incluíu a:

- A Asociación de Municipios de Ática (PEDA) (Grecia)
- A Rexión da Toscana (Italia)
- Office National des Forêts (Francia)
- ENTENTE pour la Forêt Méditerranéenne (Francia)
- O Centro Nacional dos Bosques (Eslovaquia)
- O Centro de Servicios y Promoción Forestal y de su Industria de Castilla y León (CESEFOR) (España)
- A Rexión do Exeo Setentrional (Grecia)
- A Rexión de Epiro (Grecia)
- A Rexión de Tesalia (Grecia)
- A Academia Galega de Seguridade Pública (España)
- O Servizo de Incendios e Rescate de Frederikssund-Halsnæs (Dinamarca)
- O Instituto de Investigacións Forestais (Polonia)
- O Northumberland Fire and Rescue Service (Reino Unido)

A participación dunha serie de membros do norte de Europa reflicte a crecente preocupación sobre os incendios forestais do continente no seu conxunto, así como a recoñecida necesidade de que os profesionais que traballan e todas as rexións de Europa compartan boas prácticas e colaboren por riba das fronteiras nacionais.

## 2.4 Actividades e resultados acadados durante o Proxecto

Durante o desenvolvemento do Proxecto EUFOFINET organizáronse unha serie de actividades e acadáronse unha serie de resultados.

- Organización de oito Obradoiros Técnicos:
  - “*Restauración de terreos queimados por incendios forestais*” en Valabre (Francia), do 16 ao 20 de maio de 2011
  - “*Prevención de incendios forestais*” en Frederikssund-Halsnæs (Dinamarca), do 19 ao 23 de setembro de 2011
  - “*Formación e simulación*” en Valabre (Francia), do 1 ao 5 de novembro de 2011
  - “*Planificación de accións*” en Atenas (Grecia), do 17 ao 19 de xaneiro de 2012
  - “*Cartografía de riscos e perigos*” en León (España), do 20 ao 24 de febreiro de 2012
  - “*Tácticas de extinción de incendios forestais*” en Northumberland (Reino Unido), do 19 ao 23 de marzo de 2012
  - “*Detección de incendios forestais*” en Zvolen (República Eslovaca), do 20 ao 25 de maio de 2012
  - “*Planificación de accións*” en Florencia (Italia), do 1 ao 5 de outubro de 2012.
- Organización de nove reunións do Comité Directivo
- Elaboración e publicación do “*Glosario europeo de incendios forestais*”.
- Publicación de dous boletíns informativos sobre o Proxecto.
- Publicación de diversos artigos técnicos e comunicados de prensa nos que se detallan as actividades do Proxecto.
- Organización do obradoiro de intercambio entre profesionais sobre “*Formación para o comando de incendios forestais*”, a cargo de ENTENTE en Valabre (Francia), do 9 ao 14 de setembro de 2012.
- Organización do obradoiro de intercambio entre profesionais sobre “*Formación sobre incendios forestais*”, a cargo da AGASP en Pontevedra, Galicia (España), o 27 e 28 de setembro de 2012.
- Organización do obradoiro de intercambio entre profesionais sobre “*Formación sobre incendios forestais*”, a cargo da Rexión da Toscana en outubro de 2012.
- Publicación de cinco guías técnicas (unha por cada unha das áreas temáticas do Proxecto) nas que se documentan as mellores prácticas intercambiadas durante o Proxecto.
- Organización dunha conferencia final do Proxecto para os axentes do ámbito dos incendios forestais en Europa, que tivo lugar no Comité das Rexións en Bruxelas (Bélxica) o 12 de novembro de 2012.

## 2.5 Resultados finais do Proxecto

En resumo, os principais resultados finais do Proxecto EUFOFINET son:

- O intercambio de modelos de boas prácticas entre os participantes no Proxecto;
- A actualización e mellora da matriz de boas prácticas creada polo Proxecto “INCENDI”, unha Operación de Marco Rexional cofinanciada por INTERREG IIIC;
- A identificación e fomento de procedementos de intervención comúns nos incendios forestais;
- A creación dunha rede institucional rexional para os incendios forestais;
- A produción dun Plan de Acción operativo por parte de cada un dos membros, no que documentan a implantación planificada dunha ou máis boas prácticas;
- A produción colaborativa dun “*Glosario europeo de incendios forestais*” e, como consecuencia, o establecemento dunha plataforma para desenvolver unha linguaxe e un entendemento comúns entre os profesionais dos incendios forestais en Europa.

Actualmente os membros de EUFOFINET están explorando formas para unha maior colaboración no futuro. En concreto, algúns membros están axudándose os uns aos outros para implantar Plans de Acción individuais, e outros tamén están desenvolvendo novos proxectos colaborativos sobre temas relacionados cos incendios forestais.

# Sección 1: O ambiente do lume



© Forest Research Institute (Poland)

**Inclúe os seguintes capítulos:**

**3. Comportamento do lume**

**4. Combustible**

**5. Topografía**

**7. Condicións meteorolóxicas**

# Capítulo 3 – Comportamento do lume

***Comportamento do lume: “Reacción do lume ás influencias do combustible, das condicións atmosféricas e da topografía”.***



© Office National des Forêts

# 3. Comportamento do lume

No.	English	English Definition	Definición en galego	Termo en galego
1.	<b>Accelerant</b>	Material used to initiate or increase the spread of a fire. This will often be a flammable liquid.	Material empregado para iniciar ou aumentar a propagación do lume. Adoita tratarse dun líquido inflamable.	Acelerante
2.	<b>Advancing fire</b>	This is fire progression associated with the head (front) of the fire. Fire behaviour in this area is usually characterized by more intense burning, increased flame height and length and more rapid rates of spread. It will usually occur when a fire burns with the support of one or more forces of alignment (for instance, wind or slope).	Progresión do lume que se asocia coa cabeza (fronte) do lume. O comportamento do lume nesta área adoita estar caracterizada por un queimado máis intenso, unha maior altura das chamas e uns índices máis altos de propagación. Isto acontecerá a miúdo cando o lume arde coa axuda dunha ou máis forzas de aliñación (por exemplo, o vento ou a pendente).	Lume frontal
3.	<b>Area of origin</b>	General geographical location within a fire scene where the point of ignition is believed to be located.	Localización xeográfica xeral dentro dunha escena de lume onde se cre que se atopa o punto de ignición.	Zona de orixe
4.	<b>Aspect</b>	The direction a slope faces in relation to the sun or the alignment or nonalignment of the landscape to solar radiation.	A dirección cara a que está unha pendente en relación co sol, ou a aliñación ou non aliñación da paisaxe respecto da radiación solar.	Orientación
5.	<b>Backing fire</b>	A lower intensity fire or part of a fire which burns against the wind and/or down slope.	Lume de menor intensidade ou a parte dun lume que arde contra o vento e/ou cara abaixo por unha pendente.	Lume en contra do vento
6.	<b>Barrier</b>	Any natural or artificial obstruction to fire spread. This is normally an area devoid of fuel which is large enough in size to prevent a fire passing through or over it.	Calquera obstrución natural ou artificial á propagación do lume. Normalmente trátase dunha área desprovista de combustible que ten un tamaño suficientemente grande como para evitar que o lume lle pase por riba.	Barreira
7.	<b>Breakout</b>	The escape of a fire from an area of containment.	Escape do lume dunha zona de contención.	Devasa desbordada
8.	<b>Build up</b>	a) A sustained increase in fire intensity; or, b) An accumulation of fuel available to burn	a) Aumento sostido da intensidade do lume; ou b) Acumulación de combustible preparado para arder.	Efecto de aceleración
9.	<b>Burn</b>	a) To be on fire. b) An area of fuel consumed or partly consumed by a fire. c) An injury to flesh caused by a cauterizing agent, heat from a fire, or a heated object. d) A managed fire (i.e. an operational burn or prescribed burn)	a) Arder. b) Zona de combustible consumida ou parcialmente consumida polo lume. c) Ferida na pel causada por un axente cauterizante, calor dun lume ou un obxecto quente. d) Un lume controlado (é dicir, un contralume ou unha queima prescrita).	Queimar (a) Queimado (b) Queimadura (c) Queima (c)
10.	<b>Burning conditions</b>	The state of the combined components of the fire environment that influence fire behaviour within available fuels. Burning conditions are usually specified according to the factors of aspect, weather, slope/topography, and fuel type and load.	Estado dos compoñentes do ambiente do lume combinados que inflúen no comportamento deste, dentro dos combustibles dispoñibles. As condicións de queima adoitan especificarse de acordo cos factores de orientación, tempo atmosférico, pendente/topografía, tipo de combustible e carga.	Condicións do incendio
11.	<b>Burn severity</b>	A qualitative assessment of the heat pulse directed toward the ground during a fire. Burn severity relates to soil heating, large fuel and duff consumption, consumption of the litter and organic layer beneath trees and isolated shrubs, and mortality of buried plant parts <sup>4</sup> .	Avaliación cualitativa do pulso de calor dirixido cara o chan durante un incendio. A severidade do lume relaciónase co quecemento do solo, co consumo de grandes combustibles e da manta de descomposición, co consumo de follada e da capa orgánica que está baixo as árbores e os arbustos illados, e coa mortalidade das partes soterradas das plantas.	Severidade do lume
12.	<b>Cause of fire</b>	The sequence of events and actions that brings an ignition source into contact with materials first ignited which leads to sustained combustion <sup>5</sup> . For statistical purposes, causes of fire are usually grouped within a standard classification <sup>6</sup> .	Secuencia de eventos e accións que fai que unha fonte de ignición entre en contacto con materiais que prenden, o que leva a unha combustión sostida. Con fins estatísticos, as causas do lume normalmente agrúpanse nunha clasificación estándar <sup>7</sup> .	Causa do incendio
13.	<b>Clean burn</b>	A fire that consumes all vegetation and litter above the ground exposing the mineral soil.	Lume que consome toda a vexetación e follasca por riba do solo, de xeito que deixa exposto o solo mineral.	Queima limpa / Queima de despexe
14.	<b>Combustibility</b>	Relative ease of fire spread within a fire environment.	Facilidade relativa coa que se propaga o lume nun ambiente de lume.	Combustibilidade

<sup>4</sup> Source/Fonte: National Wildfire Coordinating Group (2008) Glossary of Wildland Fire Terminology (National Wildfire Coordinating Group, Boise), p.39.

<sup>5</sup> Source/Fonte: Paul Steensland, Paul Steensland and Associates LLC (USA).and Richard Woods, Australian Capital Territory Rural Fire Service (Australia).

<sup>6</sup> Classifications vary between countries and sometimes also between States, regions or localities within the same country.

<sup>7</sup> As clasificacións varían entre os distintos países, e ás veces tamén entre rexións, estados ou localidades dentro do mesmo país.

15.	<b>Combustion</b>	The rapid oxidation of fuel in which heat and usually flame are produced.	Oxidación rápida do combustible na que se producen a calor e normalmente a chama.	Combustión
16.	<b>Combustion efficiency</b>	A measure of the efficiency with which a fire consumes fuel <sup>8</sup> .	Medida da eficiencia coa que un lume consome o combustible <sup>9</sup> .	Eficiencia da combustión
17.	<b>Compactness</b>	The density of fuel particles. Compactness can influence ignition and fire behaviour.	Densidade das partículas dun combustible. A compactación pode influír na ignición e no comportamento do lume.	Compactación
18.	<b>Condition of Vegetation</b>	Stage of growth or degree of flammability of vegetation that forms part of a fuel complex. This will be dependent upon time of year, amount of curing and weather conditions.	Etapa de crecemento ou grado de inflamabilidade da vexetación que forma parte dun conxunto de combustibles. Dependerá do momento do ano, da cantidade de chamuscado e das condicións meteorolóxicas.	Estado da vexetación
19.	<b>Conduction</b>	The transfer of thermal energy by direct contact.	Transmisión de enerxía térmica por contacto directo.	Condución
20.	<b>Convection</b>	The transfer of heat by the movement of a gas or liquid. In meteorology, convection is the predominantly vertical movement of warmed air.	Transmisión de calor polo movemento dun gas ou dun líquido. En meteoroloxía, a convección é o movemento principalmente vertical do aire quente.	Convección
21.	<b>Convection column</b>	A rising column of pre-heated smoke, ash, particles and other debris produced by a fire.	Columna ascendente de gases, fume, cinza, partículas e outros refugalloos prequentados producidos polo lume.	Columna convectiva
22.	<b>Convection-driven fire</b>	A fire that is spread predominantly by the intensity of the convection column.	Lume que se propaga principalmente pola intensidade da columna convectiva.	Incendio propagado por convección
23.	<b>Cool fire</b>	A low intensity fire or part of a fire.	Lume ou parte dun lume de baixa intensidade.	Lume frío
24.	<b>Creeping fire</b>	A slow burning fire with low flame activity. This type of fire may occur due to the condition of vegetation, fuel type or because a fire is burning out of alignment.	Incendio que arde lentamente, cunha chama baixa. Este tipo de lume pode darse debido ao estado da vexetación, ao tipo de combustible ou porque o lume está a arder sen aliñación.	Incendio pouco violento
25.	<b>Critical point</b>	This is a point in time or space when/where there will be a significant influence on fire spread, rate of spread and/or fire intensity.	Punto no tempo ou no espazo no que se dá unha influencia significativa na propagación do lume, na velocidade de propagación e/ou na intensidade do lume.	Punto crítico
26.	<b>Crown Fire/Crowning</b>	When a fire burns freely in the upper foliage of trees and shrubs. There are three different types of crown fires: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Active Crown Fire</b> – A fire that advances as a wall of flame engulfing all surface and aerial fuels.</li> <li>• <b>Independent Crown Fire</b> - A fire that advances through aerial fuels only.</li> <li>• <b>Intermittent Crown Fire</b> - A surface fire involving torching behavior but without sustained crowning activity. Rate of spread is controlled by the surface fire.</li> </ul>	Lume que ascende sen control ás copas das árbores e dos arbustos. Hai tres tipos distintos de lumes de copas: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Lume de copas activo</b> – Lume que avanza como unha parede que engule todos os combustibles superficiais e aéreos.</li> <li>• <b>Lume de copas independente</b> - Lume que avanza só polos combustibles aéreos.</li> <li>• <b>Lume de copas intermitente</b> - Lume de superficie con fachos pero sen coroamento continuo. A velocidade de propagación é controlada polo lume de superficie.</li> </ul>	Lume de copas / Coroamento
27.	<b>Curing</b>	A process that leads to the reduction in moisture content of dead vegetation <sup>10</sup> . This usually causes the vegetation to turn brown in appearance.	Proceso que leva á redución do contido húmido da vexetación morta <sup>11</sup> . Normalmente fai que a vexetación adopte unha cor marrón.	Chamuscar
28.	<b>Deep-seated fire</b>	An established ground fire burning 0.5 metres or more below the surface. This type of ground fire is particularly challenging to extinguish.	Incendio do subsolo que arde 0,5 ou máis metros por baixo da superficie. Este tipo de lume é particularmente difícil de extinguir.	Lume subterráneo
29.	<b>Depth of burn</b>	The vertical reduction in surface and ground fuels due to consumption by fire.	Redución vertical dos combustibles da superficie e do subsolo debido ao consumo do lume.	Profundidade de queima
30.	<b>Extinction</b>	The ceasing of the combustion process, either naturally or as a result of suppression activities.	Cesar o proceso de combustión, ben naturalmente ou como resultado de actividades de extinción.	Extinción
31.	<b>Extreme fire behaviour</b>	Fire behaviour that becomes erratic or difficult to predict due to its rate of spread and/or flame length. This type of fire behaviour often influences its environment.	Comportamento do lume que se volve errático ou difícil de predicir debido á súa velocidade de propagación e/ou lonxitude de chama. Este tipo de comportamento do lume adoita influír no seu ambiente.	Comportamento extremo do lume
32.	<b>Fingers of fire</b>	An elongated burned area projecting from the main body of the fire resulting in an irregular fire perimeter. The pattern on the ground may resemble fingers on a hand, hence the name <sup>12</sup> .	Unha área queimada de forma alargada que se proxecta fóra do corpo principal do incendio, que produce un perímetro de incendio irregular. A forma no solo pode semellar a dos dedos dunha man, de aí o nome.	Dedos dun incendio

<sup>8</sup> The smouldering phase of combustion is less efficient at consuming fuel and producing carbon dioxide and water than the flaming phase. As a result, a smouldering fire will emit more smoke particles than a flaming fire.

<sup>9</sup> A fase incandescente da combustión é menos eficiente consumindo combustible e producindo dióxido de carbono e auga cá fase de chamas. Por conseguinte, un lume en incandescencia emitirá máis partículas de fume ca un lume con chamas.

<sup>10</sup> Including dead parts of living vegetation.

<sup>11</sup> Incluindo as partes mortas da vexetación viva.

<sup>12</sup> This term should not be confused with the term “fingers of fire ignition”, which is defined within this glossary as “a low intensity back burn which is achieved by lighting lines of at right angles to a control line and parallel to the wind”.

33.	<b>Fire</b>	Fire is the product of the chemical reaction of combustion. The three factors of fuel, oxygen and heat must all be present in the correct proportions for combustion to occur. When the combustion process is initiated, heat and light are emitted and a fire occurs.	O lume é o produto da reacción química da combustión. Os tres factores de combustible, oxíxeno e calor deben estar presentes nas proporcións adecuadas para que aconteza a combustión. Cando se inicia o proceso de combustión, emítese calor e luz e créase o lume.	Lume
34.	<b>Fire activity</b>	Description of a fire based on an assessment of visible evidence, including the speed of the fire, flame length, flame height, fire severity, and fire behaviour.	Descrición do lume baseada na avaliación de datos visibles, o que inclúe a velocidade do lume, a lonxitude da chama, a altura da chama, a severidade da queima e o comportamento do lume.	Actividade do lume
35.	<b>Fire analysis</b>	The process of reviewing the behaviour and effects of a specific fire or group of fires and/or the actions that have been taken or which might be needed to suppress it/them.	Proceso de revisión do comportamento e efectos dun incendio en concreto ou dun conxunto de incendios e/ou as accións tomadas ou que poderían precisarse para extinguilos.	Análise dun incendio
36.	<b>Fire behaviour</b>	The reaction of a fire to the influences of fuel, weather, and topography. Different types of fire behaviour include: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Smouldering fire</b> - A fire burning without flame and with minimal rate of spread.</li> <li>• <b>Creeping fire</b> - A fire with a low rate of spread and generally with a low flame length.</li> <li>• <b>Running fire</b> - A fire with a high rate of spread.</li> <li>• <b>Torching</b> - A fire that burns from the ground through the surface and aerial fuels and into the crown of a single tree or small parcel of trees.</li> <li>• <b>Spotting</b> - fire behaviour where sparks and hot burning embers are transported by the wind or convection column to land beyond the fire perimeter resulting in spot fires.</li> <li>• <b>Crowning</b> – When a fire burns freely in the upper foliage of trees and shrubs.</li> </ul>	Reacción do lume ás influencias do combustible, das condicións atmosféricas e da topografía. Os diferentes tipos de comportamento do lume inclúen: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Lume latente</b> - Lume que arde sen chama e que se propaga cunha velocidade mínima.</li> <li>• <b>Incendio pouco violento</b> - Lume que se propaga lentamente, xeralmente cunha chama baixa.</li> <li>• <b>Lume corrido</b> - Lume que se propaga rapidamente.</li> <li>• <b>Facho</b> - Lume que arde desde o solo a través dos combustibles superficiais e aéreos ata a copa dunha soa árbore ou dun grupo pequeno de árbores.</li> <li>• <b>Focos secundarios</b> - Comportamento do lume que produce chispas e charetas ardentes que son transportadas polo vento ou por unha columna convectiva e que producen lumes secundarios alén do perímetro do incendio.</li> <li>• <b>Coroamento</b> – Cando o lume arde libremente pola parte superior da follaxe das árbores e arbustos.</li> </ul>	Comportamento do lume
37.	<b>Fire behavior forecast</b>	A prediction of probable fire behaviour to be used to inform fire suppression operations.	Prognóstico do comportamento probable do lume para proporcionar información ás operacións de extinción de lume.	Predición do comportamento do lume
38.	<b>Firebrand</b>	Particles of ignited fuels that are carried by the wind or the air currents of a convection column.	Partículas dos combustibles en ignición que son transportadas polo vento ou polas correntes de aire das columnas convectivas.	Material en combustión
39.	<b>Firebreak</b>	An area on the landscape where there is a discontinuity in fuel which will reduce the likelihood of combustion or reduce the likely rate of fire spread.	Área da paisaxe na que se dá unha discontinuidade de combustibles, o que reduce a probabilidade de combustión ou de que se propague o lume.	Devasa
40.	<b>Fire concentration</b>	The number of fires per unit area during a specified time period.	Número de incendios por unidade de superficie durante un período de tempo concreto.	Densidade do lume / Concentración do lume
41.	<b>Fire damage</b>	The loss that is caused by the fire. This loss will normally include financial costs, but will also include other direct and indirect costs to the environment and society.	Perdas causadas polo lume. Estas perdas normalmente inclúen perdas económicas, pero tamén outros custos directos ou indirectos no medio ambiente e na sociedade.	Danos por incendios
42.	<b>Fire danger</b>	A general term used to express an assessment of both fixed and variable factors of the fire environment that determine the ease of ignition, rate of spread, difficulty of control, and impact. Fire danger is often expressed as an index <sup>13</sup> .	Termo xeral empregado para expresar unha avaliación tanto dos factores fixos coma variables do ambiente de incendio que determinan a facilidade de ignición, o ritmo de propagación, a dificultade de control e o impacto do lume. Adoita expresarse en forma de índice.	Perigo de incendios
43.	<b>Fire danger index</b>	A quantitative indicator of fire danger, expressed either in a relative sense or as an absolute measure. Fire danger indexes are often used to guide fire management activities.	Indicador cuantitativo do perigo de incendios, expresado ben en termos relativos ou como unha medida absoluta. Os índices de perigo adoitan empregarse para guiar as actividades de manexo do lume.	Índice de perigo de incendios
44.	<b>Fire dynamics</b>	The detailed study of how chemistry, fire science, and the engineering disciplines of fluid mechanics and heat transfer interact to influence fire behaviour <sup>14</sup> .	Estudo detallado de como a química, as ciencias do lume e as disciplinas da enxeñería que estudan a mecánica de fluídos e a transferencia de calor interactúan e inflúen no comportamento do	Dinámica do lume

<sup>13</sup> Source/Fonte: Global Fire Monitoring Center (2010) International Multi-Lingual Fire Management Terminology (Global Fire Monitoring Center, Freiburg), p.121.



			lume.	
45.	<b>Fire ecology</b>	The study of the relationships and interactions between fire, living organisms and the environment.	Estudo das relacións e interaccións entre o lume, os organismos vivos e o medio ambiente.	Ecoloxía do lume
46.	<b>Fire edge</b>	Any section of the fire perimeter.	Calquera segmento do perímetro do incendio.	Bordo do incendio
47.	<b>Fire effects</b>	The physical, biological, and ecological impacts of fire on the environment <sup>15</sup> .	Impacto físico, biolóxico e ecolóxico do lume no medio ambiente.	Efectos do lume
48.	<b>Fire environment</b>	The surrounding conditions, influences, and modifying forces of topography, fuel, and weather that determine fire behaviour, fire effects and impact.	As condicións circundantes, influencias e forzas que modifican a topografía, o combustible e as condicións meteorolóxicas que determinan o comportamento, os efectos e o impacto do lume.	Ambiente do lume
49.	<b>Fire footprint</b>	The resulting impression created by a fire burning within an area of fuel.	A pisada que é resultado dun lume nunha determinada área de combustible.	Pegada do lume
50.	<b>Fire front</b>	Any part of the fire perimeter that displays continuous flaming combustion.	Calquera parte do perímetro do incendio na que se dá unha combustión continua e chameante.	Fronte do incendio
51.	<b>Fire growth</b>	The evolution of a fire from ignition to self-sustaining propagation and its movement through available fuels.	A evolución dun incendio desde a ignición ata a propagación autónoma e o movemento a través dos combustibles dispoñibles.	Evolución do incendio
52.	<b>Fire hazard</b>	Any situation, process, material or condition that can cause a wildfire or that can provide a ready fuel supply to augment the spread or intensity of a wildfire, all of which pose a threat to life, property or the environment <sup>16</sup> .	Calquera situación, proceso, material ou condición que pode causar un incendio ou que pode engadir combustible para aumentar a intensidade dun incendio, ou supoñer unha ameaza para a vida, os bens materiais ou o medio ambiente.	Perigosidade do combustible
53.	<b>Fire history</b>	The reconstruction and interpretation of the chronology of wildfire occurrence and the causes and impacts of wildfires within a specified area.	Reconstrución e interpretación da cronoloxía de incendios ocorridos e das causas e impacto destes nunha área determinada.	Historial de incendios
54.	<b>Fire intensity</b>	The rate at which a fire releases energy in the form of heat at a given location and at a specific point in time, expressed as kilowatts per metre (kW/m) or kilojoules per meter per second (kJ/m/s).	Ritmo ao que un lume irradia enerxía en forma de calor nun lugar determinado e nun momento concreto, expresado en kilowatts por metro (kW/m) ou kilojoules por metro por segundo (kJ/m/s).	Intensidade calórica
55.	<b>Fire model</b>	A computer program which will predict or reconstruct fire behaviour and rate of spread of a fire from a point of ignition or area of origin.	Programa informático que prognostica ou reconstrúe o comportamento dun incendio e a súa velocidade de propagación desde un punto de ignición ou área de orixe.	Modelo de incendio
56.	<b>Fire perimeter</b>	The entire outer boundary of a fire.	O bordo exterior completo dun incendio.	Perímetro do incendio
57.	<b>Fire prediction system</b>	A method or tool used to forecast future behaviour of a fire.	Método ou ferramenta empregados para prognosticar o comportamento dun incendio.	Sistema de predición de incendios
58.	<b>Fire regime</b>	The pattern of fire occurrence, fire frequency, fire seasons, fire size, fire intensity, and fire type that is characteristic of a particular geographical area and/or vegetation type.	Patrón de ocorrencia, frecuencia, temporadas, tamaño, intensidade e tipos de incendios que é característico dunha área concreta e/ou dun tipo de vexetación.	Réxime de incendios
59.	<b>Fire risk</b>	The probability of a wildfire occurring and its potential impact on a particular location at a particular time. Wildfire risk is calculated using the following equation: Fire risk = probability of occurrence x potential impact	Probabilidade de que un incendio teña lugar, e o seu impacto potencial nun determinado lugar e momento. O risco de incendio calcúlase mediante a seguinte ecuación: Risco de incendio = probabilidade de ocorrencia x impacto potencial	Risco de incendio
60.	<b>Fire season</b>	The period or periods within a year when wildfires are likely or most likely to occur.	Período ou períodos do ano nos que os incendios forestais son probables ou máis probables.	Tempada de incendios
61.	<b>Fire spread</b>	The movement of a fire through available fuels arranged across the landscape.	Movement dun incendio a través dos combustibles dispoñibles dispostos na paisaxe.	Propagación do lume
62.	<b>Fire storm</b>	Violent convection caused by a large continuous area of intense fire.	Convección violenta causada por unha zona ampla e continua dun lume intenso.	Tormenta de lume / Nube convectiva de lume
63.	<b>Fire severity</b>	Fire severity can be defined in two ways: <ul style="list-style-type: none"> <li>The degree to which a site has been altered or disrupted by fire<sup>17</sup>.</li> <li>The capacity of a fire to cause damage<sup>18</sup>.</li> </ul> Fire intensity and the amount of time a fire burned within a particular	A severidade do lume pode definirse de dúas maneiras: <ul style="list-style-type: none"> <li>O grao de alteración ou trastorno dun lugar por causa do lume.</li> <li>A capacidade dun lume para causar danos.</li> </ul>	Severidade do lume

<sup>14</sup> Source/Fonte: NFPA (2011) NFPA 921 – Guide for Fire and Explosion Investigations (NFPA, Quincy, Massachusetts), p.14.

<sup>15</sup> Source/Fonte: National Wildfire Coordinating Group (2011) Glossary of Wildland Fire Terminology (National Wildfire Coordinating Group, Boise), p.74.

<sup>16</sup> Amended from the definition provided by/modificación da definición de: NFPA (2011) NFPA 921 – Guide for Fire and Explosion Investigations (NFPA, Quincy, Massachusetts), p.14.

<sup>17</sup> Based on the definition of/baseada na definición de “Fire Severity” within National Wildfire Coordinating Group (2011) Glossary of Wildland Fire Terminology (National Wildfire Coordinating Group, Boise), p.78.

<sup>18</sup> British Standards Institution (2010) BS EN ISO 13943:2010 Fire Safety – Vocabulary (ISO 13943:2008) (Milton Keynes: BSI), 4.130, p.15.

		area, among other possible factors, will influence fire severity.	Entre outros posibles factores, a intensidade do lume e a cantidade de tempo que este estivo ardendo nunha área en concreto influirán na severidade do lume.	
64.	<b>Fire triangle</b>	Diagram which presents the three factors that are necessary for combustion and flame production: FUEL-HEAT-OXYGEN.	Diagrama que presenta os tres factores que son necesarios para a combustión e para que se produza a chama: COMBUSTIBLE-CALOR-OXÍXENO.	Triángulo do lume
65.	<b>Fire types</b>	There are three different schemes for classifying fire type: <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Classification of a fire or section of fire according to the fuel level within which it occurs. For example, aerial, crown, understory, surface and ground fires.</li> <li>2. Classification of a section of fire according to its position along the fire perimeter. For example, head, tail and flank fires.</li> <li>3. Classification of a fire or section of fire according to the visual characteristics it displays. For example, smouldering, creeping, backing, running, torching, spotting, crowning, fire whirl, convection-driven fire, etc.</li> </ol>	Existen tres maneiras diferentes para clasificar os tipos de lume: <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Clasificación dun incendio ou dunha sección del segundo o nivel de combustible no que acontece. Por exemplo, aéreo, de copas, do sotobosque, da superficie ou do subsolo.</li> <li>2. Clasificación dunha sección dun incendio segundo a súa posición no perímetro do lume. Por exemplo, lumes a favor do vento, en contra do vento e de flanco.</li> <li>3. Clasificación dun incendio ou dunha sección dun incendio segundo as características visuais que presenta. Por exemplo, lume latente, lume pouco violento, contralume, lume corrido, lume de fachos, focos secundarios, lume de copas, remuíño de lume, lume propagado por convección, etc.</li> </ol>	Tipoloxía de lumes / Tipos de lumes
66.	<b>Fire whirl</b>	Spinning vortex column of ascending hot air and gases rising from a fire and carrying aloft smoke, debris, and flame <sup>19</sup> .	Columna que rota en forma de espiral, composta de aire quente e gases que xorden dun lume e que arrastran cara arriba fume, refugallos e chama.	Remuíño de lume
67.	<b>Fire wind</b>	The inflow of air close to a fire caused by the action of convection <sup>20</sup> . Fire winds influence fire spread.	Entrada de aire preto dun lume, causada pola acción da convección. Os ventos convectivos inflúen na súa propagación.	Vento convectivo
68.	<b>Flame angle</b>	The angle of a flame measured in relation to the ground surface. Flame angle is expressed in degrees.	Ángulo dunha chama medido en relación coa superficie do solo. O ángulo de chama exprésase en graos.	Ángulo de chama
69.	<b>Flame depth</b>	The distance from the rearmost to the foremost parts of the fire front, usually expressed in metres.	A distancia entre a partes máis dianteira e a máis traseira da fronte do incendio, normalmente expresada en metros.	Profundidade de chama
70.	<b>Flame height</b>	The vertical extension of a flame. Measurement of flame height is calculated perpendicular from ground level to the tip of the flame. Flame height will be less than flame length if flames are tilted due to wind or slope.	Extensión vertical dunha chama. A medida da altura de chama calcúlase perpendicularmente desde o solo ata a punta da chama. A altura da chama será inferior á lonxitude da chama se as chamas están inclinadas debido ao vento ou á pendente.	Altura de chama
71.	<b>Flame length</b>	The total length of a flame measured from its base at ground level to the flame tip. Flame length will be greater than flame height if flames are titled due to wind or slope.	Lonxitude total dunha chama medida desde a súa base ao nivel do solo ata a punta da chama. A lonxitude da chama será maior á altura da chama se as chamas están inclinadas debido ao vento ou á pendente.	Lonxitude de chama
72.	<b>Flammability</b>	Relative ease with which a fuel will ignite and burn with a flame.	Facilidade relativa coa que un combustible prende e arde cunha chama.	Inflamabilidade
73.	<b>Flaming combustion</b>	The production of flames as part of the combustion process.	Produción de chamas como parte do proceso de combustión	Combustión en chama
74.	<b>Flaming front</b>	The area of a moving fire where combustion is primarily flaming. The flaming front normally consists of the fire front and the flaming zone.	Zona dun incendio en movemento na que a combustión se dá principalmente en forma de chamas. A fronte de chamas normalmente consta da fronte do lume e da zona de chamas.	Fronte de chamas
75.	<b>Flaming zone</b>	The flaming zone is located behind the fire front and is primarily characterized by flaming combustion. The flaming zone is where coarser fuels are consumed and where fire behaviour is typically less dynamic and more static. Depending on the fuels present, the fire can burn for a considerable length of time within this zone.	A zona de chamas sitúase detrás da fronte do incendio e caracterízase principalmente pola combustión en chama. A zona de chamas é o lugar no que se consomen os combustibles máis grosos e onde o comportamento do lume adoita ser menos dinámico e máis estático. Dependendo dos combustibles, o lume pode arder durante un tempo considerable dentro desta zona.	Zona de chamas
76.	<b>Flame risk</b>	An assessment of risk to fire suppression personnel which is calculated using flame length.	Avaliación do risco que corre o persoal de extinción de incendios, que se calcula empregando a lonxitude de chama.	Risco das chamas
77.	<b>Flank fire</b>	A fire spreading or predicted to spread parallel (approximately at a right angle) to the prevailing wind direction or a slope <sup>21</sup> .	Un lume que se propaga ou que se prognostica que se propagará en paralelo (máis ou menos en ángulo recto) á dirección dominante	Lume de flancos

<sup>19</sup> Source/Fonte: National Wildfire Coordinating Group (2011) Glossary of Wildland Fire Terminology (National Wildfire Coordinating Group, Boise), p.80.

<sup>20</sup> Source/Fonte: Australasian Fire and Emergency Service Authorities Council (2009) Wildfire Glossary (Australasian Fire and Emergency Service Authorities Council, Melbourne), p.13.

			do vento ou pendente.	
78.	<b>Flanks</b>	The parts of a fire's perimeter that are roughly parallel to the main direction of fire spread <sup>22</sup> . The flanks usually have less fire intensity than the head fire because they have a weaker alignment with wind or slope.	Partes do perímetro dun incendio que están máis ou menos en paralelo coa dirección de propagación do lume. Os flancos adoitan ter menos intensidade que a cabeza do incendio porque teñen unha alíñación máis débil co vento e a pendente.	Flancos
79.	<b>Flare up</b>	A short and sudden increase in fire activity.	Aumento curto e repentino da actividade do lume.	Labarada
80.	<b>Flashing</b>	Rapid ignition of unburned gases released into the atmosphere as a result of heat generated by a wildfire. Normally observed during high intensity fires.	Ignición rápida de gases non queimados que se solta á atmosfera como resultado da calor xerada por un incendio forestal. Isto adoita acontecer durante incendios de moita intensidade.	Inflamación de gases
81.	<b>Forces of alignment</b>	A collective term for the forces that have a significant impact on wildfire behaviour. These forces can support or hinder fire development and can be used to predict likely fire behaviour, including fire spread and fire intensity. Wind, slope and aspect are considered to be key forces of alignment.	Termo colectivo para as forzas que teñen un impacto significativo no comportamento dun incendio. Estas forzas poden apoiar ou dificultar o desenvolvemento do incendio e poden usarse para predicir o comportamento máis probable do lume, incluíndo a súa propagación e intensidade. O vento, a pendente e a orientación considéranse forzas de alíñación claves.	Forzas de alíñación
82.	<b>Fuel</b>	Any material that can support combustion within a wildfire environment. Fuel is usually measured in tonnes per hectare.	Calquera material que pode entrar en combustión nun ambiente de lume. Normalmente o combustible mídese en toneladas por hectárea.	Combustible
83.	<b>Fuel-driven fire</b>	A fire or part of a fire that is spread predominantly by the arrangement, condition, and/or other characteristics of the fuel within which it is burning. This situation occurs in the absence of a significant effect from the forces of alignment, such as wind, slope and aspect. Fuel-driven fires can produce erratic fire behaviour.	Lume ou parte dun lume que se propaga principalmente pola disposición, estado e/ou outras características do combustible no que está a arder. Isto acontece cando non existen efectos significativos de forzas de alíñación, como o vento, a pendente ou a orientación. Estes lumes poden producir un comportamento do lume errático.	Incendio propagado polo combustible
84.	<b>Glowing combustion</b>	Low intensity combustion, when there is little or no flame and little or no fire spread. Glowing combustion will usually occur shortly before extinction, during the final stages of a fire.	Combustión de baixa intensidade, na que hai pouca ou ningunha chama e non hai propagación do lume. Adoita darse pouco antes da extinción, nas últimas fases dun incendio.	Combustión en incandescencia
85.	<b>Ground fire</b>	A fire burning below the surface fuel layer.	Lume que arde por debaixo da capa de combustible da superficie.	Lume de subsolo
86.	<b>Head fire</b>	The leading part of an advancing wildfire at a particular point in time. The head fire will usually exhibit the highest level of fire activity of any part of the fire.	Parte primeira dun incendio que avanza nun determinado momento. Este lume adoita mostrar o máis alto nivel de actividade de todas as partes do incendio.	Lume a favor do vento
87.	<b>Heat transfer</b>	The process by which heat is imparted from one body or object to another. In wildfires and forest fires, heat energy is transmitted from burning to unburned fuels by: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Convection</b> – Transfer of heat by the movement of masses of hot air; the natural direction is upwards in the absence of any appreciable wind speed and/or slope. Convection can include spotting behaviour.</li> <li>• <b>Radiation</b> – Transfer of heat in straight lines from warm surfaces to cooler surroundings.</li> <li>• <b>Conduction</b> – Transfer of heat through solid matter<sup>23</sup>.</li> </ul>	Proceso polo que a calor se difunde dun corpo a outro. Nos incendios forestais, a enerxía da calor tramítase dos combustibles que arden aos que aínda non arden mediante: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Convección</b> – Transmisión de calor polo movemento de masas de aire quente; a dirección natural é cara arriba cando non hai unha presenza considerable de velocidade do vento e/ou pendente. A convección pode producir focos secundarios.</li> <li>• <b>Radiación</b> – Transmisión de calor en liñas rectas desde as superficies quentes aos arredores máis fríos.</li> <li>• <b>Conducción</b> – Transmisión de calor a través da materia sólida.</li> </ul>	Transmisión de calor
88.	<b>Hot fire</b>	A high intensity fire or part of a fire.	Incendio ou parte dun incendio de alta intensidade.	Lume forte
89.	<b>Hot spot</b>	A small burning area within a fire perimeter which requires suppression action as part of the mop-up phase of suppression.	Área de queima pequena dentro do perímetro dun lume que require accións de extinción como parte da fase de extinción de brasas.	Punto quente
90.	<b>Ignition</b>	The initiation of combustion.	Inicio da combustión.	Ignición
91.	<b>Ignition method</b>	The means by which a fire is ignited.	Medios polos que prende un lume.	Método de ignición
92.	<b>Ignition temperature</b>	The minimum temperature at which ignition can take place and sustained combustion can occur <sup>24</sup> .	Temperatura mínima á que pode producirse a ignición e comezar a combustión continua.	Temperatura de ignición
93.	<b>Islands</b>	Areas of unburned fuel within the fire perimeter.	Áreas de combustibles que non arderon dentro do perímetro do	Illa

<sup>21</sup> Source/Fonte: Global Fire Monitoring Center (2010) International Multi-Lingual Fire Management Terminology (Global Fire Monitoring Center, Freiburg), p.153.

<sup>22</sup> Source/Fonte: National Wildfire Coordinating Group (2011) Glossary of Wildland Fire Terminology (National Wildfire Coordinating Group, Boise), p.84.

<sup>23</sup> Source/Fonte: Global Fire Monitoring Center (2010) International Multi-Lingual Fire Management Terminology (Global Fire Monitoring Center, Freiburg), p.188.

<sup>24</sup> Source/Fonte: Global Fire Monitoring Center (2010) International Multi-Lingual Fire Management Terminology (Global Fire Monitoring Center, Freiburg), p.203.

			incendio.	
94.	<b>Junction zone</b>	The area where two separate fires move together. The junction zone is usually characterised by increased fire activity.	Área na que dous lumes independentes avanza xuntos. Esta zona adoita caracterizarse polo aumento da actividade do lume.	Zona de unión
95.	<b>Junction zone effect</b>	This is the term used to describe the increased fire activity that occurs when two separate fires move together.	Este termo describe o aumento na actividade do lume que ten lugar cando dous lumes independentes se moven xuntos.	Efecto de zona de unión
96.	<b>Lateral confinement</b>	Restriction of fire spread caused by topographical features. When wildfires are confined by topographical features such as gullies, ravines, or narrow valleys, convective heating by confined gases and radiation feedback from flames and burning vegetation increases the heat release rate of the burning fuels. Rapid fire spread is also enhanced by the acceleration and channelling of wind through these topographical features. These factors may result in a more rapid combustion and spread than that of an unconfined vegetation fire <sup>25</sup> .	Limitación da propagación do lume causada por elementos topográficos. Cando os incendios forestais son contidos por elementos topográficos como os cavorcos, precipicios ou vales estreitos, o quecemento convectivo dos gases contidos e a radiación das chamas e da vexetación queimada aumenta a liberación de calor dos combustibles que están a arder. A propagación rápida do lume tamén aumenta pola aceleración e a canalización do vento a través destes elementos topográficos. Estes factores poden ter como resultado unha combustión e unha propagación máis rápida cá de un incendio de vexetación non contida.	Contención lateral
97.	<b>Mega fire</b>	A wildfire demonstrating abnormally extreme fire behaviour. Mega fires will usually represent a significant challenge to suppression agencies because they are very resource intensive to suppress and can pose a significant risk to the safety of suppression personnel.	Incendio forestal que mostra un comportamento do lume anormalmente extremo. Estes lumes adoitan presentar un desafío considerable para os axentes de extinción, xa que precisan unha gran cantidade de recursos e poden supoñer un perigo importante para a seguridade do persoal de extinción.	Megaincendio
98.	<b>Point of ignition</b>	The precise physical location where the source of ignition came into contact with materials first ignited.	O lugar físico preciso onde a fonte de ignición entrou en contacto cos primeiros materiais que prenderon.	Punto de ignición
99.	<b>Preheating</b>	Preliminary phase of combustion where fuels ahead of an advancing fire are heated and dried. Fuel temperatures can be raised either by the advancing fire and/or by weather (i.e. solar radiation, aspect).	Fase preliminar da combustión na que os combustibles que se atopan diante dun lume que avanza quecen e secan. A temperatura dos combustibles pode subir ben polo lume que avanza e/ou polas condicións meteorolóxicas (é dicir, pola radiación solar, orientación).	Prequecemento
100.	<b>Rate of spread</b>	A measurement of the speed at which a fire moves across a landscape. Rate of spread is usually expressed in metres per hour.	Medida da velocidade á que un incendio se estende por unha paisaxe. A velocidade de propagación adoita expresarse en metros por hora.	Velocidade de propagación
101.	<b>Running fire</b>	A fire that is rapidly spreading with a well-defined head.	Lume que se propaga rapidamente e que consta dunha cabeza ben definida.	Lume corrido
102.	<b>Sleeper fire</b>	A fire that remains dormant for a period of time.	Lume que permanece inactivo durante un período de tempo.	Incendio reproducido / Incendio rebrotado
103.	<b>Slope-driven fire</b>	A fire or part of a fire that is spread predominantly by the direction and angle of a slope.	Incendio ou parte dun incendio que se propaga principalmente pola dirección e polo ángulo dunha pendente	Incendio propagado pola pendente
104.	<b>Slope effect</b>	Variations in fire behaviour induced by slope. Slope can both support and hinder fire spread and development and the angle of the slope will have an important influence on the degree of effect. The following descriptions explain the general slope effect that would be expected from a fire spreading upslope and a fire spreading down slope: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Fires spreading upslope</b> –The flames of a fire spreading upslope will be angled towards the unburned fuel above it which will pre-heat the fuel in front of the advancing fire. This pre-heating increases combustibility and rate of spread for fires travelling upslope.</li> <li>• <b>Fires spreading down slope</b> - The flames of fires burning down slope will be angled away from the fuel and will, therefore, lead to less preheating of the fuel in front of the fire. Consequently, the effect of slope on a fire burning down slope is a reduction in combustibility and rate of spread.</li> </ul>	Variación no comportamento do lume inducida por unha pendente. Unha pendente pode apoiar ou dificultar a propagación do lume e a pendente terá unha importante influencia nos efectos do lume. As seguintes descrições explican o efecto de pendente xeral que se esperaría dun lume que se propaga cara arriba ou cara abaixo por unha pendente: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Lumes que se propagan pendente arriba</b> – As chamas deste tipo de lume orientaranse cara os combustibles que aínda non arderon por riba del, o que prequecerá o combustible que se atopa diante do lume frontal. Este prequecemento aumenta a combustibilidade e a velocidade de propagación nos lumes que se desprazan cara arriba.</li> <li>• <b>Lumes que se propagan pendente abaixo</b> – As chamas deste tipo de lume orientaranse en sentido contrario ao combustible e, pólo tanto, causarán menos prequecemento do combustible que se atopa por diante do incendio. Como consecuencia, o efecto de pendente dun incendio que se propaga pendente abaixo é a redución da combustibilidade e da velocidade de propagación.</li> </ul>	Efecto de pendente

<sup>25</sup> Based on the definition provided in/Baseada na definición de NFPA (2011) NFPA 921 – Guide for Fire and Explosion Investigations (NFPA, Quincy, Massachusetts), p.262.

105.	<b>Smouldering combustion</b>	Low intensity combustion with no flame and little or no fire spread.	Combustión de baixa intensidade sen chama e con pouca ou ningunha propagación do lume.	Combustión sen chama / Combustión en incandescencia
106.	<b>Smouldering fire</b>	A fire burning without flame and barely spreading.	Lume que arde sen chama e que case non se propaga.	Lume latente / Lume durmido
107.	<b>Spark</b>	An ignited particle thrown from burning material.	Partícula incandescente lanzada por un material que arde.	Chispa
108.	<b>Spot Fire</b>	A fire outside the main fire perimeter which is caused by flying embers transported by the wind or convection column.	Lume no exterior do perímetro do incendio principal, provocado polas charetas que transporta o vento ou a columna convectiva.	Foco secundario
109.	<b>Spotting</b>	Fire behaviour characterised by sparks and embers that are transported through the air by the wind or convection column. Spotting can be classified as short range or long range.	Comportamento do lume que se caracteriza pola produción de chispas e brasas que son transportadas no aire polo vento ou pola columna convectiva. A produción de focos secundarios pode clasificarse en de curto alcance ou de longo alcance.	Produción de focos secundarios
110.	<b>Surface fire</b>	A fire that burns within the surface fuel layer.	Lume que arde na capa de combustible da superficie.	Lume de superficie
111.	<b>Tail fire<sup>26</sup></b>	The rear most part of a wildfire/forest fire, it is normally out of alignment with wind and slope, and consequently will usually demonstrate less fire activity than the head fire because it usually has less support from wind or slope.	Parte posterior dun incendio forestal, que normalmente se atopa fóra da aliñación co vento e coa pendente e, consecuentemente, adoita presentar menos actividade cá cabeza do lume porque adoita estar menos apoiada polo vento ou a pendente.	Cola do incendio
112.	<b>Topographical wind</b>	When the direction and/or speed of a meteorological wind is altered by the topography of the landscape <sup>27</sup> . Importantly, topographical winds are a general wind adaptation and they occur on a larger scale than more localised slope winds.	Cando a dirección e/ou a velocidade dun vento meteorolóxico se ve alterada pola topografía da paisaxe <sup>28</sup> . É relevante que os ventos topográficos son unha adaptación xeral do vento e teñen lugar a unha escala maior cós ventos de pendente máis localizados.	Vento topográfico
113.	<b>Topographically-driven fire</b>	A fire that is spread predominantly by the shape of the landscape, such as the steepness of slopes and gullies.	Lume que se propaga principalmente pola forma da paisaxe, como polo abrupto das pendentes e dos barrancos.	Incendio propagado pola topografía
114.	<b>Torching</b>	A fire that burns from the ground through the surface and aerial fuels and into the crown of a single tree or small parcel of trees.	Lume que arde desde o solo ata a os combustibles da superficie e aéreos e chega á copa dunha árbore ou dun pequeno conxunto de árbores.	Facho
115.	<b>Transition zone</b>	An area where the spread of a fire changes direction. Transition zones can be identified by changes in the appearance of indicators.	Zona na que a propagación dun lume cambia de dirección. As áreas de transición poden identificarse polos cambios na aparencia dos indicadores.	Área de transición
116.	<b>Understory fire</b>	A fire that burns beneath a canopy of trees. It can occur during the course of a wildfire or may be a tactic for a prescribed burn.	Lume que arde por debaixo dunha cuberta de árbores. Pode acontecer no curso dun incendio forestal, así como durante unha queima prescrita.	Lume do sotobosque
117.	<b>Vegetation</b>	A term used to describe all forms of plant life.	Termo empregado para describir todas as formas de flora.	Vexetación
118.	<b>Wildfire<sup>29</sup></b>	Any uncontrolled vegetation fire which requires a decision or action regarding suppression. Wildfires are commonly classified according to size and/or impact upon suppression resources <sup>30</sup> .	Calquera lume de vexetación incontrolado que require unha decisión ou acción para a súa extinción. Os incendios forestais adoitan clasificarse de acordo co seu tamaño e/ou impacto nos recursos de extinción.	Incendio forestal
119.	<b>Wind</b>	The horizontal movement of air relative to the surface of the earth <sup>31</sup> . Wind direction, wind speed and wind shift can all influence fire behaviour, fire intensity, direction of travel and rate of spread.	Movement horizontal de aire con respecto á superficie da terra. A dirección, velocidade e cambio de vento poden influír no comportamento do lume, na súa intensidade e na dirección e velocidade de propagación.	Vento
120.	<b>Wind-driven fire</b>	A fire or part of a fire that is spread predominantly by the speed and direction of the wind.	Incendio ou parte dun incendio que se propaga principalmente pola velocidade e dirección do vento.	Incendio propagado polo vento

<sup>26</sup> Also commonly referred to as the “heel of a fire” or a “heel fire”.

<sup>27</sup> This contrasts with more relatively more localised wind adaptations that occur, such as slope winds, land and sea breezes, and valley and mountain breezes.

<sup>28</sup> Isto contrasta con outros ventos relativamente máis localizados, como os ventos de pendente, as brisas de terra e mariñas, e as brisas de val e de montaña.

<sup>29</sup> Within some parts of the world, alternative terms are used in place of the term wildfire. Some of the more common examples include: bushfire, wildland fire, forest fire and grass fire.

<sup>30</sup> The term wildfire is used to describe any uncontrolled forest fire, grass fire, peat fire or scrub fire.

<sup>31</sup> Source/Fonte: National Wildfire Coordinating Group (2011) Glossary of Wildland Fire Terminology (National Wildfire Coordinating Group, Boise), p.186.

# Capítulo 4 - Combustible

***Combustible: “Calquera material que pode entrar en combustión nun ambiente de lume”.***



© Milan Lalkovic (República Eslovaca)

## 4. Combustible

No.	English	English Definition	Definición en galego	Termo en galego
121.	<b>Aerial fuels</b>	Any fuel found at a height of more than 3.5 metres above the ground surface.	Calquera combustible que se atopa a unha altura de máis de 3,5 metros sobre a superficie do solo.	Combustibles aéreos
122.	<b>Arable crops</b>	Cultivated grassland. Arable crops can have a much higher fuel loading than natural grassland and are commonly characterised by uniformity in both vertical and horizontal fuel arrangement.	Pradaría cultivada. Estes cultivos poden ter unha carga de combustible moito máis grande cás pradarías naturais e adoitan caracterizarse pola uniformidade tanto vertical como horizontal da disposición dos combustibles.	Cultivos herbáceos
123.	<b>Available fuels</b>	The proportion of the total fuel that would burn under specified burning and fuel conditions.	Proporción do total de combustible que se queimaría baixo unhas condicións específicas de combustión e de combustible.	Combustible dispoñible
124.	<b>Black area</b>	An area of fuel that is black in appearance because some or all of the fuel has been burnt.	Zona de combustible que ten unha aparencia negra, xa que unha parte ou a totalidade do seu combustible xa ardeu.	Zona negra
125.	<b>Broadleaved trees</b>	Trees that are characterised by their wide leaves, most of which are deciduous.	Árbores que se caracterizan por ter follas de moita largura; a maioría son de folla caduca.	Árbores frondosas
126.	<b>Burn</b>	e) To be on fire. f) An area of fuel consumed or partly consumed by a fire. g) An injury to flesh caused by a cauterizing agent, heat from a fire, or a heated object. h) A managed fire (i.e. an operational burn or prescribed burn)	a) Arder. b) Zona de combustible consumida ou parcialmente consumida polo lume. c) Ferida na pel causada por un axente cauterizante, calor dun lume ou un obxecto quente. d) Un lume controlado (é dicir, un contralume ou unha queima prescrita).	Queimar (a) Queimado (b) Queimadura (c) Queima (c)
127.	<b>Canopy</b>	The upper layer of aerial fuels which will contain the crowns of the tallest vegetation present (living or dead).	Capa superior dos combustibles aéreos, que contén as copas da vexetación máis alta que haxa (sexa viva ou morta).	Cuberta / Dosel
128.	<b>Clean burn</b>	A fire that consumes all vegetation and litter above the ground exposing the mineral soil.	Lume que consome toda a vexetación e follasca por riba do solo, de xeito que deixa exposto o solo mineral.	Queima limpa / Queima para despexe
129.	<b>Coarse fuels</b>	Fuels that are more than 6mm in diameter. Due to their size and shape they burn more slowly and ignite less readily than finer fuels. Examples of coarse fuels include thick stems, logs, and branches. Coarse fuels can either be living or dead.	Combustibles de máis de 6 mm de diámetro. Debido ao seu tamaño e forma, arden máis lentamente e a súa ignición é menos doada que a doutros combustibles menos grosos. Poden ser combustibles vivos ou mortos.	Combustibles grosos
130.	<b>Combustibility</b>	Relative ease of fire spread within a fire environment.	Facilidade relativa coa que se propaga o lume nun ambiente de lume.	Combustibilidade
131.	<b>Combustion rate</b>	Measurement of heat release per unit of burning area per unit of time.	Medida da emisión de calor por unidade de área queimada por unidade de tempo.	Índice de combustión / Ritmo de combustión
132.	<b>Compactness</b>	The density of fuel particles. Compactness can influence ignition and fire behaviour.	Densidade das partículas dun combustible. A compactación pode influír na ignición e no comportamento do lume.	Compactación
133.	<b>Condition of vegetation</b>	Stage of growth or degree of flammability of vegetation that forms part of a fuel complex. This will be dependent upon time of year, amount of curing and weather conditions.	Etapa de crecemento ou grado de inflamabilidade da vexetación que forma parte dun conxunto de combustibles. Dependerá do momento do ano, da cantidade de chamuscado e das condicións meteorolóxicas.	Estado da vexetación
134.	<b>Coniferous trees</b>	Coniferous trees are characterised by their needle- or scale-like leaves. Most conifers are evergreen.	As coníferas caracterízanse polas súas follas en forma de agulla ou escama. A maioría son de folla perenne.	Árbores coníferas
135.	<b>Cool fire</b>	A low intensity fire or part of a fire.	Lume ou parte dun lume de baixa intensidade.	Lume frío
136.	<b>Crown scorch</b>	Browning of needles or leaves in the crown of a tree or shrub due to burning which has killed but not consumed the vegetation. Crown scorch may not be visible immediately and it may take several days or weeks after the fire for it to become apparent.	Ennegrecemento das acículas ou follas na copa dunha árbore ou arbusto, o que mata pero non consome a vexetación. O chamuscado de copas pode non ser visible inmediatamente e poden pasar varios días ou semanas tralo incendio ata que se percibe.	Chamuscado de copas
137.	<b>Crown kill</b>	The proportion of limbs, buds, and foliage within the canopy vegetation that has been killed and consumed by a wildfire.	Proporción de pólas, gromos e follaxe da cuberta forestal que morre e se consome por causa dun incendio forestal.	Copa queimada
138.	<b>Curing</b>	A process that leads to the reduction in moisture content of dead vegetation <sup>32</sup> . This usually causes the vegetation to turn brown in appearance.	Proceso que leva á redución do contido húmido da vexetación morta <sup>33</sup> . Normalmente fai que a vexetación adopte unha cor marrón.	Chamuscar

<sup>32</sup> Including dead parts of living vegetation.

<sup>33</sup> Incluindo as partes mortas da vexetación viva.



139.	<b>Dead fuels</b>	Fuels with no living tissue. The moisture content of dead fuels is mostly controlled by external weather conditions, for instance, relative humidity, precipitation, temperature, and solar radiation.	Combustibles desprovistos de tecidos vivos nos que o contido de humidade está principalmente dominado polas condicións meteorolóxicas externas, como son a humidade relativa, as precipitacións, a temperatura e a radiación solar.	Combustibles mortos
140.	<b>Debris</b>	Dead and dying fuel, consisting of both fine and coarse fuels, and inclusive of twigs and any vegetation. Debris is usually found lying on the ground but can also be found at various levels within the vertical arrangement of fuels.	Combustibles mortos e que están morrendo, que inclúen tanto combustibles finos coma grosos, e políñas e outra vexetación. Os refugallos adoitan atoparse sobre o solo, pero tamén se poden atopar a distintos niveis na disposición vertical dos combustibles.	Refugallos
141.	<b>Deciduous trees</b>	Trees with broad, flat leaves which are shed annually during the autumn. These trees will usually remain bare during the winter months, with leaf growth restarting in the Spring.	Árbores con follas anchas e planas que se desprenden anualmente durante o outono. Estas árbores adoitan manterse nús durante os meses de inverno e a folla comeza a medrarlles de novo na primavera.	Árbores caducifolias
142.	<b>Deep-seated fire</b>	An established ground fire burning 0.5 metres or more below the surface. This type of ground fire is particularly challenging to extinguish.	Incendio do subsolo que arde 0,5 ou máis metros por baixo da superficie. Este tipo de lume é particularmente difícil de extinguir.	Lume subterráneo
143.	<b>Depth of burn</b>	The vertical reduction in surface and ground fuels due to consumption by fire.	Redución vertical dos combustibles da superficie e do subsolo debido ao consumo do lume.	Profundidade de queima
144.	<b>Desorption</b>	The process by which dead plant material loses moisture to the atmosphere.	Proceso polo que o material vexetal morto perde humidade, que pasa a atmosfera.	Desorción
145.	<b>Duff</b>	A surface fuel consisting of partly or fully decomposed organic material lying on the mineral soil.	Combustible superficial composto por materiais orgánicos parcialmente ou completamente descompostos que se atopan sobre o solo mineral.	Manta de descomposición
146.	<b>Elevated fuels</b>	Any fuel found at a height of 1.5-3.5 metres. The presence of elevated fuels will increase the risk of vertical fire spread into aerial fuels and the canopy.	Calquera combustible que se atopa a unha altura de 1,5-3,5 metros. A presenza de combustibles elevados aumentará o risco de propagación vertical do lume aos combustibles aéreos e á cuberta.	Combustibles elevados
147.	<b>Fine Fuels</b>	Fast-drying dead fuels which are less than 6mm in diameter. Fine fuels ignite readily and are rapidly consumed by fire when dry. Examples of fine fuels include: grass, leaves, ferns, mosses, pine needles and small twigs. When dried, fine fuels are referred to as flash fuels.	Combustibles mortos que secan rapidamente e que teñen un diámetro de menos de 6 mm. Estes combustibles prenden facilmente e o lume consómeos rapidamente cando están secos. Exemplos deste tipo de combustibles son: herba, follas, felgos, musgos, arumes e políñas. Cando están secos, os combustibles finos reciben o nome de combustibles lixeiros.	Combustibles finos
148.	<b>Fine fuel moisture</b>	The moisture content of fast-drying fuels. Measurement of moisture content will indicate the relative ease of ignition and flammability of a fine fuel.	O contido de humidade dos combustibles que secan rapidamente. A medida de humidade indicará a facilidade de ignición relativa e a inflamabilidade dun combustible fino.	Humidade do combustible fino
149.	<b>Fire environment</b>	The surrounding conditions, influences, and modifying forces of topography, fuel, and weather that determine fire behaviour, fire effects and fire impact.	As condicións circundantes, influencias e forzas que modifican a topografía, o combustible e as condicións meteorolóxicas que determinan o comportamento, os efectos e o impacto do lume.	Ambiente do lume
150.	<b>Fire hazard</b>	Any situation, process, material or condition that can cause a wildfire or that can provide a ready fuel supply to augment the spread or intensity of a wildfire, all of which pose a threat to life, property or the environment <sup>34</sup> .	Calquera situación, proceso, material ou condición que pode causar un incendio ou que pode engadir combustible para aumentar a intensidade dun incendio, ou supoñer unha ameaza para a vida, os bens materiais ou o medio ambiente.	Perigosidade do combustible
151.	<b>Fire scar</b>	a) The overall shape and size of the area burned by a wildfire <sup>35</sup> ; or, b) A healing or healed injury or wound to woody vegetation which has been caused or accentuated by fire.	a) Marca total e tamaño da área queimada nun incendio forestal; ou, b) ferida que está curando ou xa curada nas plantas leñosas, causada ou agravada polo lume.	Ferida do lume / Cicatriz do lume
152.	<b>Fire spread</b>	The movement of a fire through available fuels arranged across the landscape.	Movement dun incendio a través dos combustibles dispoñibles dispostos na paisaxe.	Propagación do lume
153.	<b>Firebreak</b>	An area on the landscape where there is a discontinuity in fuel which will reduce the likelihood of combustion or reduce the likely rate of fire spread.	Área da paisaxe na que se dá unha descontinuidade de combustibles, o que reduce a probabilidade de combustión ou de que se propague o lume.	Devasa
154.	<b>Flash fuels</b>	Fine fuels that have been dried and which will ignite very readily and rapidly.	Combustibles finos que secan e que prenderán moi fácil e rapidamente.	Combustibles lixeiros
155.	<b>Flammability</b>	Relative ease with which a fuel will ignite and burn with a flame.	Facilidade relativa coa que un combustible prende e arde cunha chama.	Inflamabilidade
156.	<b>Forest</b>	An area of woodland with a minimum percentage of canopy cover, as prescribed within national or international guidelines/stipulations.	Área arbórea cunha porcentaxe mínima de cuberta de dosel, especificada nas directrices ou convenios nacionais ou	Bosque

<sup>34</sup> Amended from the definition provided by/Modificación da definición de: NFPA (2011) NFPA 921 – Guide for Fire and Explosion Investigations (NFPA, Quincy, Massachusetts), p.14.

<sup>35</sup> Source/Fonte: Julia McMorro, University of Manchester, United Kingdom.





			internacionais.	
157.	<b>Fragmentation</b>	The process of transforming large continuous areas of vegetation and fuel into smaller discontinuous areas. Fragmentation leads to a change in fire regimes through the alteration and discontinuity of fuels.	O proceso de transformar grandes extensións continuas de vexetación e combustible en áreas máis pequenas e descontinuas. A fragmentación leva a un cambio nos réximes de lume, debido á alteración e descontinuidade dos combustibles.	Fragmentación
158.	<b>Fuel</b>	Any material that can support combustion within a wildfire environment. Fuel is usually measured in tonnes per hectare.	Calquera material que pode entrar en combustión nun ambiente de lume. Normalmente o combustible mídese en toneladas por hectárea.	Combustible
159.	<b>Fuel arrangement</b>	The horizontal and vertical distribution of all combustible materials within a particular fuel type <sup>36</sup> . <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Horizontal fuel arrangement</b> - A description of the distribution of fuels on the horizontal plane. The horizontal arrangement of fuels will influence the relative ease with which fire can spread horizontally across an area of land.</li> <li>• <b>Vertical fuel arrangement</b> – A description of the distribution of fuels on the vertical plane, from the ground up to the canopy levels of vegetation. The vertical arrangement of fuels will influence the relative ease with which fire can spread vertically through the fuel layers.</li> </ul>	Distribución horizontal e vertical de todos os materiais combustibles dentro dun tipo de combustible específico. <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Disposición horizontal do combustible</b> – Descrición da distribución dos combustibles no plano horizontal. Esta disposición influirá na facilidade relativa coa que o lume se pode propagar horizontalmente por un terreo.</li> <li>• <b>Disposición vertical do combustible</b> – Descrición da distribución dos combustibles no plano vertical, desde o solo ata a cuberta da vexetación. Esta disposición influirá na facilidade relativa coa que o lume se pode propagar verticalmente a través das capas de combustible.</li> </ul>	Disposición do combustible
160.	<b>Fuel assessment</b>	The estimation or calculation of total and available fuel that is present within a specific area.	Estimación ou cálculo do combustible total dispoñible que está presente nunha área específica.	Avaliación do combustible
161.	<b>Fuel boundary</b>	A dividing line between two distinctly different fuel types.	Liña divisoria entre dous tipos ben diferenciados de combustible.	Límite dos combustibles
162.	<b>Fuel complex</b>	The type, quantity, condition, arrangement and continuity of fuel available to burn.	Tipo, cantidade, estado, disposición e continuidade do combustible dispoñible para arder.	Complexo de combustible
163.	<b>Fuel condition</b>	Relative flammability of a fuel, as determined by fuel type and environmental conditions <sup>37</sup> .	Inflamabilidade relativa do combustible, determinada polo tipo de combustible e as condicións ambientais.	Estado do combustible
164.	<b>Fuel continuity</b>	The extent to which fuel arrangement will support fire spread.	Extensión pola que a disposición do combustible axudará á propagación do lume.	Continuidade de combustible
165.	<b>Fuel consumption</b>	The amount of a fuel that is removed by a fire, often expressed as a percentage of the fuel load.	A cantidade de combustible que elimina un lume, a miúdo expresada como porcentaxe da carga de combustible.	Consumo dos combustibles
166.	<b>Fuel-driven fire</b>	A fire or part of a fire that is spread predominantly by the arrangement, condition, and/or other characteristics of the fuel within which it is burning. This situation occurs in the absence of a significant effect from the forces of alignment, such as wind, slope and aspect. Fuel-driven fires can produce erratic fire behaviour.	Lume ou parte dun lume que se propaga principalmente pola disposición, estado e/ou outras características do combustible no que está a arder. Isto acontece cando non existen efectos significativos de forzas de aliñación, como o vento, a pendente ou a orientación. Estes lumes poden producir un comportamento do lume errático.	Incendio propagado polo combustible
167.	<b>Fuel hazard</b>	A fuel complex defined by type, alignment, arrangement, volume, continuity, condition etc. that forms a special risk.	Complexo de combustible definido polo seu tipo, aliñación, disposición, volume, continuidade, estado, etc., que crea un risco especial.	Perigosidade do combustible
168.	<b>Fuel layers</b>	The classification of fuels according to their height relative to the ground surface. There are five general fuel layers: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Aerial fuels</b></li> <li>• <b>Elevated fuels</b></li> <li>• <b>Near surface fuels</b></li> <li>• <b>Surface fuels</b></li> <li>• <b>Ground fuels</b></li> </ul>	Clasificación dos combustibles segundo a súa altura relativa á superficie do solo. Existen cinco capas de combustible xerais: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Combustibles aéreos</b></li> <li>• <b>Combustibles elevados</b></li> <li>• <b>Combustibles próximos á superficie</b></li> <li>• <b>Combustibles superficiais</b></li> <li>• <b>Combustibles do subsolo</b></li> </ul>	Capas de combustible
169.	<b>Fuel load</b>	The amount of fuel present within a particular area. Fuel load is measured in weight per area measured (usually in kilograms per square metre). Fuel loading is expressed in relative terms as either “heavy fuel loading” or “light fuel loading”.	Cantidade de combustible presente nunha determinada área. Mídese en peso por unidade de superficie (normalmente en quilogramos por metro cadrado). A carga de combustible exprésase en termos relativos como “carga de combustible pesada” ou “carga de combustible lixeira”.	Carga de combustible
170.	<b>Fuel management</b>	The process of managing fuel or fuel arrangement. The aim of fuel management is usually to create a discontinuity in fuels to achieve fragmentation.	Proceso de administrar ou dispoñer os combustibles. O obxectivo deste manexo adoita ser o de crear unha descontinuidade nos combustibles para acadar a fragmentación.	Manexo de combustibles / Ordenación de combustibles / Silvicultura preventiva
171.	<b>Fuel model</b>	A mathematical representation of fuel properties within a specified	Representación matemática das propiedades do combustible	Modelo de combustible

<sup>36</sup> Source/Fonte: Global Fire Monitoring Center (2010) International Multi-Lingual Fire Management Terminology (Global Fire Monitoring Center, Freiburg), p.166.

<sup>37</sup> Source/Fonte: National Wildfire Coordinating Group (2011) Glossary of Wildland Fire Terminology (National Wildfire Coordinating Group, Boise), p.88.



		location, often used to predict and plot likely fire spread and intensity.	dentro dunha zona concreta, que se adoita empregar para predicir e trazar a probable propagación e intensidade do lume.	
172.	<b>Fuel moisture content</b>	Water content of a fuel expressed as a percentage of fuel weight when oven dried.	Contido de auga dun combustible, expresado coma porcentaxe do peso dun combustible secado.	Contido de humidade do combustible
173.	<b>Fuel properties</b>	The physical characteristics of a fuel; for example, volume, size, shape, compactness and arrangement.	Características físicas dun combustible; por exemplo, o volume, tamaño, forma, compactación e distribución.	Propiedades do combustible
174.	<b>Fuel separation</b>	The distance between fuel layers or fuel particles.	Distancia entre as capas ou as partículas do combustible.	Separación do combustible
175.	<b>Fuel treatment</b>	The deliberate manipulation or removal of fuels using one or more of a variety of different means <sup>38</sup> to: <ul style="list-style-type: none"> <li>• reduce the likelihood of ignition; and/or,</li> <li>• reduce potential fire intensity; and/or,</li> <li>• reduce potential damage; and/or,</li> <li>• assist suppression activities.</li> </ul>	Manipulación ou retirada deliberada de combustibles empregando un ou máis medios <sup>39</sup> para: <ul style="list-style-type: none"> <li>• reducir a probabilidade de ignición; e/ou,</li> <li>• reducir a potencial intensidade do lume; e/ou,</li> <li>• reducir o dano potencial; e/ou,</li> <li>• axudar nas actividades de extinción.</li> </ul>	Tratamento do combustible / Redución do combustible
176.	<b>Fuel type</b>	A group of fuels that will respond to fires in a similar way.	Un grupo de combustibles que responderá ao lume de xeito similar.	Tipo de combustible
177.	<b>Fuel type pattern</b>	A mosaic of distinct fuel types within a particular area.	Mosaico dos distintos tipos de combustible nunha área concreta.	Disposición dos combustibles / Plano dos combustibles
178.	<b>Grassland</b>	An area predominantly covered in one or more species of grass.	Área cuberta principalmente por unha ou máis especies de herba.	Pradaría
179.	<b>Ground fuels</b>	Any fuel below the surface fuel layer, normally within the soil. Examples of ground fuels include: duff, tree roots, shrub roots, rotting wood, peat etc.	Calquera combustible que se atope baixo a capa de combustible superficial, normalmente dentro do solo. Algúns exemplos destes combustibles son: a manta de descomposición, as raíces das árbores e dos arbustos, a madeira en descomposición, a turba, etc.	Combustible do subsolo
180.	<b>Heathland</b>	An area of open uncultivated land which is dominated by dwarf shrubs and which is usually characterised by poor acidic sandy soil. Heathland is similar in appearance to moorland, although heath is normally found on well-drained sandy soils at lower altitudes.	Área de terra aberta sen cultivar na que predominan os arbustos pequenos e que adoita caracterizarse por ter un solo ácido e areoso. En aparencia é similar a unha braña, aínda que as uceiras adoitan darse en solos areosos ben drenados e a menor altitude.	Uceira
181.	<b>Horizontal fuel arrangement</b>	A description of the distribution of fuels on the horizontal plane. The horizontal arrangement of fuels will influence the relative ease with which fire can spread horizontally across an area of land.	Descrición da distribución dos combustibles no plano horizontal. Esta disposición influirá na facilidade relativa coa que o lume se pode propagar horizontalmente por unha área.	Disposición horizontal do combustible
182.	<b>Horticultural crops</b>	Intensively cultivated plants used by people for food, medicinal purposes or for ornamental/aesthetic purposes. Horticultural crops are usually less susceptible to wildfires than other types of vegetation, but post-harvesting residues can create fine fuels and increase the risk of wildfires (particularly during warm and dry conditions).	Plantas cultivadas intensivamente e empregadas para a alimentación e para fins medicinais e ornamentais/estéticos. Estes cultivos adoitan ser menos susceptibles aos incendios forestais ca outros tipos de vexetación, pero os residuos posteriores ás colleitas poden crear combustibles finos e aumenta o risco de incendios forestais (particularmente cando hai condicións de calor e seca).	Cultivos hortícolas
183.	<b>Hot fire</b>	A high intensity fire or part of a fire.	Incendio ou parte dun incendio alta intensidade.	Lume forte
184.	<b>Islands</b>	Isolated areas of unburned fuel within a fire perimeter.	Áreas de combustibles que non arderon dentro do perímetro do incendio.	Illas
185.	<b>Ladder fuel</b>	Fuels that provide vertical continuity which allow fire to move through the vertical fuel arrangement.	Combustibles que proporcionan unha continuidade vertical, o que permite que o lume se desprace a través da disposición vertical do combustible.	Combustible de enlace / Combustibles continuos en vertical
186.	<b>Land management</b>	The process of managing the use and development of an area of land for: wildfire prevention; conservation, restoration or protection of the environment; commerce; and/or for other reasons.	Proceso de xestión do uso e desenvolvemento dunha área de terra para a prevención dos incendios forestais; a conservación, restauración e protección do medio ambiente; os negocios, e/ou outras razóns.	Xestión do monte
187.	<b>Land use planning</b>	A decision-making process involving the allocation of areas of land to different uses and/or vegetation types.	Proceso de toma de decisións sobre a asignación de certas áreas de terra para diferentes usos e/ou tipos de vexetación.	Planificación de usos do solo
188.	<b>Litter</b>	The top layer of debris fuels consisting of twigs, sticks and branches, it can also include recently fallen leaves and needles. The structure of the material within the litter layer has not been altered significantly by the process of decomposition.	Capa superior dos refugallos, que consta de poliñas, paus e pólas, e tamén pode incluír follas recentemente caídas e arumes. A estrutura do material na capa da follasca non foi alterada significativamente polo proceso de descomposición.	Follasca
189.	<b>Live fuels</b>	Fuels with living tissue. The moisture content of live fuels is controlled largely by internal physiological mechanisms.	Combustibles con tecido vivo. O contido de humidade dos combustibles vivos é controlado principalmente por mecanismos fisiolóxicos internos.	Combustibles vivos
190.	<b>Mineral earth/soil</b>	A soil layer that does not contain organic material which could support	Capa do solo que non contén material orgánico que poida	Solo mineral

<sup>38</sup> Inclusive of the following means: manual, mechanical, chemical, or using fire.

<sup>39</sup> O que inclúe os seguintes medios: manual, mecánico, químico ou empregando o lume.

		combustion.	combustionar.	
191.	<b>Mixed woodland</b>	Woodland containing a mixture of deciduous and coniferous tree species.	Monte no que hai unha mestura de especies de árbores caducifolias e coníferas.	Monte mixto
192.	<b>Moorland</b>	An area of open uncultivated land which is dominated by dwarf shrubs and other low-lying vegetation. Moorland is similar in appearance to heathland; although moorland is found in wetter areas where mosses help retain water content.	Área de terra non cultivada dominada pola presenza de matas e outra vexetación baixa. En aparencia é similar a unha uceira, aínda que as brañas atópanse en zonas máis húmidas nas que os musgos axudan a reter a auga.	Braña
193.	<b>Natural fuel</b>	Fuels created and developed through natural processes and which have not been directly generated or altered by land management practices.	Combustibles creados e desenvolvidos por procesos naturais que non foron xerados ou alterados por prácticas de xestión do monte.	Combustible natural
194.	<b>Natural woodland</b>	Trees that have germinated and grown in their natural state without the influence of human actions. Natural woodland is likely to contain multiple species of trees which leads to less continuity of fuels than is found in planted woodland.	Árbores que xerminaron e creceron de xeito natural, sen a influencia das accións humanas. É probable que este monte conteña múltiples especies de árbores, o que fai que haxa menos continuidade de combustibles ca nos montes plantados.	Monte natural / Monte de vexetación espontánea
195.	<b>Near surface fuels</b>	Any fuels found at a height of 0.5-1.5 metres above the ground surface. Near surface fuels are found above surface fuels and have a vertical component to their structure.	Calquera combustible que se atopa a unha altura de 0,5-1,5 metros desde a superficie do solo. Estes combustibles atópanse por riba dos combustibles superficiais e a súa estrutura ten un compoñente vertical.	Combustibles próximos á superficie
196.	<b>Peat</b>	An organic fuel layer consisting of a light, spongy material formed in temperate humid environments through the accumulation and partial decomposition of vegetation debris. Peat is formed by decomposition in the absence of oxygen (anaerobic decomposition). Peat forms in areas that are seasonally or permanently inundated with water. Fires in peat burn by smouldering combustion and generate high levels of heat energy per unit area.	Capa de combustible orgánico que contén un material lixeiro e esponxoso que se crea en ambientes húmidos e temperados pola acumulación e descomposición parcial de refugallos da vexetación. A turba fórmase pola descomposición en ausencia de oxíxeno (descomposición anaeróbica), en zonas que están durante algunha estación ou permanentemente inundadas de auga. Os incendios na turba arden por combustión sen chama e xeran altos niveis de enerxía calorífica por unidade de área.	Turba
197.	<b>Planted woodland</b>	An area of managed woodland (often artificially established) where trees are grown for sale as timber and/or for the commercial production of other forest products.	Área arbórea xestionada (a miúdo creada de xeito artificial) na que as árbores se cultivan para vendelas como madeira e/ou para a produción comercial doutros produtos forestais.	Monte plantado
198.	<b>Scrubland</b>	Area of mixed vegetation predominantly consisting of shrubs, bushes and grasses. Scrubland may be found on the fringes of other fuel types, but it may also be found in isolated pockets within other fuel types.	Área de vexetación mixta que contén, principalmente, arbustos e herbas. Pode haber matogueiras nas beiras doutros tipos de combustibles, pero tamén se atopan en zonas illadas dentro de zonas doutros tipos de combustible	Matogueira
199.	<b>Shrub</b>	A woody perennial plant characterised by its low stature and habit of branching from the base. Shrubs normally contain a high quantity of fine fuels.	Planta leñosa perenne que se caracteriza pola súa baixa altura e a súa división en ramas desde a base. Os arbustos adoitan conter altas cantidades de combustibles finos.	Arbusto
200.	<b>Slash</b>	Debris left lying on the ground after logging, pruning or thinning operations within woodland. Slash may consist of both coarse and fine fuels and sometimes forms a significant surface fuel.	Refugallos que quedan sobre o solo despois de operacións de corta, poda ou rareo. A broza pode conter tanto combustibles finos coma grosos, e ás veces constitúe un combustible superficial importante.	Broza / Residuos forestais
201.	<b>Stand</b>	Trees of one type or species grouped together within woodland.	Árbores dun tipo ou especie que están agrupadas nun monte.	Poboamento / Mouteira
202.	<b>Standing Fuel</b>	Part of vegetation, living or dead, that is supported by a stem, branch or trunk.	Parte da vexetación, viva ou morta, que está sostida por un talo, unha póla ou un tronco.	Combustible en pé
203.	<b>Surface fuel</b>	Any fuels found at a height of 0-0.5 metres above the ground surface.	Calquera combustible cunha altura de 0-0,5 metros por riba da superficie do solo.	Combustible superficial / Combustible de superficie
204.	<b>Tree</b>	A tree is a perennial woody plant with a single main stem or trunk which supports branches above the ground. Trees usually have a distinctive crown.	Planta leñosa perenne que ten un só talo ou tronco principal que soporta pólas por riba do solo. As árbores adoitan ter unha copa diferenciada.	Árbore
205.	<b>Understory</b>	Vegetation found beneath the canopy. Understory vegetation is normally found growing or lying on the ground.	Vexetación que se atopa por debaixo da cuberta. Esta vexetación adoita estar medrando no solo ou sobre el.	Sotobosque
206.	<b>Uniform fuels</b>	Identical or consistent fuels distributed continuously across an area or landscape. It is usually easier to predict fire behaviour for fires burning in uniform fuels than it is for fire in mixed vegetation types.	Combustibles idénticos ou uniformes que se distribúen de xeito continuo por unha área ou paisaxe. Adoita ser máis fácil predicir o comportamento do lume en incendios que teñen lugar en combustibles uniformes ca en zonas con vexetación mixta.	Combustibles uniformes
207.	<b>Woodland</b>	A generic term for any area of land which is predominantly characterised by trees, whether in large tracts or smaller units <sup>40</sup> . Woodland can be categorized according to the types of species it	Termo xenérico que designa calquera área de terra principalmente poboada por árbores, sexa en grandes extensións ou en unidades máis pequenas <sup>41</sup> .	Monte

<sup>40</sup> Woodland can be classified as “forest” if the minimum percentage of canopy cover, as stipulated within national or international guidelines/stipulations, is exceeded.

<sup>41</sup> Un monte pode clasificarse como “bosque” se excede unha mínima porcentaxe de cuberta, tal e como establezan as directrices ou normas nacionais e internacionais.



		<p>contains, for instance:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Coniferous woodland</b> –containing predominantly coniferous tree species.</li> <li>• <b>Deciduous woodland</b> – containing predominantly deciduous tree species.</li> <li>• <b>Mixed woodland</b> – Woodland containing a mixture of coniferous and deciduous tree species.</li> </ul> <p>Woodland can also be categorized according to the degree to which humans manage the area, which has an influence on the type of fire behaviour that may be observed:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Planted woodland</b> – An area of managed woodland (often artificially established) where trees are grown for sale as timber and/or for the commercial production of other forest products. Planted woodland is often characterised by a single species and continuity in both the horizontal and vertical fuel arrangements.</li> <li>• <b>Natural woodland</b> – Trees that have germinated and grown in their natural state without the influence of human actions. Natural woodland is likely to contain multiple species of trees which leads to less continuity of fuels than is found in planted woodland.</li> </ul>	<p>Pódense establecer categorías de monte segundo os tipos de especies que contén, por exemplo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Monte de coníferas</b> – que contén principalmente especies de árbores coníferas.</li> <li>• <b>Monte de caducifolias</b> – que contén principalmente especies de árbores caducifolias.</li> <li>• <b>Monte mixto</b> – que contén unha mestura de especies de árbores coníferas e caducifolias.</li> </ul> <p>O monte tamén se pode clasificar segundo o grao no que os humanos xestionen a zona, o que ten influencia no comportamento do lume:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Monte plantado</b> - Área arbórea xestionada (a miúdo creada de xeito artificial) na que as árbores se cultivan para vendelas como madeira e/ou para a produción comercial doutros produtos forestais. Estes montes adoitan caracterizarse pola presenza dunha soa especie e pola continuidade na disposición tanto horizontal como vertical dos combustibles.</li> <li>• <b>Monte natural</b> - Árbores que xerminaron e creceron de xeito natural, sen a influencia das accións humanas. É probable que este monte conteña múltiples especies de árbores, o que fai que haxa menos continuidade de combustibles ca nos montes plantados.</li> </ul>	
--	--	--	---	--

# Capítulo 5 - Topografía

***Topografía: “Descripción e estudo da forma e das características da superficie da terra”.***



© Office National des Forêts (France)

# 5. Topografía

No.	English	English Definition	Definición en galego	Termo en galego
208.	<b>Aspect</b>	The direction a slope faces in relation to the sun.	A dirección cara a que está unha pendente en relación co sol ou a aliñación ou non aliñación da paisaxe respecto da radiación solar.	Orientación
209.	<b>Barrier</b>	Any natural or artificial obstruction to fire spread. This is normally an area devoid of fuel which is large enough in size to prevent a fire passing through or over it.	Calquera obstrución natural ou artificial á propagación do lume. Normalmente trátase dunha área desprovista de combustible que ten un tamaño o suficientemente grande como para evitar que o lume lle pase por riba.	Barreira
210.	<b>Blind area</b>	An area in which neither the ground nor its vegetation can be seen from an observation point.	Zona cuxo solo e vexetación non poden ser vistos desde un punto de observación dado.	Zona cega
211.	<b>Bog</b>	A permanently saturated area of spongy ground with poor drainage. Bogs are usually found in upland areas experiencing cool temperatures and high rainfall. Slow decomposition of the plants found within bogs leads to the formation of peat.	Zona permanentemente saturada de solo esponxoso e pouca drenaxe. As lameiras adoitan atoparse en terras altas nas que hai baixas temperaturas e moitas chuvias. A descomposición lenta das plantas presentes nas lameiras leva á formación de turba.	Lameira / Bulleiro / Trollo
212.	<b>Catchment area</b>	The area from which rainfall flows into a river, lake, or reservoir.	Zona desde a cal a auga da chuvía flúe ata un río, lago ou encoro.	Zona de captación
213.	<b>Confluence</b>	The location where two streams or rivers meet.	Lugar no que conflúen dous regatos ou ríos.	Confluencia
214.	<b>Cliff</b>	A vertical or near vertical rock face.	Parede de roca vertical ou case vertical	Cantil / Acantilado
215.	<b>Drainage system</b>	A naturally occurring or human-made network of channels which moves water across an area of land using the force of gravity.	Rede de canles producido naturalmente ou feito polo home que fai que a auga se mova a través dunha zona de terra pola forza da gravidade.	Sistema de drenaxe
216.	<b>Elevation</b>	Height above sea-level.	Elevación por riba do nivel do mar.	Altura
217.	<b>Fire environment</b>	The surrounding conditions, influences, and modifying forces of topography, fuel, and weather that determine fire behaviour, fire effects and impact.	As condicións circundantes, influencias e forzas que modifican a topografía, o combustible e as condicións meteorolóxicas que determinan o comportamento, os efectos e o impacto do lume.	Ambiente do lume
218.	<b>Firebreak</b>	An area on the landscape where there is a discontinuity in fuel which will reduce the likelihood of combustion or reduce the likely rate of fire spread.	Área da paisaxe na que se dá unha descontinuidade de combustibles, o que reduce a probabilidade de combustión ou de que se propague o lume.	Devasa
219.	<b>Floodplain</b>	A relatively flat area of land found alongside a water channel that is prone to flooding.	Zona relativamente chá que se atopa ao pé dunha canle de auga tendente á inundarse.	Chaira de inundación
220.	<b>Forces of Alignment</b>	A collective term for the forces that have a significant impact on wildfire behaviour. These forces can support or hinder fire development and can be used to predict likely fire behaviour, including fire spread and fire intensity. Wind, slope and aspect are considered to be key forces of alignment.	Termo colectivo para as forzas que teñen un impacto significativo no comportamento dun incendio. Estas forzas poden apoiar ou dificultar o desenvolvemento do incendio e poden usarse para predicir o comportamento máis probable do lume, incluíndo a súa propagación e a intensidade. O vento, a pendente e a orientación considéranse forzas de aliñación claves.	Forzas de aliñación
221.	<b>Gorge</b>	A deep, narrow and extremely steep-sided valley which usually has a river occupying its entire floor. Gorges are very dangerous topographical features because they can support extreme fire behaviour.	Val profundo, estreito e con ladeiras moi escarpadas que adoita ter un río ocupando o seu fondo. Os canóns son elementos topográficos moi perigosos porque poden axudar ao comportamento extremo do lume.	Foz / Garganta / Canón
222.	<b>Gradient</b>	The angle or steepness of a slope.	Ángulo ou inclinación dunha pendente	Gradiente
223.	<b>Gully</b>	A relatively steep-sided water channel formed on a hillside. A gully might only contain water during periods of heavy rain. Gullies are dangerous topographical features because they can support extreme fire behaviour <sup>42</sup> .	Canle de auga con paredes relativamente escarpadas formada nunha ladeira. É posible que conteña auga só durante períodos de moitas chuvias. Os cavorcos son elementos topográficos perigosos porque poden contribuír ao comportamento extremo do lume.	Cavorco
224.	<b>Groundwater</b>	Water found beneath the land surface. Groundwater is found in fractures of rock formations and as soil moisture.	Auga que se atopa por debaixo da superficie da terra. Adoita atoparse en fracturas de formacións rochosas e como humidade do solo.	Auga subterránea
225.	<b>Hill</b>	An area of high ground with slopes falling down in all directions. Hills will often, but not always, have distinct summits.	Superficie de chan elevado con pendentes que caen cara todas as direccións. A miúdo, pero non sempre, os outeiros teñen cumios diferenciados.	Outeiro

<sup>42</sup> Also commonly referred to as a “re-entrant”.

226.	<b>Lake</b>	A large natural body of water that is usually fed and drained by a stream or river.	Corpo de auga natural que adoita recibir auga e drenarse por medio dun regato ou río.	Lago
227.	<b>Landscape</b>	The physical appearance of the land comprising of the features of the terrain, the indigenous vegetation and the human impact caused by variations in land use.	Aparencia física da terra que inclúe os elementos do terreo, a vexetación indíxena e o impacto humano causado polas variacións no uso da terra.	Paisaxe
228.	<b>Latitude</b>	The angular distance north or south between a point on the earth's surface and the equator <sup>43</sup> . Latitude is usually measured in degrees, minutes and seconds.	Distancia angular cara o norte ou o sur entre un punto da superficie terrestre ao ecuador. A latitude adoita medirse en graos, minutos e segundos.	Latitude
229.	<b>Lee slope</b>	A slope that faces away from the direction of the wind. A lee slope is therefore sheltered from the wind. A lee slope is the opposite of a stoss slope.	Pendente que mira cara a dirección oposta ao vento. Por tanto, estas pendentes están ao abrigo do vento. Unha pendente a sotavento é o contrario a unha pendente a barlovento	Pendente a sotavento
230.	<b>Longitude</b>	The angular distance of a point east or west of an arbitrarily defined meridian, usually taken to be the Greenwich meridian <sup>44</sup> . Longitude is usually measured in degrees, minutes and seconds.	Distancia angular cara o leste ou oeste desde un meridiano elixido de xeito arbitrario, que adoita ser o meridiano de Greenwich. A lonxitude adoita medirse en graos, minutos e segundos.	Lonxitude
231.	<b>Marsh</b>	An area of soft, wet, low-lying land, characterized by grassy vegetation. Marshland may often form a transition zone between water and land.	Zona de terra branda, húmida e baixa, caracterizada pola vexetación herbácea. Adoita formase nas zonas de transición entre a auga e a terra.	Terreo pantanoso
232.	<b>Military training area</b>	A section of land used by a military organisation to experiment, test and/or train with weapons and other military technology. The unexploded ordnance found within some military training areas may pose a significant risk to suppression personnel responding to wildfire incidents.	Porción de terreo empregado por unha organización militar para experimentar, probar e/ou adestrar con armas ou outras tecnoloxías militares. As municións non estoupadas que hai nalgúns destas zonas poden supoñer un risco importante para o persoal de extinción que actúa en incendios forestais.	Zona de adestramento militar
233.	<b>Mountain</b>	An area of very high ground with steep slopes falling down from a sharp peak at the top. Mountains are larger landforms than hills and generally have steeper slopes.	Área de solo moi alto con pendentes empinadas que caen desde un cumio moi afiado na parte superior. As montañas son máis grandes cós outeiros e xeralmente teñen máis pendentes.	Montaña
234.	<b>Mountain breeze</b>	A localised down slope wind which occurs at night when cool mountain air sinks down slope to replace warmer air found at lower elevations. A reversal of this process may occur during the day leading to a valley breeze <sup>45</sup> .	Vento localizado ladeira abaixo que ten lugar pola noite cando o aire frío da montaña baixa para substituír o aire máis quente que se atopa a máis baixas alturas. Un proceso inverso pode acontecer durante o día, o que causa a brisa do val <sup>46</sup> .	Brisa da montaña
235.	<b>Peak</b>	The pointed top of a mountain or ridge.	Parte superior afiada dunha montaña ou dunha crista.	Cumio / Cume / Pico
236.	<b>Peat</b>	An organic fuel layer consisting of a light, spongy material formed in temperate humid environments through the accumulation and partial decomposition of vegetation debris. Peat is formed by decomposition in the absence of oxygen (anaerobic decomposition). Peat forms in areas that are seasonally or permanently inundated with water. Fires in peat burn by smouldering combustion and generate high levels of heat energy per unit area.	Capa de combustible orgánico que contén un material lixeiro e esponxoso que se crea en ambientes húmidos e temperados pola acumulación e descomposición parcial de refugallo da vexetación. A turba fórmase pola descomposición en ausencia de oxíxeno (descomposición anaeróbica), en zonas que están durante algunha estación ou permanentemente inundadas de auga. Os incendios na turba arden por combustión sen chama e xeran altos niveis de enerxía calorífica por unidade de área.	Turba
237.	<b>Peninsula</b>	A relatively narrow strip of land projecting from a land mass into a sea or lake.	Porción de terra relativamente estreita que sae desde unha masa de terra ao mar ou nun lago.	Península
238.	<b>Plateau</b>	An elevated area of land which has an extensive and relatively level surface.	Área de terra elevada que ten unha superficie relativamente extensa e chá.	Meseta
239.	<b>Pond</b>	A small body of still water which is not fed by a stream or river. Ponds may be constructed or form naturally within undulations of the land surface.	Pequeno corpo de auga tranquila que non recibe auga dun regato ou río. Poden estar construídos ou formarse naturalmente dentro de ondulacións na superficie da terra.	Charca
240.	<b>Protected area</b>	An area that has special status and which has been given specific legal protection.	Zona que goza dun estatus especial e que recibe unha protección legal específica.	Área protexida
241.	<b>Reservoir</b>	A large constructed body of water that is usually fed and drained by a stream or river.	Gran corpo de auga construído que adoita recibir auga e drenarse por medio dun regato ou río.	Encoro / Presa
242.	<b>Ridge</b>	A narrow, pointed crest formed by two opposing slopes.	Cumio estreito e afiado formado por dúas pendentes opostas	Crista
243.	<b>Ridgeline</b>	A long, narrow chain of hills or mountains.	Cadea longa e estreita de outeiros ou montañas.	Cordal / Serra
244.	<b>River</b>	A body of flowing water with a clearly defined valley. Rivers empty into a	Corpo de auga corrente cun val claramente definido. Os ríos	Río

<sup>43</sup> Source/Fonte: <http://www.ordnancesurvey.co.uk/oswebsite/aboutus/reports/misc/glossary.html>

<sup>44</sup> Source/Fonte: <http://www.ordnancesurvey.co.uk/oswebsite/aboutus/reports/misc/glossary.html>

<sup>45</sup> The daily transitions between valley and mountain breezes follow a similar process to that observed for sea and land breezes.

<sup>46</sup> As transicións diarias entre as brisas do val e da montaña seguen un proceso similar ao das brisas mariña e de terra.

		sea, ocean, lake, or other body of water and are usually fed along their course by converging tributaries.	desembocan nun mar, océano, lago ou noutro corpo de auga, e normalmente no seu curso reciben auga de afluentes.	
245.	<b>Rural-Urban Interface (RUI) environment</b>	The zone of transition between rural land and human settlements.	Zona de transición entre os terreos rurais e os asentamentos humanos.	Interface Urbano-Rural
246.	<b>Saddle</b>	A depression between two hills or mountains, so-called because of its similarity to the shape of a horse riding saddle. Wind is often funnelled and intensified between the two hills of a saddle. Saddles are therefore dangerous topographical features because they can support extreme fire behaviour.	Depresión entre dous outeiros ou montañas. O vento adoita canalizarse e intensificarse entre as dúas paredes dun paso. Por tanto, son elementos topográficos perigosos porque poden contribuír ao comportamento extremo do lume.	Paso de montaña
247.	<b>Sand dunes</b>	Accumulations of sand forming undulating hills along coastal shores. They are formed by sand deposited by the wind and are predominantly populated by grasses shrubs.	Acumulacións de area que forman outeiros ondulados nas zonas costeiras. Créanse pola area que deposita o vento e principalmente están poboadas por herbas e arbustos.	Dunas de area
248.	<b>Scree</b>	An unstable mound of angular pieces of rock found at or near the base of a cliff or steep slope.	Montículo inestable de anacos angulares de roca que se atopan na base ou preto da base dun cantil ou dunha pendente empinada.	Pedregueira / Coial / Pedregal
249.	<b>Slope</b>	An incline of the ground.	Inclinación do solo.	Pendente
250.	<b>Slope-driven fire</b>	A fire or part of a fire that is spread predominantly by the direction and angle of a slope.	Incendio ou parte dun incendio que se propaga principalmente pola dirección e polo ángulo dunha pendente	Incendio propagado pola pendente
251.	<b>Slope effect</b>	Variations in fire behaviour induced by slope. Slope can both support and hinder fire spread and development and the angle of the slope will have an important influence on the degree of effect. The following descriptions explain the general slope effect that would be expected from a fire spreading upslope and a fire spreading down slope: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Fires spreading upslope</b> –The flames of a fire spreading upslope will be angled towards the unburned fuel above it which will pre-heat the fuel in front of the advancing fire. This pre-heating increases combustibility and rate of spread for fires travelling upslope.</li> <li>• <b>Fires spreading down slope</b> - The flames of fires burning down slope will be angled away from the fuel and will, therefore, lead to less preheating of the fuel in front of the fire. Consequently, the effect of slope on a fire burning down slope is a reduction in combustibility and rate of spread.</li> </ul>	Variación no comportamento do lume inducida por unha pendente. Unha pendente pode apoiar ou dificultar a propagación do lume e a pendente terá unha importante influencia nos efectos do lume. As seguintes descriucións explican o efecto de pendente xeral que se esperaría dun lume que se propaga cara arriba ou cara abaixo por unha pendente: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Lumes que se propagan pendente arriba</b> – As chamas deste tipo de lume orientaranse cara os combustibles que aínda non arderon por riba del, o que prequecerá o combustible que se atopa diante do lume que avanza. Este prequecemento aumenta a combustibilidade e a velocidade de propagación nos lumes que se desprazan cara arriba.</li> <li>• <b>Lumes que se propagan pendente abaixo</b> – As chamas deste tipo de lume orientaranse en sentido contrario ao combustible e, pólo tanto, causarán menos prequecemento do combustible que se atopa por diante do incendio. Como consecuencia, o efecto de pendente dun incendio que se propaga pendente abaixo é a redución da combustibilidade e da velocidade de propagación.</li> </ul>	Efecto de pendente
252.	<b>Slope wind</b>	Highly localised convective winds that occur due to local heating and cooling of a natural incline of the ground <sup>47</sup> . They can be classified in two ways: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Anabatic winds</b> – Upslope winds. Anabatic winds occur when daytime solar radiation heats air at lower elevations causing it to flow upslope.</li> <li>• <b>Katabatic winds</b> – Down slope winds. Katabatic winds occur when air at higher elevations is cooled (often at night) and is subsequently pulled down slope by the force of gravity.</li> </ul>	Ventos convectivos moi localizados que ocorren debido ao quecemento e ao arrefriamento local dunha inclinación natural do terreo. Poden clasificarse como: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Ventos anabáticos</b> – Ventos que sopran ascendentemente por unha pendente. Teñen lugar cando a radiación solar durante o día quente o aire a alturas máis baixas, o que fai que suba pendente arriba.</li> <li>• <b>Ventos catabáticos</b> – Ventos que sopran descendentemente por unha pendente. Teñen lugar cando o aire a alturas máis elevadas se arrefría (normalmente pola noite) e, por tanto, baixa pendente abaixo pola forza da gravidade.</li> </ul>	Vento de pendente
253.	<b>Spring</b>	A point at which water emerges from the ground. Springs often lead to the formation of water channels.	Punto do que emerxe auga desde o solo. Os mananciais adoitan levar á formación de canles de auga.	Manancial / Groto / Gurgullo
254.	<b>Stoss slope</b>	A slope that faces the direction of the general wind. A stoss slope is the opposite of a lee slope.	Pendente que mira cara á dirección do vento. Unha pendente a barlovento é o contrario a unha pendente a sotavento.	Pendente a barlovento
255.	<b>Stream</b>	A smaller body of flowing water which is normally a tributary to a larger body of flowing water.	Pequeno corpo de auga que normalmente é afluente doutro corpo de auga máis grande.	Regato

<sup>47</sup> Source/Fonte: National Wildfire Coordinating Group (2011) Glossary of Wildland Fire Terminology (National Wildfire Coordinating Group, Boise), p.159.



256.	<b>Stump</b>	The woody base of a tree that remains in the ground after felling. Stumps are common slip, trip and fall hazards at wildfire incidents.	Parte do tronco dunha árbore que queda no solo despois de cortalo. Os cepos supoñen perigos comúns de esvaróns, tropezóns e caídas durante incendios forestais.	Cepo
257.	<b>Summit</b>	The top or highest point of a hill or mountain.	Punto máis alto dun outeiro ou dunha montaña.	Cumio / Cume
258.	<b>Swamp</b>	A vegetated area that is permanently flooded. Unlike most other areas of land which are temporarily or permanently flooded by water, swamps may contain dense woody vegetation.	Área de vexetación que está permanentemente inundada. A diferenza da maioría do resto de terreos que están inundados temporal ou permanentemente, os pantanos poden conter vexetación densa e leñosa.	Pantano
259.	<b>Terrace</b>	An area of flat ground which is set into or onto a steep slope.	Terreo chan situado nunha pendente empinada.	Berma
260.	<b>Topographical Wind</b>	When the direction and/or speed of a meteorological wind is altered by the topography of the landscape <sup>48</sup> . Importantly, topographical winds are a general wind adaptation and they occur on a larger scale than more localised slope winds.	Cando a dirección e/ou a velocidade dun vento meteorolóxico se ve alterada pola topografía da paisaxe <sup>49</sup> . É relevante que os ventos topográficos son unha adaptación xeral do vento e teñen lugar a unha escala maior cós ventos de pendente máis localizados.	Vento topográfico
261.	<b>Topographically-driven fire</b>	A fire that is spread predominantly by the shape of the landscape, such as the steepness of slopes and gullies.	Lume que se propaga principalmente pola forma da paisaxe, como pode ser a inclinación das pendentes e dos cavorcos.	Incendio que se propaga pola topografía
262.	<b>Topography</b>	The description and study of the shape and features of the land surface.	Descrición e estudo da forma e das características da superficie da terra.	Topografía
263.	<b>Tributary</b>	A stream or river that flows into another larger stream, river or lake. Tributaries do not flow directly into a sea or ocean.	Regato ou río que desemboca noutro regato ou río máis grande ou nun lago. Os afluentes non desembocan nun mar ou no océano.	Afluente
264.	<b>Valley</b>	An elongated depression between hills or mountains that usually follows the course of a channel of water or ice. The cross-section of a valley will usually resemble one of two shapes: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>V-shaped valley</b> – a valley that usually has shallow sides and a cross-section that resembles the letter “V”. V-shaped valleys are usually formed by the erosion of a channel of flowing water.</li> <li>• <b>U-shaped valley</b> – a type of valley with steep walls and a broad floor, with a cross-section resembling the letter “U”. U-shaped valleys are usually formed by glacial erosion.</li> </ul>	Depresión alongada entre outeiros ou montañas pola que adoita pasar o curso dunha canle de auga ou xeo. A sección transversal dun val adoita semellar unha destas dúas formas. <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Val en forma de V</b> – un val que adoita ter paredes pouco profundas e unha sección transversal que semella a letra “V”. Estes vales adoitan estar formados pola erosión dunha canle de auga corrente.</li> <li>• <b>Val en forma de U</b> – tipo de val con paredes empinadas e fondo amplo, cunha sección transversal que semella a letra “U”. Estes vales adoitan estar formados pola erosión glacial.</li> </ul>	Val
265.	<b>Valley breeze</b>	A localised upslope wind which occurs when the sun rapidly heats the air within a valley causing it to rise upslope. A reversal of this process may occur at night leading to a mountain breeze <sup>50</sup> .	Vento localizado ladeira arriba que ten lugar cando o sol quenta rapidamente o aire dun val, o que fai que suba ladeira arriba. Un proceso inverso pode acontecer durante a noite, o que causa a brisa da montaña <sup>51</sup> .	Brisa do val
266.	<b>Vegetation</b>	A term used to describe all forms of plant life.	Termo empregado para describir todas as formas de flora.	Vexetación
267.	<b>Water channel</b>	Natural or human constructed drainage features that normally contain flowing water. Some common examples of water channels include streams, rivers, dykes and canals.	Elementos de drenaxe naturais ou construídos polo home que normalmente conteñen auga corrente. Algúns exemplos de canles de auga poden ser os regatos, os ríos, as quenllas e os canos.	Canle de auga
268.	<b>Water source</b>	Any natural or artificial body of water which can provide water to support of fire suppression operations. Common examples of water sources include lakes, reservoirs, ponds, rivers and streams.	Calquera corpo de auga natural ou artificial que pode subministrar auga para as operacións de extinción de incendios. Algúns exemplos poden ser os lagos, encoros, lagoas, ríos ou regatos.	Fonte de auga
269.	<b>Water table</b>	The upper level of groundwater. Soil below the water table will be saturated. The level of the water table will vary due to changing conditions.	O nivel superior da auga subterránea. O solo que se atopa debaixo de este nivel estará enchoupado. O nivel da auga variará polas condicións cambiantes.	Nivel freático
270.	<b>Wetland</b>	An area of land that is permanently saturated up to or very near to the land surface.	Área de terra que está permanentemente enchoupada ata ou case ata a superficie da terra.	Zona húmida
271.	<b>Wilderness</b>	1) A wild, uncultivated, and largely uninhabited region, which may be vegetated or non-vegetated; and/or, 2) An area of remarkable natural beauty and ecological diversity.	1) Rexión silvestre, non cultivada e na maior parte deshabitada, cuberta ou non de vexetación; e/ou, 2) Área de beleza natural e biodiversidade extraordinarias.	Paraxe natural / Espazo natural
272.	<b>Wildland</b>	An area in which development is essentially non-existent, except for the presence of basic infrastructure such as roads, railroads and power lines. Any buildings and structures will be widely scattered.	Área na que o desenvolvemento practicamente non existe, a excepción da presenza de infraestruturas básicas como as estradas, a liña do ferrocarril e o tendido eléctrico. Se hai algún edificio ou outras estruturas estarán moi dispersas.	Terras silvestres

<sup>48</sup> This contrasts with more relatively more localised wind adaptations that occur, such as slope winds, land and sea breezes, and valley and mountain breezes.

<sup>49</sup> Isto contrasta con outros ventos relativamente máis localizados, como os ventos de pendente, as brisas de terra e mariñas, e as brisas de val e de montaña.

<sup>50</sup> The daily transitions between valley and mountain breezes follows a similar process to that observed for sea and land breezes.

<sup>51</sup> As transicións diarias entre as brisas do val e da montaña seguen un proceso similar ao das brisas mariña e de terra.

273.	<b>Wildland-Urban Interface (WUI) environment</b>	The zone of transition between wildland and human settlements and/or development.	Zona de transición entre as terras silvestres e os asentamentos humanos e/ou o desenvolvemento.	Interface Urbano-Forestal
------	---	---	---	---------------------------

# Capítulo 6 – Condições meteorolóxicas

***Condições meteorolóxicas: “Estado da atmosfera nun momento e lugar concretos respecto da estabilidade atmosférica, a temperatura, a humidade relativa, a velocidade do vento, a nebulosidade e a precipitación”.***



© Enrico Marchi (Italia)

# 6. Condicións meteorolóxicas

No.	English	English Definition	Definición en galego	Termo en galego
274.	<b>Absolute humidity (AH)</b>	The mass of water contained in a unit volume of moist air <sup>52</sup> .	Masa de auga contida nunha unidade de volume de aire húmido.	Humidade absoluta (HA)
275.	<b>Advection</b>	The transfer of atmospheric properties by the horizontal movement of air. Advection will usually involve the transfer of warmer or cooler air, but it may also involve the transfer of moisture.	Transferencia de propiedades atmosféricas polo movemento horizontal de aire. A advección adoita implicar a transferencia de aire máis quente ou máis frío, pero tamén pode transportar humidade.	Advección
276.	<b>Air mass</b>	An extensive body of air with relatively uniform horizontal levels of temperature, humidity, and pressure.	Corpo extenso de aire que ten niveis horizontais relativamente uniformes de temperatura, humidade e presión.	Masa de aire
277.	<b>Anemometer</b>	An instrument that measures wind speed.	Instrumento que mide a velocidade do vento.	Anemómetro
278.	<b>Aspect</b>	The direction a slope faces in relation to the sun <sup>53</sup> . Aspect is a force of alignment.	A dirección cara a que está unha pendente en relación co sol. A orientación é unha das forzas de aliñación.	Orientación
279.	<b>Atmosphere</b>	The air surrounding the earth. The atmosphere is divided into a series of layers with different characteristics <sup>54</sup> .	Aire que rodea a terra. A atmosfera divídese nunha serie de capas de distintas características <sup>55</sup> .	Atmosfera
280.	<b>Atmospheric inversion</b>	An atmospheric condition that occurs when temperature within a vertical layer of air increases with altitude, resulting in a very stable atmosphere <sup>56</sup> . The inhibition of vertical motion in the atmosphere can allow the build-up of fire-generated smoke pollution <sup>57</sup> .	Condición atmosférica que acontece cando a temperatura dunha capa vertical de aire aumenta coa altitude, o que produce unha atmosfera moi estable <sup>58</sup> . A inhibición do movemento vertical na atmosfera permite a acumulación de contaminación provocada polo fume dun incendio.	Inversión térmica
281.	<b>Atmospheric pressure</b>	The force exerted by the weight of the atmosphere per unit area <sup>59</sup> .	Forza exercida polo peso da atmosfera por unidade de superficie.	Presión atmosférica
282.	<b>Atmospheric saturation</b>	An atmospheric condition which is reached when air at a specific temperature contains all the water vapour it can potentially hold. When saturation occurs, the process of evaporation ceases. Saturated air can also be referred to as 100% relative humidity.	Condición atmosférica que se acada cando o aire a unha temperatura concreta contén todo o vapor de auga que pode conter. Cando acontece a saturación, cesa o proceso de evaporación. O aire saturado tamén pode expresarse como o 100% de humidade relativa.	Saturación atmosférica
283.	<b>Atmospheric stability</b>	The degree to which the vertical movement of air within the atmosphere is enhanced or suppressed. The stability of the atmosphere can be classified in one of three ways: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Stable atmosphere</b> – An atmospheric condition that occurs when the potential temperature within a vertical layer of air increases with altitude<sup>60</sup>. A stable atmosphere will suppress the vertical movement of air (i.e. convection) and is likely to produce predictable fire behaviour. The inhibition of vertical motion in the atmosphere can also cause a build-up of fire-generated smoke pollution.</li> <li>• <b>Neutral atmosphere</b> – A neutral atmosphere will neither enhance nor suppress the vertical movement of air.</li> <li>• <b>Unstable atmosphere</b> – An atmospheric condition that occurs when the potential temperature within a vertical layer of air decreases with altitude<sup>61</sup>. An unstable atmosphere will enhance and support the vertical movement of air and is more likely to produce erratic, unpredictable and extreme fire behaviour.</li> </ul>	Grao ao que o movemento vertical do aire dentro da atmosfera se reforza ou suprime. Pode clasificarse de tres maneiras: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Atmosfera estable</b> – Condición atmosférica que ten lugar cando a temperatura potencial dentro dunha capa vertical de aire aumenta coa altura. Unha atmosfera estable eliminará o movemento vertical de aire (é dicir, a convección) e é probable que produza un comportamento do lume predicible. A inhibición do movemento vertical na atmosfera tamén pode causar un efecto de aceleración na contaminación polo fume xerado polo lume.</li> <li>• <b>Atmosfera neutra</b> – A atmosfera neutra non reforzará nin eliminará o movemento vertical de aire.</li> <li>• <b>Atmosfera inestable</b> – Condición atmosférica que ten lugar cando a temperatura potencial dentro dunha capa vertical de aire diminúe coa altura. Unha atmosfera inestable reforzará e apoiará o movemento vertical de aire e é máis probable que produza un comportamento do lume impredecible e extremo.</li> </ul>	Estabilidade atmosférica

<sup>52</sup> Source/Fonte: [www.nsidc.org/arcticmet/glossary/absolute\\_humidity.html](http://www.nsidc.org/arcticmet/glossary/absolute_humidity.html)

<sup>53</sup> A slope receiving direct sunlight at a particular point in time is described as being in aspect, while a slope not receiving direct sunlight at a particular point in time is described as being out of aspect.

<sup>54</sup> The layers of the atmosphere, in order as they extend away from the earth, are: troposphere, stratosphere, mesosphere, thermosphere and exosphere.

<sup>55</sup> As capas da atmosfera, na orde na que están colocadas desde a terra, son: a troposfera, a estratosfera, a mesosfera, a termosfera e a exosfera.

<sup>56</sup> This is contrary to the usual situation in which potential temperature decreases with increasing altitude.

<sup>57</sup> Based on the definition provided by the/Baseada na definición ofrecida polo Global Fire Monitoring Center (2010) International Multi-Lingual Fire Management Terminology (Global Fire Monitoring Center, Freiburg), pp.212-3.

<sup>58</sup> É o contrario á situación habitual, na que a temperatura potencial diminúe ao aumentar a altitude.

<sup>59</sup> Source/Fonte: [www.firenotes.com/wild3rd/redwild3terms/redwild3ch1terms.php](http://www.firenotes.com/wild3rd/redwild3terms/redwild3ch1terms.php)

<sup>60</sup> With thanks to Karl Kitchen of the MET Office for his contribution/Grazas a Karl Kitchen da MET Office pola súa achega.

<sup>61</sup> With thanks to Karl Kitchen of the MET Office for his contribution/Grazas a Karl Kitchen da MET Office pola súa achega.

284.	<b>Average wind direction</b>	The most frequent direction from which a wind blows at a particular location over a specified period of time, usually 10 minutes as specified by the World Meteorological Organisation <sup>62</sup> .	A dirección máis frecuente na que sopra o vento nun lugar concreto durante un período de tempo específico, normalmente de 10 minutos, tal e como especifica a Organización Meteorolóxica Mundial.	Dirección media do vento
285.	<b>Average wind speed</b>	The mean average wind speed at a particular location over a specified period of time, usually 10 minutes as specified by the World Meteorological Organisation <sup>63</sup> .	Velocidade media do vento nun lugar concreto durante un período de tempo específico, normalmente de 10 minutos, tal e como especifica a Organización Meteorolóxica Mundial.	Velocidade media do vento
286.	<b>Barometer</b>	An instrument used for measuring atmospheric pressure.	Instrumento empregado para medir a presión atmosférica.	Barómetro
287.	<b>Beaufort Scale</b>	A system for estimating wind speeds based on observation of visible wind effects. A series of descriptions of visible wind effects upon land objects or sea surfaces is matched with a corresponding series of wind speed ranges, each being allocated a Beaufort number <sup>64</sup> .	Sistema para estimar a velocidade do vento baseado na observación dos efectos visibles do vento. Unha serie de descrições dos efectos visibles do vento nos obxectos terrestres ou na superficie do mar corresponde cunha serie de rangos de velocidades do vento, e a cada un deles correspóndelle unha forza ou cifra Beaufort.	Escala Beaufort
288.	<b>Breeze</b>	A gentle constant wind. The Beaufort Scale defines a breeze as any wind with a speed of between 7 and 50 kilometres per hour <sup>65</sup> .	Vento suave e constante. A escala Beaufort define a brisa como un vento cunha velocidade de entre 7 e 50 quilómetros por hora <sup>66</sup> .	Brisa
289.	<b>Cloud</b>	A visible body of fine water droplets or ice particles suspended within the atmosphere.	Masa visible de gotas e auga ou partículas de xeo suspendida na atmosfera.	Nube
290.	<b>Cloud cover</b>	The amount of sky obscured by cloud at a particular location. Cloud cover is expressed in eighths (usually called octas), where eight eighths is used to describe complete cloud cover.	Cantidade de ceo escurecido por nubes nun lugar concreto. Exprésase en oitavos (tamén chamados octas), e oito oitavos corresponde á nebulosidade completa.	Nebulosidade
291.	<b>Cloud types</b>	A visible body of fine water droplets or ice particles suspended within the atmosphere. There are a significant number of different types of clouds; however, there are three key cloud types that are particularly important for wildfire suppression activities because they can be used as a visual indicator of atmospheric stability: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Stratus clouds</b> – low altitude clouds (below 6,000 feet) with a flat or sheet-like appearance which develop within a stable layer of the atmosphere.</li> <li>• <b>Cumulus clouds</b> – clouds with strong vertical development (below 6,000 feet) which develop within an unstable layer of the atmosphere. Cumulus clouds often have a lumpy or piled up appearance.</li> <li>• <b>Cumulonimbus clouds</b> – clouds with very strong vertical development which develop within an unstable layer of the atmosphere. The base of cumulonimbus clouds is near to ground level and they can extend vertically beyond 50,000 feet. Cumulonimbus clouds sometimes have a characteristic anvil shape.</li> <li>• <b>Fog</b> – A cloud with its base on the ground surface.</li> </ul>	Masa visible de gotas de auga ou partículas de xeo suspendida na atmosfera. Existe un número significativo de tipos de nubes; porén, hai tres tipos fundamentais que son particularmente relevantes para as actividades de extinción de incendios forestais porque poden empregarse como indicadores visuais de estabilidade atmosférica. <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Nubes stratus</b> – nubes de pouca altura (por debaixo dos 6.000 pés) con aparencia plana, similar a un folio, que se desenvolven dentro dunha capa estable da atmosfera.</li> <li>• <b>Nubes cumulus</b> – nubes cun considerable desenvolvemento vertical (por debaixo dos 6.000 pés), que se forman dentro dunha capa inestable da atmosfera. Adoitan ter unha aparencia grumosa ou de morea.</li> <li>• <b>Nubes cumulonimbus</b> – nubes cun gran desenvolvemento vertical, que se forman dentro dunha capa inestable da atmosfera. A base destas nubes está preto do nivel do chan e poden estenderse verticalmente máis de 50.000 pés. Ás veces as nubes cumulonimbus teñen unha característica forma de bigornia.</li> <li>• <b>Néboa</b> – nube cuxa base está na superficie do solo.</li> </ul>	Tipos de nubes
292.	<b>Condensation</b>	The process by which a gas is transformed to a liquid.	Proceso polo que un gas se transforma nun líquido.	Condensación
293.	<b>Convection</b>	The transfer of heat by the movement of a gas or liquid. In meteorology, convection is the predominantly vertical movement of warmed air. Convection at a wildfire incident can lead to spotting.	Transmisión de calor polo movemento dun gas ou dun líquido. En meteoroloxía, a convección é o movemento principalmente vertical do aire quente. Nun incendio forestal, a convección pode producir focos secundarios.	Convección
294.	<b>Convection column</b>	A rising column of pre-heated smoke, ash, particles and other debris produced by a fire.	Columna ascendente de gases, fume, cinza, partículas e outros refugallos prequentados producidos polo lume.	Columna convectiva
295.	<b>Convection-driven fire</b>	A fire that is spread predominantly by the intensity of the convection column.	Lume que se propaga principalmente pola intensidade da columna convectiva.	Incendio propagado pola convección
296.	<b>Desorption</b>	The process by which dead plant material loses moisture to the	Proceso polo que a materia de vexetación morta libera humidade á	Desorción

<sup>62</sup> With thanks to Karl Kitchen of the MET Office for his contribution/Grazas a Karl Kitchen da MET Office pola súa achega.

<sup>63</sup> With thanks to Karl Kitchen of the MET Office for his contribution/Grazas a Karl Kitchen da MET Office pola súa achega.

<sup>64</sup> Source/Fonte: Australasian Fire and Emergency Service Authorities Council (2009) Wildfire Glossary (Australasian Fire and Emergency Service Authorities Council, Melbourne), p.3.

<sup>65</sup> Which is equivalent to: 5 to 31 miles per hour, or 4 to 27 knots.

<sup>66</sup> O que equivale a de 5 a 31 millas por hora, ou de 4 a 27 nós.

		atmosphere.	atmosfera.	
297.	<b>Dew</b>	Moisture which collects in small droplets on the surface of vegetation through the process of condensation. Dew predominantly forms at night.	Humidade que se concentra en pequenas gotiñas na superficie da vexetación polo proceso da condensación. Fórmase principalmente pola noite.	Rosada / Resío / Orballo
298.	<b>Dew point</b>	The temperature at which air must be cooled in order for atmospheric saturation to occur and, subsequently, for dew to form. Dew point can therefore be used as a measure of the moisture content of the air.	Temperatura á que o aire debe arrefriarse para que teña lugar a saturación atmosférica e, por tanto, para que se forme a rosada. O punto de rosada pode empregarse para medir o contido de humidade do aire.	Punto de rosada
299.	<b>Drought</b>	A prolonged period of abnormally low precipitation within a particular area.	Período prolongado de precipitacións por debaixo do normal nunha zona concreta.	Seca / Secura
300.	<b>Evaporation</b>	The process by which a liquid or solid is transformed to a gas/vapour.	Proceso polo que un líquido ou sólido se transforma nun gas/vapor.	Evaporación
301.	<b>Fire environment</b>	The surrounding conditions, influences, and modifying forces of topography, fuel, and weather that determine fire behaviour, fire effects and impact.	As condicións circundantes, influencias e forzas que modifican a topografía, o combustible e as condicións meteorolóxicas que determinan o comportamento, os efectos e o impacto do lume.	Ambiente do lume
302.	<b>Fire storm</b>	Violent convection caused by a large continuous area of intense fire.	Convección violenta causada por unha zona ampla e continua dun lume intenso.	Tormenta de lume / Nube convectiva de lume
303.	<b>Fire whirl</b>	Spinning vortex column of ascending hot air and gases rising from a fire and carrying aloft smoke, debris, and flame <sup>67</sup> .	Columna que rota en forma de espiral, composta de aire quente e gases que xorden dun lume e que arrastran cara arriba fume, refugallos e chama.	Remuíño de lume
304.	<b>Fire wind</b>	The inflow of air close to a fire caused by the action of convection <sup>68</sup> . Fire winds influence fire spread.	Entrada de aire preto dun lume, causada pola acción da convección. Os ventos convectivos inflúen na súa propagación.	Vento convectivo
305.	<b>Forces of Alignment</b>	A collective term for the forces that have a significant impact on wildfire behaviour. These forces can support or hinder fire development and can be used to predict likely fire behaviour, including fire spread and fire intensity. Wind, slope and aspect are considered to be key forces of alignment.	Termo colectivo para as forzas que teñen un impacto significativo no comportamento dun incendio. Estas forzas poden apoiar ou dificultar o desenvolvemento do incendio e poden usarse para predicir o comportamento máis probable do lume, incluíndo a súa propagación e a intensidade. O vento, a pendente e a orientación considéranse forzas de aliñación claves.	Forzas de aliñación
306.	<b>Humidity</b>	A generic term used to describe the amount of water vapour in the air.	Termo xenérico que se emprega para describir a cantidade de vapor de auga no aire.	Humidade
307.	<b>Hygrometer<sup>69</sup></b>	An instrument used for measuring the relative humidity of the air.	Aparello empregado para medir a humidade relativa do aire.	Higrómetro
308.	<b>Isobar</b>	A line on a weather map which connects points of equal atmospheric pressure.	Liña nun mapa do tempo que conecta puntos coa mesma presión atmosférica.	Isóbara
309.	<b>Isotherm</b>	A line on a weather map which connects points of equal temperature.	Liña nun mapa do tempo que conecta puntos coa mesma temperatura.	Isoterma
310.	<b>Land breeze</b>	A local night time breeze which occurs when cooler, higher pressure air above the land surface moves offshore to replace warmer air rising above coastal waters.	Brisa local que ten lugar pola noite e acontece cando o aire de máis presión que se atopa por riba da superficie da terra se move cara á costa, substituíndo o aire máis quente que sobe desde as augas próximas á costa.	Brisa de terra
311.	<b>Meteorological winds</b>	The movement of air within the upper air level masses as a result of atmospheric pressure variations. Meteorological winds generate regional weather patterns.	Movement de aire no nivel máis alto das masas de aire, como resultado das variacións na presión atmosférica. Estes ventos adoitan xerar patróns meteorolóxicos rexionais.	Ventos meteorolóxicos
312.	<b>Mountain breeze</b>	A localised downslope wind which occurs at night when cool mountain air sinks downslope to replace warmer air found at lower elevations. A reversal of this process may occur during the day leading to a valley breeze <sup>70</sup> .	Vento localizado ladeira abaixo que ten lugar pola noite cando o aire frío da montaña baixa para substituír o aire máis quente que se atopa a máis baixas alturas. Un proceso inverso pode acontecer durante o día, o que causa a brisa do val <sup>71</sup> .	Brisa da montaña
313.	<b>Potential temperature</b>	The temperature a parcel of air would have if moved vertically to some other reference height.	Temperatura que tería unha parcela de aire se se movese verticalmente ata outra altura de referencia.	Temperatura potencial
314.	<b>Precipitation</b>	All forms of water, whether liquid (e.g. rain) or solid (e.g. snow or hail), that fall from the atmosphere and reach the ground.	Todas as formas de auga, sexa líquida (por exemplo, a chuvia) ou sólida (por exemplo, neve ou sarabia), que cae da atmosfera e chega ao solo.	Precipitación
315.	<b>Prevailing wind</b>	The predominant wind direction.	Dirección predominante do vento.	Vento preponderante

<sup>67</sup> Source/Fonte: National Wildfire Coordinating Group (2008) Glossary of Wildland Fire Terminology (National Wildfire Coordinating Group, Boise), p.79.

<sup>68</sup> Source/Fonte: Australasian Fire and Emergency Service Authorities Council (2009) Wildfire Glossary (Australasian Fire and Emergency Service Authorities Council, Melbourne), p.13.

<sup>69</sup> An alternative term for a hygrometer is a psychrometer.

<sup>70</sup> The daily transitions between valley and mountain breezes follow a similar process to that observed for sea and land breezes.

<sup>71</sup> As transicións diarias entre as brisas do val e da montaña seguen un proceso similar ao das brisas mariña e de terra.

316.	<b>Radiometer</b>	An instrument that measures electromagnetic radiation. Radiometers mounted on satellites measure the characteristics of fires, vegetation and clouds and are used to detect and monitor wildfires and their impact.	Instrumento que mide a radiación electromagnética. Os radiómetros instalados en satélites miden as características do lume, vexetación e nubes, e empréganse para a detección e seguimento dos incendios forestais e do seu impacto.	Radiómetro
317.	<b>Relative humidity (RH)</b>	The amount of water vapour present in the air expressed as a percentage of the amount of vapour needed for saturation to occur at the same temperature. Saturated air is referred to as 100% relative humidity.	A cantidade de vapor de auga presente no aire, expresada como porcentaxe da cantidade de vapor que se precisa para que teña lugar a saturación á mesma temperatura. O aire saturado exprésase como unha humidade relativa do 100%.	Humidade relativa (RH)
318.	<b>Sea breeze</b>	A daytime breeze in which cooler, higher pressure air from over coastal waters moves on shore to replace heated air rising off the warmer land mass <sup>72</sup> .	Brisa diúrna na que o aire máis frío e de presión máis alta que provén das augas costeiras móvese cara a beiramar e substitúe o aire quente que sobe desde a masa de terra, que está máis quente.	Brisa mariña
319.	<b>Slope wind</b>	Highly localised convective winds that are caused by local heating and cooling of a natural incline of the ground <sup>73</sup> . There are two types of slope winds: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Anabatic winds</b> – Upslope winds. Anabatic winds occur when daytime solar radiation heats air at lower elevations causing it to flow upslope.</li> <li>• <b>Katabatic winds</b> – Down slope winds. Katabatic winds occur when air at higher elevations is cooled (often at night) and is subsequently pulled down slope by the force of gravity.</li> </ul>	Ventos convectivos moi localizados que ocorren debido ao quecemento e ao arrefriamento local dunha inclinación natural do terreo. Poden clasificarse como: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Ventos anabáticos</b> – Ventos que sopran ascendentemente por unha pendente. Teñen lugar cando a radiación solar durante o día quente o aire a alturas máis baixas, o que fai que sobe pendente arriba.</li> <li>• <b>Ventos catabáticos</b> – Ventos que sopran descendentemente por unha pendente. Teñen lugar cando o aire a alturas máis elevadas se arrefría (normalmente pola noite) e, por tanto, baixa pendente abaixo pola forza da gravidade.</li> </ul>	Vento de pendente
320.	<b>Smoke</b>	The atmospheric suspension of small particles of solids and liquids produced by combustion.	Suspensión atmosférica de pequenas partículas de sólidos e líquidos producidos pola combustión.	Fume
321.	<b>Solar radiation</b>	Energy emitted by the sun which indirectly heats the earth's surface. Solar radiation has a significant influence on weather.	Enerxía emitida polo sol que quente a superficie da terra indirectamente. A radiación solar ten unha influencia importante nas condicións meteorolóxicas.	Radiación solar
322.	<b>Temperature</b>	The degree or intensity of heat present in a substance or object. Temperature is expressed using a comparative scale (usually degrees Celsius or degrees Fahrenheit).	Grao ou intensidade da calor presente nunha substancia ou obxecto. A temperatura exprésase empregando unha escala comparativa (normalmente graos Celsius ou Fahrenheit).	Temperatura
323.	<b>Thermograph</b>	A thermometer that automatically and continuously records air temperature on a chart.	Termómetro que rexistra a temperatura do aire automática e continuamente nun gráfico.	Termógrafo
324.	<b>Thermometer</b>	An instrument used to measure air temperature.	Instrumento empregado para medir a temperatura do aire.	Termómetro
325.	<b>Topographical wind</b>	When the direction and/or speed of a meteorological wind is altered by the topography of the landscape <sup>74</sup> . Importantly, topographical winds are a general wind adaptation and they occur on a larger scale than more localised slope winds.	Cando a dirección e/ou a velocidade dun vento meteorolóxico se ve alterado pola topografía da paisaxe <sup>75</sup> . É relevante destacar que os ventos topográficos son unha adaptación xeral do vento e teñen lugar a unha escala maior cós ventos de pendente máis localizados.	Vento topográfico
326.	<b>Valley breeze</b>	A localised upslope wind which occurs when the sun rapidly heats the air within a valley causing it to rise upslope. A reversal of this process may occur at night leading to a mountain breeze <sup>76</sup> .	Vento localizado ladeira arriba que ten lugar cando o sol quente rapidamente o aire dun val, o que fai que suba ladeira arriba. Un proceso inverso pode acontecer durante a noite, o que causa a brisa da montaña <sup>77</sup> .	Brisa do val
327.	<b>Weather</b>	The state of the atmosphere at a given time and place with respect to atmospheric stability, temperature, relative humidity, wind speed, cloud cover and precipitation <sup>78</sup> .	Estado da atmosfera nun momento e lugar concretos respecto da estabilidade atmosférica, a temperatura, a humidade relativa, a velocidade do vento, a nebulosidade e a precipitación.	Condicións meteorolóxicas / Tempo atmosférico
328.	<b>Weather history</b>	A description of the state of the atmosphere during the hours, days or weeks preceding a wildfire <sup>79</sup> .	Descrición do estado da atmosfera durante as horas, días ou semanas anteriores a un incendio forestal.	Historial de condicións atmosféricas

<sup>72</sup> <sup>57</sup> Source/Fonte: Global Fire Monitoring Center (2010) International Multi-Lingual Fire Management Terminology (Global Fire Monitoring Center, Freiburg), p.296.

<sup>73</sup> Source/Fonte: National Wildfire Coordinating Group (2011) Glossary of Wildland Fire Terminology (National Wildfire Coordinating Group, Boise), p.159.

<sup>74</sup> This contrasts with more relatively more localised wind adaptations that occur, such as slope winds, land and sea breezes, and valley and mountain breezes.

<sup>75</sup> Isto contrasta con outros ventos relativamente máis localizados, como os ventos de pendente, as brisas de terra e mariñas, e as brisas de val e de montaña.

<sup>76</sup> The daily transitions between valley and mountain breezes follows a similar process to that observed for sea and land breezes.

<sup>77</sup> As transicións diarias entre as brisas do val e da montaña seguen un proceso similar ao das brisas mariña e de terra.

<sup>78</sup> Based on the definition provided for "Weather" within/Baseada na definición de "Weather" de NFPA (2011) NFPA 921 – Guide for Fire and Explosion Investigations (NFPA, Quincy, Massachusetts), p.260

<sup>79</sup> Based on the definition provided for "Weather History" within/ Baseada na definición de "Weather History" de NFPA (2011) NFPA 921 – Guide for Fire and Explosion Investigations (NFPA, Quincy, Massachusetts), p.261.

329.	<b>Wind</b>	The horizontal movement of air within the atmosphere. Wind has a strong influence on fire behaviour and is one of the forces of alignment.	Movemento horizontal de aire na atmosfera. O vento ten unha grande influencia no comportamento do lume e é unha das súas forzas de aliñación.	Vento
330.	<b>Wind direction</b>	The direction from which the wind is blowing. A change in average wind direction is termed a “wind shift”.	Dirección na que sopra o vento. Un cambio na dirección media do vento chámase “cambio do vento”.	Dirección do vento
331.	<b>Wind drift</b>	The effect of the wind on water and retardant drops. For precise drops, pilots need to make a correction for wind drift. Generally speaking, the higher the drop the greater the potential drift.	Efecto do vento na auga e nas descargas de retardante. Para descargas precisas, os pilotos teñen que corrixilas pola deriva do vento. En xeral, canta máis altura teña a descarga maior será a potencial deriva.	Deriva do vento
332.	<b>Wind-driven fire</b>	A fire or part of a fire that is spread predominantly by the speed and direction of the wind.	Incendio ou parte dun incendio que se propaga principalmente pola velocidade e dirección do vento.	Incendio propagado polo vento
333.	<b>Wind gust</b>	A short burst of high speed wind.	Golpe curto de vento de alta velocidade.	Ventada / Refacho
334.	<b>Wind shift</b>	A change in average wind direction.	Cambio na dirección media do vento	Cambio do vento
335.	<b>Wind speed</b>	The rate at which air moves horizontally past a particular location at a particular point in time.	Ritmo do movemento horizontal do aire ao pasar por un lugar preciso nun momento preciso.	Velocidade do vento



# Sección 2:

## Operaciones de extinción de incendios



**Inclúe os seguintes capítulos:**

**7. Seguridade**

**8. Comando de incidentes**

**9. Táctica**

**10. Cartografía e lectura de mapas**

**11. Equipamento**

**13. Operacións aéreas**

# Capítulo 7 – Seguridade

***Seguridade: “Cando a exposición a perigos está controlada a un nivel aceptable”.***



**Un vixía controlando un incendio forestal para garantir a seguridade do personal de extinción.**

**© José Antonio Grandas Arias (Galicia, España)**

# 7. Seguridade

No.	English	English Definition	Definición en galego	Termo en galego
336.	<b>Access</b>	A point of entry, exit and/or route to an incident location.	Punto de entrada, saída e/ou paso ao lugar dun incidente.	Acceso
337.	<b>Accident</b>	An unexpected and undesirable event that causes injury or illness to a person or persons and/or damage to property or the environment.	Evento inesperado e indesexado que causa danos ou enfermidades a unha persoa ou varias e/ou dana as propiedades ou o medio ambiente.	Accidente
338.	<b>Accident investigation</b>	The process of determining the circumstances and cause(s) of an accident or near miss incident. The seriousness of the accident or near miss incident will usually dictate the level of investigation required.	Proceso de determinar as circunstancias e causa(s) dun accidente ou cuasiaccidente. A súa gravidade adoita determinar o nivel de investigación requirido.	Investigación dun accidente
339.	<b>Accident report</b>	A document which records the circumstances and causes of an accident or near miss incident. The primary purpose of accident reporting is to identify measures that can be taken to reduce the likelihood of recurrence. In some circumstances an organisation may have a legal obligation to complete and submit an accident report to a relevant authority.	Documento que rexistra as circunstancias e causas dun accidente ou cuasiaccidente. O principal obxectivo destes informes é identificar as medidas que se poden tomar para reducir a probabilidade de que volva ocorrer. Nalgunhas circunstancias unha organización pode ter a obriga legal de elaborar e entregar un informe de accidente á autoridade competente.	Informe de accidente
340.	<b>Advancing fire</b>	This is fire progression associated with the head (front) of the fire. Fire behaviour in this area is usually characterized by more intense burning, increased flame height and length and more rapid rates of spread. It will usually occur when a fire burns with the support of one or more forces of alignment (for instance, wind, slope or aspect) <sup>80</sup> .	Progresión do lume que se asocia coa cabeza (fronte) do lume. O comportamento do lume nesta área adoita estar caracterizada por un queimado máis intenso, unha maior altura das chamas e uns índices máis altos de propagación. Isto acontecerá a miúdo cando o lume arde coa axuda dunha ou máis forzas de aliñación (por exemplo, o vento ou a pendente).	Lume frontal
341.	<b>Anaphylaxis<sup>81</sup></b>	A severe and potentially life threatening allergic reaction that can affect many systems within the body, including: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Airways</li> <li>• Breathing</li> <li>• Circulation of the blood</li> </ul> The most common triggers of anaphylaxis are insect stings, certain types of food and certain types of medication <sup>82</sup> . Anaphylaxis should always be treated as a medical emergency.	Reacción alérxica grave e potencialmente mortal que pode afectar a moitos sistemas do corpo, incluíndo: <ul style="list-style-type: none"> <li>• As vías respiratorias</li> <li>• A respiración</li> <li>• A circulación do sangue</li> </ul> A anafilaxia adoita estar provocada por picaduras de insectos, certos tipos de comida e certos tipos de medicación. Debe tratarse sempre como unha emerxencia médica.	Anafilaxia / Shock anafiláctico
342.	<b>Anchor point</b>	An advantageous location, usually a barrier to fire spread, from which to begin constructing a control line. An anchor point is essential when constructing a control line because it will ensure that the control line is completely closed and that the fire cannot breakout of the area of containment. The creation of an anchor point is sometimes a key element included within the LACES safety protocol.	Localización vantaxosa, habitualmente unha barreira para a propagación do lume, desde a que se comeza a construír unha liña de defensa. O punto de iniciación é fundamental porque asegura que a liña estea totalmente pechada e que o lume non pode pasar da área de contención. A creación deste punto é ás veces un elemento clave incluído no protocolo de seguridade OCEL.	Punto de iniciación dunha liña / Punto de ancoraxe
343.	<b>Asphyxia</b>	A serious medical condition which leads to loss of consciousness or death. It is caused by an extreme decrease in the concentration of oxygen and an associated increase in the concentration of carbon dioxide within the body. Some common causes of asphyxia include: inhalation of toxic gases; choking; drowning; and, electric shock.	Doenza grave que leva á perda de consciencia ou á morte. É causada pola diminución extrema da concentración de osíxeno e o conseguinte aumento da concentración de dióxido de carbono no corpo. Algunhas causas comúns de asfixia son: a inhalación de gases tóxicos, atragoantamento, afogamento e electrocución.	Asfixia
344.	<b>Audible warning device</b>	A signalling device which generates a loud siren to provide a warning. Audible warning devices are sometimes mounted to aircraft and are sounded by pilots to warn ground teams that an aircraft is approaching to make a drop.	Aparello de comunicación que xera unha sirena para transmitir unha advertencia. Ás veces estes dispositivos instálanse nas aeronaves e son accionados polos pilotos para advertir aos equipos terrestres de que se achega unha aeronave que vai facer unha descarga.	Dispositivo de alarma acústica
345.	<b>Black area</b>	An area of fuel that is black in appearance because some or all of the fuel has been burnt. A black area may support a second burn if some fuel remains and this could represent a safety risk to suppression personnel.	Zona de combustible que ten unha aparencia negra, xa que unha parte ou a totalidade do combustible xa ardeu. Estas zonas poden contribuír a unha segunda queima se queda algún combustible, o que podería supoñer un risco para a seguridade do persoal de	Zona negra

<sup>80</sup> This is an amendment from the definition of “advancing fire” provided within the/Modificación da definición de “advancing fire” incluída no National Wildfire Coordinating Group (2005) Wildfire Origin and Cause Determination Handbook (National Wildfire Coordinating Group Fire Investigation Working Team; USA), p.7.

<sup>81</sup> Also referred to as “anaphylactic shock”.

<sup>82</sup> Website: <http://www.nhs.uk/Conditions/Anaphylaxis/Pages/Introduction.aspx>

			extinción.	
346.	<b>Blind area</b>	An area in which neither the ground nor its vegetation can be seen from an observation point.	Zona cuxo solo e vexetación non poden ser vistos desde un punto de observación dado.	Zona cega
347.	<b>Breakout</b>	The escape of a fire from an area of containment.	Escape do lume dunha zona de contención.	Devasa desbordada
348.	<b>Briefing</b>	A meeting during which relevant information is exchanged.	Reunión na que se intercambia información relevante.	Sesión informativa
349.	<b>Burn</b>	i) To be on fire. j) An area of fuel consumed or partly consumed by a fire. k) An injury to flesh caused by a cauterizing agent, heat from a fire, or a heated object. l) A managed fire (i.e. an operational burn or prescribed burn)	a) Arder. b) Zona de combustible consumida ou parcialmente consumida polo lume. c) Ferida na pel causada por un axente cauterizante, calor dun lume ou un obxecto quente. d) Un lume controlado (é dicir, un contralume ou unha queima prescrita).	Queimar (a) Queimado (b) Queimadura (c) Queima (c)
350.	<b>Burnover</b>	A situation where personnel or equipment are caught in an advancing flame front.	Situación na que o persoal de extinción se ve atrapado nunha fronte de chamas que se está propagando.	Confinamento polo lume
351.	<b>Burn supervisor</b>	A person who manages the actions, assignments and safety of a burn team.	Persoa que xestiona as accións, tarefas e seguridade dun equipo de queima.	Xefe de brigada de queima
352.	<b>Chain of command</b>	The line of authority and responsibility along which operational orders are passed. Also commonly referred to as "line of command".	Liña de autoridade e responsabilidade pola que se pasan as ordes dunha operación. Tamén se lle chama "liña de mando".	Cadea de mando
353.	<b>Command</b>	The authority of an agency to direct and control resources. Command is delegated to an individual.	Autoridade dunha axencia para dirixir e controlar recursos. O mando delégase nun individuo.	Mando / Comando
354.	<b>Competency</b>	When a person has the authority and sufficient technical knowledge, training and experience to carry out their assigned tasks safely and effectively.	Cando unha persoa ten a autoridade e suficientes coñecementos técnicos, formación e experiencia para levar a termo as tarefas que se lle asignaron con seguridade e de xeito eficaz.	Competencia
355.	<b>Dehydration</b>	A medical condition resulting from the loss of excessive amounts of water/fluid from a person's body. This excessive loss of fluid can upset the delicate fluid-salt balance which is required to maintain healthy cells and tissue. Strenuous activity, excessive sweating and prolonged exposure to heat are common causes of dehydration at wildfire incidents.	Doenza causada pola perda de excesivas cantidades de auga/flúidos do corpo dunha persoa. Isto pode desbaratar o delicado equilibrio fluído-sal, que se precisa para manter sas as células e os tecidos. A actividade intensa, a suoración excesiva e a exposición prolongada á calor son causas comúns de deshidratación en situacións de incendios forestais.	Deshidratación
356.	<b>Dynamic risk assessment</b>	The continuous process of identifying hazards, assessing risk, taking action to eliminate or reduce risk, monitoring and reviewing, in the rapidly changing circumstances of an operational incident <sup>83</sup> .	Proceso continuo de identificación de perigos, avaliación de riscos, actuacións para eliminar ou reducir os riscos, seguimento e revisión, nas circunstancias rapidamente cambiantes dun incidente no que se efectúan operacións.	Avaliación de riscos dinámica
357.	<b>Escape plan</b>	Predetermined actions to be enacted in the event of unforeseen hazardous circumstances (for instance, an unexpected change in fire behaviour). An escape plan must include an escape route. The development of an escape plan is a key element of the LACES Safety Protocol.	Accións establecidas previamente que se tomarán no caso de circunstancias perigosas imprevistas (por exemplo, un cambio inesperado no comportamento do lume). Un plan de escape debe incluír unha vía de escape. O desenvolvemento dun plan de escape é un elemento clave do Protocolo de Seguridade OCEL.	Plan de escape
358.	<b>Escape route</b>	A pre-planned route to be taken in the event of unforeseen hazardous circumstances (for instance, an unexpected change in fire behaviour). An escape route is an important part of an escape plan and is a key element of the LACES Safety Protocol.	Camiño establecido previamente que se tomará no caso de circunstancias perigosas imprevistas (por exemplo, un cambio inesperado no comportamento do lume). Unha vía de escape é unha parte importante dun plan de escape e é un elemento clave do Protocolo de Seguridade OCEL.	Vía de escape
359.	<b>Evacuation</b>	The removal of people from dangerous or potentially dangerous areas and their subsequent relocation to safe areas.	Retirada de persoas de zonas perigosas ou potencialmente perigosas, e o seu posterior traslado a zonas seguras.	Evacuación
360.	<b>Extreme fire behaviour</b>	Fire behaviour that becomes erratic or difficult to predict due to its rate of spread and/or flame length. This type of fire behaviour often influences its environment and can represent a significant risk to suppression personnel.	Comportamento do lume que se volve errático ou difícil de predicir debido á súa velocidade de propagación e/ou lonxitude de chama. Este tipo de comportamento do lume adoita influír no seu ambiente e pode supoñer un risco importante para o persoal de extinción.	Comportamento extremo do lume
361.	<b>Fire behavior forecast</b>	A prediction of probable fire behaviour to be used to inform fire suppression operations. Fire behaviour forecasts can be used to maintain safety, as well as for other purposes.	Prognóstico do comportamento probable do lume para informar nas operacións de extinción de lume. Estas predicións poden empregarse para manter a seguridade, así como para outros fins.	Predición do comportamento do lume
362.	<b>Fire danger</b>	A general term used to express an assessment of both fixed and variable factors of the fire environment that determine the ease of ignition, rate of	Termo xeral empregado para expresar unha avaliación tanto dos factores fixos coma variables do ambiente de incendio que	Perigo de incendios

<sup>83</sup> HM Government (2008) The Fire Service Manual Volume 2, Fire Service Operations: Incident Command, Third Edition (London: TSO), available at: <http://www.communities.gov.uk/documents/fire/pdf/incidentcommand.pdf>

		spread, difficulty of control, and impact. Fire danger is often expressed as an index <sup>84</sup> .	determinan a facilidade de ignición, o ritmo de propagación, a dificultade de control e o impacto do lume. Adoita expresarse en forma de índice.	
363.	<b>Fire prediction system</b>	A method or tool used to forecast future behaviour of a fire. Fire prediction systems are an important tool that can be used to maintain safety.	Método ou ferramenta empregados para prognosticar o comportamento dun incendio. Estes sistemas son ferramentas importantes para manter a seguridade.	Sistema de predición de incendios
364.	<b>Fire risk</b>	The probability of a wildfire occurring and its potential impact on a particular location at a particular time. Wildfire risk is calculated using the following equation: Fire risk = probability of occurrence x potential impact	Probabilidade de que un incendio teña lugar, e o seu impacto potencial nun determinado lugar e momento. O risco de incendio calcúlase mediante a seguinte ecuación: Risco de incendio = probabilidade de ocorrencia x impacto potencial	Risco de incendio
365.	<b>Fire shelter</b>	A small single person aluminized cover that can provide an individual with some protection from the effects of fire in a fire entrapment situation.	Pequena cobertura aluminizada para unha soa persoa que pode proporcionarlle a un individuo certa protección ante os efectos do lume se se atopa atrapado.	Manta ignífuga
366.	<b>Flame risk</b>	An assessment of risk to fire suppression personnel which is calculated using flame length.	Avaliación do risco para o persoal de extinción, que se calcula empregando a lonxitude de chama.	Risco das chamas
367.	<b>Flare up</b>	A short and sudden increase in fire activity.	Aumento curto e repentino da actividade do lume.	Labarada
368.	<b>Flashing</b>	Rapid ignition of unburned gases released into the atmosphere as a result of heat generated by a wildfire. Normally observed during high intensity fires. Flashing can represent a significant risk to the safety of suppression personnel.	Ignición rápida de gases non queimados que se solta á atmosfera como resultado da calor xerada por un incendio forestal. Isto adoita acontecer durante incendios de moita intensidade e pode supoñer un risco importante para a seguridade do persoal de extinción.	Inflamación de gases
369.	<b>Fuel-driven fire</b>	A fire or part of a fire that is spread predominantly by the arrangement, condition, and/or other characteristics of the fuel within which it is burning. This situation occurs in the absence of a significant effect from the forces of alignment, such as wind, slope and aspect. Fuel-driven fires can produce erratic fire behaviour, which can represent a significant risk to suppression personnel.	Lume ou parte dun lume que se propaga principalmente pola disposición, estado e/ou outras características do combustible no que está a arder. Isto acontece cando non existen efectos significativos de forzas de aliñación, como o vento, a pendente ou a orientación. Estes lumes poden producir un comportamento do lume errático, o que pode supoñer un risco importante para a seguridade do persoal de extinción.	Incendio propagado polo combustible
370.	<b>Gorge</b>	A deep, narrow and extremely steep-sided valley which usually has a river occupying its entire floor. Gorges are very dangerous topographical features because they can support extreme fire behaviour.	Val profundo, estreito e con ladeiras moi escarpadas que adoita ter un río que ocupa o seu fondo. Os canóns son elementos topográficos moi perigosos porque poden axudar ao comportamento extremo do lume.	Foz / Garganta / Canón
371.	<b>Gully</b> <sup>85</sup>	A relatively steep-sided water channel formed on a hillside. A gully might only contain water during periods of heavy rain. Gullies are dangerous topographical features because they can support extreme fire behaviour.	Canle de auga con paredes relativamente escarpadas formada nunha ladeira. É posible que conteña auga só durante períodos de moitas chuvias. Os cavorcos son elementos topográficos perigosos porque poden contribuír ao comportamento extremo do lume.	Cavorco
372.	<b>Hazard</b>	Anything which has the potential to cause harm.	Calquera cousa que teña o potencial de causar danos.	Perigo / Risco
373.	<b>Hyperthermia</b>	A condition in which a person's core body temperature becomes elevated. It occurs when the body produces or absorbs more heat than it can dissipate. The most common cause of hyperthermia at a wildfire incident is prolonged exposure to excessive heat or heat and humidity. When a person's body temperature is elevated sufficiently high, hyperthermia becomes a medical emergency requiring immediate treatment to prevent disability or death.	Estado no que a temperatura corporal interna dunha persoa é moi elevada. Acontece cando o corpo produce ou absorbe máis calor da que pode disipar. A causa máis común de hipertermia nun incidente de incendio forestal é a exposición prolongada a calor excesiva ou a calor e humidade. Cando a temperatura do corpo dunha persoa chega a un nivel suficientemente alto, a hipertermia convértese nunha emerxencia médica que require tratamento inmediato para evitar unha discapacidade ou a morte.	Hipertermia
374.	<b>Hypothermia</b>	A condition in which a person's core body temperature drops below the temperature required for normal metabolism and body functions. The condition is usually the result of prolonged exposure to cold temperatures, although there may be other influencing factors. Any person suffering from hypothermia should be treated as a medical emergency and immediate treatment should be sought to prevent disability or death.	Estado no que a temperatura corporal interna dunha persoa baixa por baixo da temperatura necesaria para que se dea un metabolismo e unhas funcións corporais normais. Adoita ser o resultado dunha exposición prolongada a temperaturas frías, aínda que pode haber outros factores. Calquera persoa que presente hipotermia debe ser tratada como unha emerxencia médica que require tratamento inmediato para evitar unha discapacidade ou a morte.	Hipotermia

<sup>84</sup> Source/Fonte: Global Fire Monitoring Center (2010) International Multi-Lingual Fire Management Terminology (Global Fire Monitoring Center, Freiburg), p.121.

<sup>85</sup> May also be called a "re-entrant".

375.	<b>Incident</b>	An occurrence or event that requires action to prevent or minimise loss of life, damage to property or damage to the environment.	Suceso ou evento que require accións para previr ou minimizar a perda de vidas, danos na propiedade ou danos no medio ambiente.	Incidente
376.	<b>Incident Command</b>	The authority of an agency to direct and control resources at an event/occurrence which requires action to prevent loss of life or damage.	A autoridade dunha axencia que dirixe e controla os recursos nun suceso ou evento que require accións para previr perdas de vidas ou danos.	Comando de incidente
377.	<b>Incident Command System (ICS)</b>	A standardized emergency management system which is specifically designed to allow its users to adopt an integrated organisational structure equal to the complexity and demands of single or multiple wildfire incidents. An ICS provides a standard framework within which individuals and teams present at an incident can work together safely and effectively.	Sistema de xestión de emerxencias estandarizado deseñado especificamente para permitir aos seus usuarios adoptar unha estrutura organizativa integrada adecuada para a complexidade e as demandas que presentan un ou múltiples incendios forestais. Un SCI proporciona un marco estándar no que os individuos e os equipos que estean presentes nun incidente poden traballar con seguridade e eficiencia.	Sistema de comando de incidente (SCI)
378.	<b>Incident Commander</b>	The nominated competent officer who has overall responsibility for safety, tactics and management of resources at a wildfire incident.	Oficial competente ao que se lle asigna a total responsabilidade na seguridade, táctica e xestión de recursos nun incendio forestal.	Xefe de incendio
379.	<b>LACES</b>	An essential safety protocol which should be implemented at wildfire incidents to address risks and hazards. The correct implementation of LACES helps to ensure that suppression personnel are appropriately supervised, informed and warned of risks and potential hazards and that they are aware of how and where to escape should a high risk situation occur. LACES is an acronym for: <ul style="list-style-type: none"> <li>• L = Lookouts</li> <li>• A = Awareness or Anchor Point</li> <li>• C = Communication</li> <li>• E = Escape route and plan</li> <li>• S = Safe area</li> </ul>	Protocolo esencial de seguridade que debe implantarse nos incendios forestais para enfrontarse a riscos e perigos. A súa correcta implantación axuda a asegurar que o persoal de extinción está adecuadamente supervisado, informado e advertido dos riscos e dos perigos potenciais, e son conscientes de como e por onde escapar se se producise unha situación de alto risco. LACES responde ás siglas en inglés de: <ul style="list-style-type: none"> <li>• L = Observación / vixías</li> <li>• A = Conciencia e punto de iniciación dunha liña</li> <li>• C = Comunicación</li> <li>• E = Vía e plan de escape</li> <li>• S = Lugar seguro / Área de seguridade</li> </ul>	OCEL / LACES
380.	<b>Lateral confinement</b>	Restriction of fire spread caused by topographical features. When wildfires are confined by topographical features such as gullies, ravines, or narrow valleys, convective heating by confined gases and radiation feedback from flames and burning vegetation increases the heat release rate of the burning fuels. Rapid fire spread is also enhanced by the acceleration and channelling of wind through these topographical features. These factors may result in a more rapid combustion and spread than that of an unconfined vegetation fire <sup>86</sup> . Lateral confinement can produce fire behaviour which poses a significant risk to the health and safety of suppression personnel.	Limitación da propagación do lume causada por elementos topográficos. Cando os incendios forestais son contidos por elementos topográficos como os cavorcos, precipicios ou vales estreitos, o quecemento convectivo dos gases contidos e a radiación das chamas e da vexetación queimada aumenta a liberación de calor dos combustibles que están a arder. A propagación rápida do lume tamén aumenta pola aceleración e a canalización do vento a través destes elementos topográficos. Estes factores poden ter como resultado unha combustión e unha propagación máis rápida cá de un incendio de vexetación non contida. A contención lateral pode producir un comportamento do lume que supón un risco considerable para a saúde e seguridade do persoal de extinción.	Contención lateral
381.	<b>Line of communication</b>	The means by which messages are sent between suppression personnel within the chain of command <sup>87</sup> .	O medio polo que se envían as mensaxes entre o persoal de extinción dentro da cadea de mando <sup>88</sup> .	Liña de comunicación
382.	<b>Lookout</b>	A person responsible for supervising safety. Lookouts are a key element of the LACES safety protocol.	Persoa que se encarga de supervisar a seguridade. Os vixías son un elemento clave no protocolo de seguridade OCEL.	Vixía
383.	<b>Medical emergency</b>	An injury or illness that poses an immediate risk to a person's life or long term health.	Lesión ou enfermidade que supón un risco inmediato á vida dunha persoa ou á súa saúde a longo prazo.	Emerxencia médica
384.	<b>Mega fire</b>	A wildfire demonstrating abnormally extreme fire behaviour. Mega fires will usually represent a significant challenge to suppression agencies because they are very resource intensive to suppress and can pose a significant risk to the safety of suppression personnel.	Incendio forestal que mostra un comportamento do lume anormalmente extremo. Estes lumes adoitan presentar un desafío considerable para os axentes de extinción, xa que precisan unha gran cantidade de recursos e poden supoñer un perigo importante para a seguridade do persoal de extinción.	Megaincendio
385.	<b>Near miss incident</b>	An unexpected and undesirable event where injuries or illness and/or damage to property or the environment are narrowly avoided. Under slightly different circumstances, the same event could have caused an	Evento inesperado e indesexado no que as lesións, enfermidades e/ou danos na propiedade ou no medio ambiente se evitaron por pouco. Nunhas circunstancias lixeiramente diferentes, o mesmo	Cuasiaccidente

<sup>86</sup> The first part of this definition is based on the definition provided within/A primeira parte desta definición baséase na que se ofrece en: NFPA (2011) NFPA 921 – Guide for Fire and Explosion Investigations (NFPA, Quincy, Massachusetts), p.262.

<sup>87</sup> Importantly, a line of communication operates on a two-way system with information flowing from both the higher to the lower levels and the lower to the higher levels of the chain of command.

<sup>88</sup> É importante destacar que unha liña de comunicación opera nun sistema bidireccional, con información fluíndo dos niveis máis altos cara os máis baixos da cadea de mando, e viceversa.

		accident.	evento podería causar un accidente.	
386.	<b>Military training area</b>	A section of land used by a military organisation to experiment, test and/or train with weapons and other military technology. The unexploded ordnance found within some military training areas may pose a significant risk to suppression personnel responding to wildfire incidents.	Porción de terreo empregado por unha organización militar para experimentar, probar e/ou adestrar con armas ou outras tecnoloxías militares. As municións non estoupadas que hai nalgúns destas zonas poden supoñer un risco importante para o persoal de extinción que actúa en incendios forestais.	Zona de adestramento militar
387.	<b>Patrol</b>	The act of supervising a specified area in order to prevent, detect and/or control a wildfire.	Acto de supervisar unha área concreta co fin de previr, detectar e/ou controlar un incendio forestal.	Patrullar
388.	<b>Personal Protection Equipment (PPE)</b>	Any equipment or clothing required to maintain the safety of suppression personnel at a particular wildfire incident. While some PPE will most likely be required at all wildfire incidents, the need for some types of PPE will vary according to the particular conditions experienced at an incident. To provide an example, suppression personnel operating at a wildfire incident at night will require lighting.	Calquera equipamento ou roupa que se precisa para manter a seguridade do persoal de extinción nun incendio forestal concreto. Mentres que hai algún equipamento que se precisará en todos os incendios, hai outros tipos de equipamentos que variarán segundo as condicións particulares de cada incidente. Por poñer un exemplo, o persoal que estea traballando nun incendio forestal pola noite precisará iluminación.	Equipamento de protección persoal
389.	<b>Reconnaissance</b>	The act of gathering information about a wildfire incident in order to monitor fire behaviour and suppression activities. The primary reasons for completing reconnaissance should be to maintain safety and to assess the effectiveness of a fire suppression plan.	Acto de recoller información sobre un incendio forestal co fin de facer un seguimento do comportamento do lume e das actividades de extinción. As principais razóns para realizar un recoñecemento deberían ser manter a seguridade e avaliar a efectividade dun plan de extinción de incendios.	Recoñecemento
390.	<b>Report</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>The process whereby resources first register their arrival at a wildfire incident; or, (1)</li> <li>A formal statement of the results of an activity or of an investigation. Reports may analyse situations, provide progress updates on current assignments, draw conclusions and/or make recommendations. A report can be either verbal or written. (2)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Proceso polo que os recursos rexistran a súa chegada a un incendio forestal (1);</li> <li>Exposición formal dos resultados dunha actividade ou dunha investigación. Os informes poden analizar situacións, proporcionar a última información sobre progresos ou sobre tarefas que se están desenvolvendo, extraer conclusións e/ou facer recomendacións. Un informe pode ser oral ou escrito (2).</li> </ul>	Presentarse (1) Informe (2)
391.	<b>Responsibility</b>	The duty or obligation to satisfactorily perform or complete an assignment.	O deber ou a obriga de realizar ou completar unha tarefa satisfactoriamente.	Responsabilidade
392.	<b>Restricted area</b>	An area in which specified activities or entry are temporarily or permanently restricted in order to mitigate risk to human health or safety by potential or ongoing wildfires. A restricted area may also be temporarily or permanently established in order to reduce the risk of a wildfire igniting within a specified location.	Área na que unhas actividades concretas ou o acceso están temporal ou permanentemente restrinxidos co fin de reducir os riscos para a saúde ou a seguridade das persoas causados polos incendios forestais potenciais ou que xa están acontecendo. Tamén pode establecerse unha área restrinxida temporal ou permanentemente para reducir o risco de que prenda un incendio forestal nun lugar específico.	Área restrinxida
393.	<b>Risk</b>	The probability of a hazardous event occurring and the potential outcome/consequences of that hazardous event. Risk is calculated using the following equation: $Risk = probability\ of\ occurrence \times potential\ impact$	A probabilidade de que aconteza un evento perigoso, e os seus potenciais resultados/consecuencias. O risco calcúlase empregando a seguinte ecuación: $Risco = probabilidade\ de\ ocorrencia \times impacto\ potencial$	Risco
394.	<b>Risk assessment</b>	The process of establishing information regarding acceptable levels of risk and actual levels of risk posed to an individual, group, society or the environment. The process involves the identification of risk, an assessment of probability and an assessment of potential impact.	Proceso polo que se establece información sobre os niveis aceptables de riscos e os niveis reais de riscos para un individuo, grupo, sociedade ou para o medio ambiente. Este proceso implica identificar o risco, avaliar a súa probabilidade e avaliar o impacto potencial.	Avaliación de riscos
395.	<b>Risk management</b>	A process involving the systematic application of policies, procedures and practices to identify, analyse, evaluate, manage, control, communicate and monitor risks <sup>89</sup> .	Proceso que inclúe a aplicación sistemática de políticas, procedementos e prácticas para identificar, analizar, avaliar, xestionar, controlar, comunicar e facer un seguimento de riscos.	Xestión de riscos
396.	<b>Role regression</b>	When an individual reverts back to behaviour and actions that are characteristic of a past role they once held. For instance, this could be a team leader reverting back to the behaviour and actions required of a fire fighter.	Cando un individuo volve ao comportamento e accións que son características dun rol que tivo no pasado. Por exemplo, podería tratarse dun xefe de grupo que volve ao comportamento e accións requiridas dun bombeiro.	Asumir accións de postos inferiores
397.	<b>Role rotation</b>	The act or process of periodically changing the assignments provided to individuals working at a wildfire incident to ensure adequate rest breaks	Acto ou proceso de cambiar de xeito periódico as tarefas asignadas aos individuos que traballan nun incendio forestal para asegurar	Rotación de postos

<sup>89</sup> Based on the definition presented within the final report of the/Baseada na definición incluída no informe final do ANSFR Project: The ANSFR Project Final Report: Recommendations for Improving Fire Risk Assessment and Management in Europe (2010), p.9 - [http://www.firerisk.eu/resources/documents/document\\_display.htm?pk=88](http://www.firerisk.eu/resources/documents/document_display.htm?pk=88)

		and appropriate variety in the physical and mental intensity of tasks completed by all team members.	que haxa os descansos adecuados e unha variedade axeitada na intensidade física e mental das tarefas realizadas por todos os membros do equipo.	
398.	<b>Saddle</b>	A depression between two hills or mountains, so-called because of its similarity to the shape of a horse riding saddle. Wind is often funnelled and intensified between the two hills of a saddle. Saddles are therefore dangerous topographical features because they can support extreme fire behaviour.	Depresión entre dous outeiros ou montañas. O vento adoita canalizarse e intensificarse entre as dúas paredes dun paso. Por tanto, son elementos topográficos perigosos porque poden contribuír ao comportamento extremo do lume.	Paso de montaña
399.	<b>Safe area</b>	An identified area of safety where people can find refuge. The identification of a safe area is a key element of the LACES safety protocol.	Área de seguridade identificada onde as persoas se poden refuxiar. A identificación desta zona é un elemento clave no protocolo de seguridade OCEL.	Área de seguridade
400.	<b>Safe systems of work</b>	A formal procedure which results from systematic examination of a task in order to identify potential hazards and risks. The resulting document produced will describe the safest way(s) of completing a task to ensure hazards are eliminated or that risks are controlled as far as possible.	Procedemento formal que é o resultado do exame sistemático dunha tarefa co fin de identificar os perigos e riscos potenciais. O documento resultante describirá a(s) maneira(s) máis seguras de realizar unha tarefa para asegurar que os perigos son eliminados e que os riscos son controlados o máximo posible.	Sistemas seguros de traballo
401.	<b>Safety</b>	When exposure to hazards has been controlled to an acceptable level.	Cando a exposición a perigos está controlada a un nivel aceptable.	Seguridade
402.	<b>Safety officer</b>	An officer appointed to manage risk.	Oficial designado para xestionar os riscos.	Oficial de seguridade
403.	<b>Safety release</b>	A release of water or retardant over a vehicle or group of individuals in difficulty on the ground for the purpose of reducing the intensity of the fire to enable the personnel to escape.	Descarga de auga ou de retardante sobre un vehículo ou grupo de individuos que se atopa nunha situación problemática na terra, co fin de reducir a intensidade do lume e permitirlle ao persoal escapar.	Descarga de seguridade
404.	<b>Shock</b>	A life threatening condition that occurs when the body's vital organs, such as the brain and heart, are deprived of oxygen due to a problem affecting the circulatory system. The most common cause of shock is blood loss but it can also be caused by other fluid loss such as vomiting or severe burns <sup>90</sup> .	Estado que constitúe unha ameaza para a vida, que ten lugar cando os órganos vitais, como o cerebro ou o corazón, se ven privados de osíxeno debido a un problema que afecta ao sistema circulatorio. A causa máis común é a perda de sangue, pero tamén pode causalo a perda doutros fluídos, como poden ser os vómitos ou queimaduras graves.	Shock
405.	<b>Situational awareness</b>	The perception of the surrounding environment within the context of both time and space. It includes the comprehension of meaning of observed phenomena and patterns and the provision of information relevant to a team or individual's situation. It also includes the projection and prediction of what will happen within the surrounding environment in the future.	Percepción da contorna, no contexto tanto do tempo como do espazo. Inclúe assimilar o significado dos fenómenos e patróns observados e proporcionar a información relevante para a situación dun equipo ou dun individuo. Tamén inclúe a proxección e predición do que vai acontecer na contorna no futuro.	Consciencia situacional
406.	<b>Snag</b>	A standing dead tree or part of a dead tree. Unstable snags can pose serious safety hazards to suppression personnel.	Árbore ou parte dunha árbore morta que está en pé. Estas árbores inestables poden supoñer serios perigos para o persoal de extinción.	Árbore morta / Árbore seca
407.	<b>Spotting</b>	Fire behaviour characterised by sparks and embers that are transported through the air by the wind or convection column. Spotting can be classified as short range or long range and can represent a significant risk to fire suppression personnel.	Comportamento do lume que se caracteriza pola produción de chispas e charetas que son transportadas no aire polo vento ou pola columna convectiva. A produción de focos secundarios pode clasificarse en de curto alcance ou de longo alcance e poden supoñer un risco importante para o persoal de extinción.	Produción de focos secundarios
408.	<b>Stress</b>	The harmful physical or psychological reactions that occur when people are subject to excessive demands, unrealistic expectations and/or threatening situations. Signs of stress may be cognitive, emotional, physical and/or behavioural.	Reaccións físicas ou psicolóxicas prexudiciais que ocorren cando as persoas están suxeitas a unhas exixencias excesivas, a unhas expectativas non realistas e/ou a situacións ameazantes. Os signos de estrés poden ser cognitivos, emocionais, físicos e/ou de comportamento.	Estrés
409.	<b>Stressor</b>	An event or stimulus that induces stress.	Suceso ou estímulo que induce o estrés.	Causante de estrés
410.	<b>Stump</b>	The woody base of a tree that remains in the ground after felling. Stumps are common slip, trip and fall hazards at wildfire incidents.	Parte do tronco dunha árbore que queda no solo despois de cortalo. Os cepos supoñen perigos comúns de esvaróns, tropeazóns e caídas durante incendios forestais.	Cepo
411.	<b>Stump hole</b>	A hole in the ground, sometimes containing smouldering embers, which is formed when the woody base of a tree is burned. Stump holes are common burn and slip, trip and fall hazards at wildfire incidents.	Burato no solo, que ás veces contén charetas latentes, que se forma cando se queima o toco dunha árbore. Estes buratos adoitan supoñer perigos comúns de esvaróns, tropeazóns e caídas durante os incendios forestais.	Burato do cepo

<sup>90</sup> Website: <http://www.sja.org.uk/sja/first-aid-advice/shock.aspx>



412.	<b>Tactics</b>	The deployment of resources at a wildfire incident to achieve the aims of a fire suppression plan.	Despregamento de recursos nun incendio forestal para acadar os obxectivos do plan de extinción de incendios.	Táctica
413.	<b>Tactical lookout</b>	A person with an advanced understanding of wildfire behaviour who acts as a safety officer at a wildfire incident. He/she will observe the fire and the action of teams involved in fire suppression. He/she will maintain close communication with suppression teams and supervisors and will be responsible for ensuring the safety of all individuals present at the incident. Lookouts are a key element of the LACES safety protocol.	Persoa cun coñecemento avanzado do comportamento do lume que actúa como oficial de seguridade nun incendio forestal. Esta persoa observará o lume e as acción dos equipos que traballan na extinción e manterá unha comunicación estreita cos equipos de extinción e os supervisores, e será responsable de asegurar a seguridade de todos os individuos presentes no incidente. Os vixías son un elemento clave no protocolo de seguridade OCEL.	Vixía táctico / Vixilante táctico
414.	<b>Team supervisor</b>	A person who manages the actions, assignments and safety of a team.	Persoa que xestiona as accións, tarefas e seguridade dun equipo.	Supervisor de equipo
415.	<b>Water Safety Plan</b>	A plan that is created to assure the safety of water bombing aircraft and other users of a body of water used for water filling. A water safety plan will commonly document the following types of arrangements: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Measures to be implemented to inform users of a body of water about its use by water bombing aircraft.</li> <li>• Systems and protocols for towing and salvage of water bombing aircraft that breaks down on the water.</li> <li>• Systems and protocols for providing aid and assistance to the crew of a water bombing aircraft which has broken down on the water.</li> </ul>	Plan creado para asegurar a seguridade das aeronaves de descarga de auga e dos outros usuarios dun corpo de auga que se emprega para cargar auga. Polo xeral, estes plans incluírán os seguintes tipos de medidas: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Medidas para informar aos usuarios dun corpo de auga sobre o seu uso por parte dunha aeronave de descarga auga.</li> <li>• Sistemas e protocolos para o remolque e salvamento dunha aeronave de descarga que se avaría na auga.</li> <li>• Sistemas e protocolos para proporcionar axuda e asistencia á tripulación dunha aeronave de descarga que se avariou na auga.</li> </ul>	Plan de Seguridade na Auga

# Capítulo 8 – Comando de incidentes

***Comando de incidentes: “A autoridade dunha axencia que dirixe e controla os recursos nun suceso ou evento que require accións para previr perdas de vidas ou danos”.***



© Northumberland Fire and Rescue Service (Reino Unido)

## 8. Comando de incidentes

No.	English	English Definition	Definición en galego	Termo en galego
416.	<b>Access</b>	A point of entry, exit and/or route to an incident location.	Punto de entrada, saída e/ou paso ao lugar dun incidente.	Acceso
417.	<b>Accountability</b>	The obligation of an individual or organization to justify its actions and to accept responsibility concerning the decisions that were made which determined the actions taken. Accountability cannot be delegated.	Obriga dun individual ou dunha organización de xustificar e asumir a súa responsabilidade respecto a decisións que se tomaron e que determinaron as accións que se levaron a termo.	Obriga a dar contas
418.	<b>Assigned resources</b>	Resources that have been allocated work tasks at a wildfire incident.	Recursos que foron destinados ás tarefas dun incendio forestal.	Recursos asignados
419.	<b>Assignment</b>	A task allocated to an individual or team to complete.	Traballo asignado a un individuo ou equipo.	Tarefa
420.	<b>Authority</b>	The legal right to attend and complete actions and assignments at a wildfire incident.	Dereito legal para ocuparse de e realizar tarefas nun incendio forestal.	Autoridade
421.	<b>Available resources</b>	Resources which are present and ready for assignments at a wildfire incident.	Recursos presentes e preparados para asumir tarefas nun incendio forestal.	Recursos dispoñibles
422.	<b>Bearing</b>	The horizontal direction to or from any point, usually measured clockwise from true north, or some other reference point, through 360 degrees <sup>91</sup> .	Dirección horizontal desde calquera punto, que adoita medirse no sentido das agullas do reloxo desde o norte verdadeiro, ou desde algún outro punto de referencia, de 0 a 360 graos.	Rumbo
423.	<b>Blind area</b>	An area in which neither the ground nor its vegetation can be seen from an observation point.	Zona cuxo solo e vexetación non poden ser vistos desde un punto de observación dado.	Zona cega
424.	<b>Breakout</b>	The escape of a fire from an area of containment.	Escape do lume dunha zona de contención.	Devasa desbordada
425.	<b>Briefing</b>	A meeting during which relevant information is exchanged.	Reunión na que se intercambia información relevante.	Sesión informativa
426.	<b>Burn plan</b>	A pre-determined scheme or programme of activities which is formulated in order to safely and effectively accomplish the objectives of a managed burn. A burn plan will outline the selection of tactics, selection of resources, resource assignments and how performance will be monitored during a managed burn. It should be noted that a burn plan may need to be dynamic to take into account any changes in conditions or circumstances.	Plan ou proxecto de actividades previamente determinado que se formula co fin de acadar os obxectivos dunha queima controlada con seguridade e efectividade. Un plan de queima perfila a táctica, a selección de recursos, as tarefas dos recursos e como se fará o seguimento da actuación durante a queima. Debe terse en conta que un plan de queima pode precisar ser dinámico para ter en conta os cambios que poidan darse nas condicións ou circunstancias.	Plan de queima
427.	<b>Burn team</b>	A group of individuals with the collective competencies to safely and effectively carry out an operational burn.	Grupo de individuos que ten as competencias colectivas para levar a termo unha queima controlada con seguridade e efectividade.	Equipo de queima / Brigada de queima
428.	<b>Burn supervisor</b>	A person who manages the actions, assignments and safety of a burn team.	Persoa que xestiona as accións, tarefas e seguridade dun equipo de queima.	Xefe de brigada de queima
429.	<b>Chain of command</b>	The line of authority and responsibility along which operational orders are passed. Also commonly referred to as "line of command".	Liña de autoridade e responsabilidade pola que se pasan as ordes dunha operación. Tamén se lle chama "liña de mando".	Cadea de mando
430.	<b>Command</b>	The authority of an agency to direct and control resources. Command is delegated to an individual.	Autoridade dunha axencia para dirixir e controlar recursos. O mando delégase nun individuo.	Mando / Comando
431.	<b>Communications Plan</b>	A pre-determined scheme which details the methods and systems to be used by suppression personnel (within one or multiple agencies) to communicate with each other during a wildfire incident.	Plan predeterminado que detalla os métodos e sistemas que empregará o persoal de extinción (dentro dunha ou máis axencias) para comunicarse durante un incendio forestal.	Plan de comunicación
432.	<b>Competency</b>	When a person has the authority and sufficient technical knowledge, training and experience to carry out their assigned tasks safely and effectively.	Cando unha persoa ten a autoridade e suficientes coñecementos técnicos, formación e experiencia para levar a termo as tarefas que se lle asignaron con seguridade e de xeito eficaz.	Competencia
433.	<b>Containment</b>	An area of a fire where control has been established and no breakout is anticipated.	Área dun incendio onde se estableceu o control e non se prevé que o lume desborde a devasa.	Contención
434.	<b>Contingency Plan</b>	A pre-prepared alternative plan which can be implemented if circumstances change.	Plan alternativo preparado con antelación que poderá poñerse en práctica se cambian as circunstancias.	Plan de continxencia
435.	<b>Controlled Fire</b>	A fire with a secure perimeter, where no breakouts are anticipated.	Incendio cun perímetro seguro, no que non se prevé que o lume pase á devasa.	Lume controlado
436.	<b>Control room</b>	An emergency centre which receives emergency telephone calls and which coordinates the mobilization and demobilization of appropriate available resources to/from incidents.	Centro de emerxencias que recibe as chamadas telefónicas de emerxencias e que coordina a mobilización e desmobilización para e desde os incidentes dos recursos dispoñibles apropiados.	Centro de control
437.	<b>Cooperating agency</b>	Any organisation supplying resources to assist with the implementation of a fire suppression plan. A cooperating agency differs from a	Calquera organización que proporcione recursos para axudar na implantación dun plan de extinción dun incendio. Diferénciase	Organismo colaborador

<sup>91</sup> Source/Fonte: Global Fire Monitoring Center (2010) International Multi-Lingual Fire Management Terminology (Global Fire Monitoring Center, Freiburg), p.29.

		partnership agency in the sense that it only comes to the assistance of a suppression agency when a wildfire occurs.	dunha axencia asociada en que un organismo colaborador só proporciona asistencia á axencia de extinción cando ten lugar un incendio forestal.	
438.	<b>Coordinates</b>	Alphanumeric characters that are used to describe the precise geographic location of a point on the earth's surface.	Caracteres alfanuméricos empregados para describir a situación xeográfica precisa dun punto na superficie da terra.	Coordenadas
439.	<b>Critical point</b>	A point in time or space when/where there will be a significant influence on fire spread, rate of spread and/or fire intensity.	Punto no tempo ou no espazo no que se dá unha influencia significativa na propagación do lume, na velocidade de propagación e/ou na intensidade do lume.	Punto crítico
440.	<b>Delegation</b>	To give responsibility to competent persons to complete assignments and/or to make decisions.	Dar responsabilidades a persoas competentes para completar tarefas e/ou tomar decisións.	Delegar
441.	<b>Demobilize</b>	To direct resources to return to their normal base.	Ordenar aos recursos que volvan á súa base normal.	Desmobilizar
442.	<b>Estimated Time of Arrival (ETA)</b>	The predicted time that a resource will reach a specified destination.	O tempo ao que se prevé que un recurso chegará a un destino concreto.	Tempo estimado de chegada (ETA)
443.	<b>Fire fighter</b>	Any competent person deployed at a wildfire incident to undertake assignments that contribute to fire suppression operations.	Calquera persoa competente despregada nun incendio forestal para levar a cabo tarefas que contribúan ás operacións de extinción.	Bombeiro
444.	<b>Fire investigation</b>	The process of determining the origin, cause, and development of a fire <sup>92</sup> .	Proceso que determina a orixe, causa e desenvolvemento dun lume.	Investigación de incendios
445.	<b>Fire Management Plan</b>	A plan detailing predetermined fire suppression strategies and tactics to be implemented following the occurrence of a wildfire within a particular area.	Plan no que se detallan as estratexias de extinción de incendios previamente determinadas e a táctica que se empregará no caso dun incendio forestal nunha área concreta.	Plan de manexo de incendios
446.	<b>Fire perimeter</b>	The entire outer boundary of a fire.	O bordo exterior completo dun incendio.	Perímetro do incendio
447.	<b>Fire risk</b>	The calculation of the probability of a wildfire occurring and its potential impact on a particular location at a particular time. Wildfire risk is calculated using the following equation: Fire risk = probability of occurrence x potential impact	Probabilidade de que un incendio teña lugar, e o seu impacto potencial nun determinado lugar e momento. O risco de incendio calcúlase mediante a seguinte ecuación: Risco de incendio = probabilidade de ocorrencia x impacto potencial	Risco de incendio
448.	<b>Fire Suppression Plan</b>	A pre-determined scheme or programme of activities which is formulated in order to safely and effectively accomplish fire suppression objectives. A fire suppression plan will outline the selection of tactics, selection of resources, resource assignments and how performance and safety will be monitored and maintained at a particular incident. Fire suppression plans need to be dynamic to take into account any changes in conditions or circumstances.	Plan ou programa de actividades predeterminado que se formula co fin de acadar os obxectivos de extinción de incendios de xeito seguro e efectivo. Un plan de extinción de incendios incluírá a selección da táctica e dos recursos, as tarefas para cada recurso e como as accións e a seguridade serán vixiadas e mantidas nun incidente concreto. Estes plans teñen que ser dinámicos para ter en conta os cambios nas condicións ou nas circunstancias que se poidan dar.	Plan de extinción de incendios
449.	<b>Geographic Information System (GIS) (GIS)</b>	A system designed to capture, store, manipulate, analyze, and present geographically referenced data.	Sistema deseñado para capturar, almacenar, manipular, analizar e presentar datos xeográficos.	Sistema de información xeográfica (SIX / GIS)
450.	<b>Global Positioning System (GPS) (GPS)</b>	A global navigation system that provides very precise positioning information about the location of any point on or near the Earth's surface.	Sistema de navegación global que proporciona información moi precisa sobre o posicionamento de calquera punto que se atope na superficie da terra ou preto dela.	Sistema de posicionamento global (GPS)
451.	<b>Ground team</b>	Any supervised group of individuals operating on the ground at a wildfire incident. This term is usually only required if an incident involves aerial operations.	Calquera grupo supervisado de individuos que traballan no solo nun incendio forestal. Normalmente este termo só se precisa nun incidente no que hai operacións aéreas.	Equipo de terra / Brigada de terra
452.	<b>Hand team</b>	A supervised group of individuals tasked with carrying out an assignment (s) at a wildfire incident using hand tools.	Grupo supervisado de individuos cuxa(s) tarefa(s) nun incendio forestal implica o uso de ferramentas operadas a man.	Equipo con ferramentas manuais / Brigada con ferramentas manuais
453.	<b>Hand line</b>	A control line constructed using hand tools.	Liña de control construída empregando ferramentas manuais.	Liña de control construída a man
454.	<b>Holding area</b>	Location established at an incident where resources can be placed while awaiting assignment.	Lugar establecido nun incidente no que os recursos poden esperar pola asignación dunha tarefa.	Área de espera
455.	<b>Incident</b>	An occurrence or event that requires action to prevent or minimise loss of life, damage to property or damage to the environment.	Suceso ou evento que require accións para previr ou minimizar a perda de vidas, danos na propiedade ou danos no medio ambiente.	Incidente
456.	<b>Incident Command</b>	The authority of an agency to direct and control resources at an event/occurrence which requires action to prevent loss of life or damage.	A autoridade dunha axencia que dirixe e controla os recursos nun suceso ou evento que require accións para previr perdas de vidas ou danos.	Comando de incidente

<sup>92</sup> Source/Fonte: NFPA (2011) NFPA 921 – Guide for Fire and Explosion Investigations (NFPA, Quincy, Massachusetts), p.14.

457.	<b>Incident Commander</b>	The nominated competent officer who has overall responsibility for safety, tactics and management of resources at a wildfire incident.	Oficial competente nomeado que ten total responsabilidade na seguridade, táctica e xestión de recursos nun incendio forestal.	Xefe de incendio
458.	<b>Incident Command Point</b>	The geographic location where the Incident Commander is based.	Localización xeográfica na que ten a súa base o xefe de incendio.	Punto de mando
459.	<b>Incident Command Support</b>	Any person or assignment that provides direct assistance to the Incident Commander.	Persoa ou tarefa que dá axuda directa ao xefe de incendio.	Apoio ao comando de incidente
460.	<b>Incident Command System (ICS)</b>	A standardized emergency management system which is specifically designed to allow its users to adopt an integrated organisational structure equal to the complexity and demands of single or multiple wildfire incidents. An ICS provides a standard framework within which individuals and teams present at an incident can work together safely and effectively.	Sistema de xestión de emerxencias estandarizado deseñado especificamente para permitir aos seus usuarios adoptar unha estrutura organizativa integrada adecuada para a complexidade e as demandas que presentan un ou múltiples incendios forestais. Un SCI proporciona un marco estándar no que os individuos e os equipos que presentes nun incidente poden traballar con seguridade e eficiencia.	Sistema de comando de incidente (SCI)
461.	<b>Incident objectives</b>	The desired results to be achieved at a wildfire incident. Incident objectives must be realistic, achievable and measurable, but they must also be flexible enough to allow for strategic and tactical alternatives. They must also be established within the framework of a safe and effective Incident Command System.	Os resultados desexados a obter durante un incendio forestal. Deben ser realistas, acadables e medibles, pero tamén deben ser o suficientemente flexibles para permitir alternativas estratéxicas e tácticas. Ademais, deben establecerse dentro do marco dun sistema de comando de incidente seguro e efectivo.	Obxectivos do incidente
462.	<b>Incident support</b>	A group or organisation responsible for providing personnel, equipment and/or welfare facilities and supplies in support of suppression operations.	Grupo ou organización responsable de proporcionar persoal, equipamento e/ou servizos e subministracións para apoiar as operacións de extinción.	Apoio ao incidente
463.	<b>Initial response</b>	The first suppression resources mobilised to a wildfire incident.	Os primeiros recursos de extinción mobilizados a un incendio forestal.	Primeira resposta
464.	<b>LACES</b>	An essential safety protocol which should be implemented at wildfire incidents to address risks and hazards. The correct implementation of LACES helps to ensure that suppression personnel are appropriately supervised, informed and warned of risks and potential hazards and that they are aware of how and where to escape should a high risk situation occur. LACES is an acronym for: <ul style="list-style-type: none"> <li>• L = Lookouts</li> <li>• A = Awareness or Anchor Point</li> <li>• C = Communication</li> <li>• E = Escape route and plan</li> <li>• S = Safe area</li> </ul>	Protocolo esencial de seguridade que debe implantarse nos incendios forestais para enfrontarse a riscos e perigos. A súa correcta implantación axuda a asegurar que o persoal de extinción está adecuadamente supervisado, informado e advertido dos riscos e dos perigos potenciais, e son conscientes de como e por onde escapar se se producise unha situación de alto risco. LACES responde ás siglas en inglés de: <ul style="list-style-type: none"> <li>• L = Observación / vixías</li> <li>• A = Conciencia e punto de iniciación dunha liña</li> <li>• C = Comunicación</li> <li>• E = Vía e plan de escape</li> <li>• S = Lugar seguro / Área de seguridade</li> </ul>	OCEL / LACES
465.	<b>Line of communication</b>	The means by which messages are sent between suppression personnel within the chain of command <sup>93</sup> .	O medio polo que se envían as mensaxes entre o persoal de extinción dentro da cadea de mando <sup>94</sup> .	Liña de comunicación
466.	<b>Lookout</b>	A person responsible for supervising safety. Lookouts are a key element of the LACES safety protocol.	Persoa que se encarga de supervisar a seguridade. Os vixías son un elemento clave no protocolo de seguridade OCEL.	Vixía / Vixilante
467.	<b>Message</b>	An exchange of information at an incident, either via radio or by some other means, where there is no need for a briefing to take place.	Intercambio de información nun incidente, sexa por radio ou por outros medios, cando non hai necesidade de facer unha reunión informativa.	Mensaxe
468.	<b>Mobilize</b>	To direct resources to attend an incident.	Dirixir os recursos para asistir nun incidente.	Mobilizar
469.	<b>Mop up</b>	The act of extinguishing a fire after it has been brought under control <sup>95</sup> . Mop up involves carrying out all necessary actions to prevent re-ignition.	Acto de extinguir un incendio que xa está baixo control. Implica realizar todas as accións necesarias para evitar que volva prender.	Extinción de ascuas
470.	<b>Multi-agency incident</b>	An incident involving more than one agency.	Incidente no que traballa máis dunha axencia.	Incidente no que participan varias axencias
471.	<b>Partner agencies</b>	Any organisations that work together to prevent, investigate and/or suppress wildfires. Partnership agencies will work together on preparedness activities and plans and are likely to have formulated pre-agreed partnership agreements.	Organizacións que traballan xuntas para previr, investigar e/ou extinguir incendios forestais. Estas axencias traballarán xuntas en actividades e plans de preparación e é probable que teñan establecidos acordos de colaboración previamente asinados.	Axencias asociadas
472.	<b>Preparedness plan</b>	A pre-determined scheme or programme of activities which is formulated in order to satisfactorily prepare an organisation or a geographic area to respond effectively to wildfire incidents.	Plan ou programa de actividades previamente determinado que se formula co fin de preparar satisfactoriamente unha organización ou unha área xeográfica para responder de maneira efectiva aos	Plan de preparación

<sup>93</sup> Importantly, a line of communication operates on a two-way system with information flowing from both the higher to the lower levels and the lower to the higher levels of the chain of command.

<sup>94</sup> É importante destacar que unha liña de comunicación opera nun sistema bidireccional, con información fluíndo dos niveis máis altos cara os máis baixos da cadea de mando, e viceversa.

<sup>95</sup> Source/Fonte: Global Fire Monitoring Center (2010) International Multi-Lingual Fire Management Terminology (Global Fire Monitoring Center, Freiburg), p.142 (defined within the term "Fire Suppression").



# Capítulo 9 - Táctica

***Táctica: “Despregamento de recursos nun incendio forestal para acadar os obxectivos do plan de extinción de incendios”.***



© Northumberland Fire and Rescue Service

# 9. Táctica

No.	English	English Definition	Definición en galego	Termo en galego
473.	<b>Access</b>	A point of entry, exit and/or route to an incident location.	Punto de entrada, saída e/ou paso ao lugar dun incidente.	Acceso
474.	<b>Advancing fire</b>	This is fire progression associated with the head (front) of the fire. Fire behaviour in this area is usually characterized by more intense burning, increased flame height and length and more rapid rates of spread. It will usually occur when a fire burns with the support of one or more forces of alignment (for instance, wind or slope) <sup>96</sup> .	Progresión do lume que se asocia coa cabeza (fronte) do lume. O comportamento do lume nesta área adoita estar caracterizada por un queimado máis intenso, unha maior altura das chamas e uns índices máis altos de propagación. Isto acontecerá a miúdo cando o lume arde coa axuda dunha ou máis forzas de aliñación (por exemplo, o vento ou a pendente).	Lume frontal
475.	<b>Aerial attack</b>	A fire suppression operation involving the use of aircraft to release water or retardant on or near a wildfire. An aerial attack can be: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Direct attack (aerial)</b></li> <li>• <b>Head attack (aerial)</b></li> <li>• <b>Tail attack (aerial)</b></li> <li>• <b>Indirect attack (aerial)</b></li> <li>• <b>Flank attack (aerial)</b></li> <li>• <b>Parallel attack (aerial)</b></li> </ul>	Operación de extinción de incendios na que se emprega unha aeronave para descargar auga ou retardantes no lume ou preto do lume. Un ataque aéreo pode ser: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Ataque directo (aéreo)</b></li> <li>• <b>Ataque pola cabeza (aéreo)</b></li> <li>• <b>Ataque pola cola (aéreo)</b></li> <li>• <b>Ataque indirecto (aéreo)</b></li> <li>• <b>Ataque polo flanco (aéreo)</b></li> <li>• <b>Ataque paralelo (aéreo)</b></li> </ul>	Ataque aéreo
476.	<b>Aerial coordination</b>	The management of aerial operations at a wildfire incident. This role always has two key aims: <ul style="list-style-type: none"> <li>• To protect the safety of all aircraft and suppression personnel on the ground.</li> <li>• To optimise the efficiency of all aerial resources.</li> </ul>	Xestión das operacións aéreas nun incendio forestal. Sempre ten dous obxectivos clave: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Protexer a seguridade de todo o persoal das aeronaves e de extinción en terra.</li> <li>• Optimizar a eficiencia de todos os recursos aéreos.</li> </ul>	Coordinación aérea
477.	<b>Aerial detection</b>	The act or process of discovering, locating and reporting wildfire incidents from aircraft. Aerial detection can be: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Planned</b> – where an agency mobilizes aircraft with aerial observers for the specific purpose of detecting wildfires;</li> <li>• <b>Unplanned</b> – where an aircraft not specifically hired or mobilised to detect wildfires reports a wildfire to a responsible agency. For example, unplanned aerial detection may come from passenger airplanes or other leisure aircraft.</li> </ul>	Acto ou proceso de descubrir, localizar e informar sobre os incendios forestais desde unha aeronave. Pode ser: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Planificada</b> – cando unha axencia mobiliza unha aeronave con observadores aéreos co fin específico de detectar incendios forestais;</li> <li>• <b>Non planificada</b> – cando unha aeronave non empregada ou mobilizada especificamente para a detección de incendios forestais informa dun incendio a unha axencia responsable. Por exemplo, unha detección aérea non planificada pode vir de avións de pasaxeiros ou dunha avioneta privada.</li> </ul>	Detección aérea
478.	<b>Aerial operations</b>	Any manoeuvre completed by an aircraft in support of wildfire suppression activities, inclusive of: <ul style="list-style-type: none"> <li>• direct attack through drops of water or retardant</li> <li>• indirect attack through retardant drops</li> <li>• cargo drops of supplies</li> <li>• aerial observation and reconnaissance</li> </ul>	Calquera manobra realizada por unha aeronave para axudar ás actividades de extinción de incendios forestais, o que inclúe <ul style="list-style-type: none"> <li>• ataques directos con descargas de auga ou retardantes</li> <li>• ataques indirectos con descargas de retardantes</li> <li>• descargas de subministracións</li> <li>• observación e recoñecemento aéreo</li> </ul>	Operacións aéreas
479.	<b>Aerial reconnaissance</b>	Use of aircraft for conducting preliminary surveys of a wildfire to gather information on: <ul style="list-style-type: none"> <li>• fire behaviour</li> <li>• topography and fuel types</li> <li>• potential hazards and high risk areas</li> <li>• potential windows of opportunity</li> <li>• safety of ground personnel</li> </ul> <p>The information gathered from aerial reconnaissance will be communicated to the Incident Commander to assist in the decision-making process.</p>	Uso dunha aeronave para levar a cabo inspeccións preliminares dun incendio forestal para recoller información sobre: <ul style="list-style-type: none"> <li>• comportamento do lume</li> <li>• a topografía e os tipos de combustible</li> <li>• os perigos potenciais e as zonas de alto risco</li> <li>• potenciais ventás de actuación</li> <li>• a seguridade do persoal de terra</li> </ul> <p>A información que se recolle nun recoñecemento aéreo comunicarase ao xefe de incendio, para axudar no proceso de toma de decisións.</p>	Recoñecemento aéreo

<sup>96</sup> This is an amendment of the definition of “advancing fire” provided within the/Modificación da definición de “advancing fire” incluída en National Wildfire Coordinating Group (2005) Wildfire Origin and Cause Determination Handbook (National Wildfire Coordinating Group Fire Investigation Working Team; USA), p.7.



480.	<b>Aerial resources</b>	Aircraft, including helicopters, aeroplanes and drones, which can be used to attack the fire or observe its development. It also includes supporting personnel and equipment.	Aeronaves, o que inclúe helicópteros, avións ou aeronaves non tripuladas, que poden empregarse para combater o lume ou observar o seu desenvolvemento. Este termo tamén inclúe o persoal de apoio e o equipamento.	Recursos aéreos
481.	<b>Aerial Coordinator<sup>97</sup></b>	The pilot or officer appointed to carry out the task of air coordination. The Aerial Coordinator will usually have authority over all aerial resources involved in aerial operations at the incident.	O piloto ou oficial asignado para realizar a tarefa de coordinar as operacións aéreas. Este coordinador normalmente ten autoridade sobre todos os recursos aéreos implicados nas operacións aéreas dun incidente.	Coordinador aéreo
482.	<b>Anchor point</b>	A location on the landscape which is strong enough to act as barrier to fire spread. The commencement of suppression operations from an anchor point ensures that a wildfire cannot escape from an area of containment which could threaten the success of the operation and/or the safety of suppression personnel. It may be necessary for anchor points to be strengthened before use or even created by hand or machine. The creation of an anchor point is sometimes a key element included within the LACES safety protocol.	Localización na paisaxe que é suficientemente forte como para ser unha barreira para a propagación do lume. Comezar as operacións de extinción desde alí asegura que o incendio non pode escapar dunha liña de contención que podería ameazar o éxito da operación e/ou a seguridade do persoal de extinción. Pode ser necesario que estes puntos se reforcen antes de usalos ou incluso crealos a man ou cunha máquina. A creación deste punto é ás veces un elemento clave incluído no protocolo de seguridade OCEL.	Punto de iniciación dunha liña / Punto de ancoraxe
483.	<b>Area ignition</b>	Ignition of several individual fires throughout an area, either simultaneously or in rapid succession, and so spaced that they add to and influence the main body of the fire to produce a hot, fast-spreading fire condition <sup>98</sup> .	Acendido de varios lumes por toda unha zona, ben simultaneamente ou en rápida sucesión, e dispostos de tal maneira que se agregan e inflúen no lume principal, co fin de producir condicións de lume de alta temperatura e rápida propagación.	Ignición simultánea
484.	<b>Area of origin</b>	General geographical location within a fire scene where the point of ignition is believed to be located.	Localización xeográfica xeral dentro da escena dun incendio onde se cre que se atopa o punto de ignición.	Zona de orixe
485.	<b>Assigned resources</b>	Resources that have been allocated work tasks at a wildfire incident.	Recursos que foron destinados ás tarefas dun incendio forestal.	Recursos asignados
486.	<b>Assignment</b>	A task allocated to an individual or team to complete.	Traballo asignado a un individuo ou equipo.	Tarefa
487.	<b>Attack a fire</b>	A generic term for the various methods that can be used to suppress a fire or parts of a fire, including: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Direct attack</b></li> <li>• <b>Indirect attack</b></li> <li>• <b>Aerial attack</b></li> <li>• <b>Head attack</b></li> <li>• <b>Tail attack</b></li> <li>• <b>Flank attack</b></li> <li>• <b>Parallel attack</b></li> </ul>	Termo xenérico para os distintos métodos que se poden empregar para extinguir un lume ou partes dun lume, incluíndo: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Ataque directo</b></li> <li>• <b>Ataque indirecto</b></li> <li>• <b>Ataque aéreo</b></li> <li>• <b>Ataque pola cabeza</b></li> <li>• <b>Ataque pola cola</b></li> <li>• <b>Ataque polo flanco</b></li> <li>• <b>Ataque paralelo</b></li> </ul>	Atacar un incendio / Combater un incendio
488.	<b>Authority</b>	The legal right to attend and complete actions and assignments at a wildfire incident.	Dereito legal para ocuparse dun incendio forestal e realizar accións e tarefas nel.	Autoridade
489.	<b>Available fuels</b>	The proportion of the total fuel that would burn under specified burning and fuel conditions.	Proporción do total de combustible que se queimaría baixo unhas condicións específicas de combustión e de combustible.	Combustible dispoñible
490.	<b>Available resources</b>	Resources which are present and ready for assignments at a wildfire incident.	Recursos presentes e preparados para asumir tarefas nun incendio forestal.	Recursos dispoñibles
491.	<b>Backing fire</b>	A lower intensity fire or part of a fire which burns against the wind and/or down slope.	Lume de menor intensidade ou a parte dun lume que arde contra o vento e/ou cara abaixo por unha pendente.	Lume en contra do vento
492.	<b>Baseline</b>	The initial line of fire ignited along a control line to contain and control subsequent burn operations.	A liña inicial de lume que se acende nunha liña de control para conter e controlar as operacións de queima sucesivas.	Liña de apoio
493.	<b>Bearing</b>	The horizontal direction to or from any point, usually measured clockwise from true north, or some other reference point, through 360 degrees <sup>99</sup> .	Dirección horizontal desde calquera punto, que adoita medirse no sentido das agullas do reloxo desde o norte verdadeiro, ou desde algún outro punto de referencia, de 0 a 360 graos.	Rumbo
494.	<b>Black area</b>	An area of fuel that is black in appearance because some or all of the fuel has been burnt.	Zona de combustible que ten unha aparencia negra, xa que unha parte ou a totalidade do combustible xa ardeu.	Zona negra
495.	<b>Breakout</b>	The escape of a fire from an area of containment.	Escape do lume dunha zona de contención.	Devasa desbordada
496.	<b>Briefing</b>	A meeting during which relevant information is exchanged.	Reunión na que se intercambia información relevante.	Sesión informativa
497.	<b>Burn</b>	a) To be on fire. b) An area of fuel consumed or partly consumed by a fire.	a) Arder. b) Zona de combustible consumida ou parcialmente consumida	Queimar (a) Queimado (b)

<sup>97</sup> In some countries, such as the USA and Spain, the alternative term of "Aerial Tactical Group Supervisor" (ATGS) has been adopted.

<sup>98</sup> Source/Fonte: National Wildfire Coordinating Group (2008) Glossary of Wildland Fire Terminology (National Wildfire Coordinating Group, Boise), p.29.

<sup>99</sup> Source/Fonte: Global Fire Monitoring Center (2010) International Multi-Lingual Fire Management Terminology (Global Fire Monitoring Center, Freiburg), p.29.

		c) An injury to flesh caused by a cauterizing agent, heat from a fire, or a heated object. d) A managed fire (i.e. an operational burn or prescribed burn)	polo lume. c) Ferida na pel causada por un axente cauterizante, calor dun lume ou un obxecto quente. d) Un lume controlado (é dicir, un contralume ou unha queima prescrita).	Queimadura (c) Queima (c)
498.	<b>Burning conditions</b>	The state of the combined components of the fire environment that influence fire behaviour within available fuels. Burning conditions are usually specified according to the factors of aspect, weather, slope/topography, and fuel type and load.	Estado dos compoñentes do ambiente de lume combinados que inflúen no comportamento deste, dentro dos combustibles dispoñibles. As condicións de queima adoitan especificarse de acordo cos factores de orientación, tempo atmosférico, pendente/topografía, tipo de combustible e carga.	Condicións do incendio
499.	<b>Burn out</b>	The intentional burning of parcels of fuel to prevent fire spread. This is normally carried out to consume fuel between a control line and the fire edge.	Queima intencionada de parcelas de combustible para previr que un incendio se propague. Isto adoita facerse para consumir o combustible entre unha liña de control e o bordo do incendio.	Queima de ensanche
500.	<b>Burning regulations</b>	Rules and restrictions concerning the use of operational burns as a fire suppression tactic.	Regras e restricións sobre o uso de contralumes como táctica de extinción de incendios.	Normas de queima
501.	<b>Burning period</b>	The dates/months of the year when land management burning is legally permitted.	Datas/meses do ano nos que as queimas de xestión do monte están legalmente permitidas.	Períodos de queima
502.	<b>Burn plan</b>	A pre-determined scheme or programme of activities which is formulated in order to safely and effectively accomplish the objectives of a managed burn. A burn plan will outline the selection of tactics, selection of resources, resource assignments and how performance will be monitored during a managed burn. It should be noted that a burn plan may need to be dynamic to take into account any changes in conditions or circumstances.	Plan ou proxecto de actividades previamente determinado que se formula co fin de acadar os obxectivos dunha queima controlada con seguridade e efectividade. Un plan de queima perfila a táctica, a selección de recursos, as tarefas dos recursos e como se fará o seguimento da actuación durante a queima. Debe contemplarse que un plan de queima pode precisar ser dinámico para ter en conta os cambios que poidan darse nas condicións ou circunstancias.	Plan de queima
503.	<b>Burn team</b>	A group of individuals with the collective competencies to safely and effectively carry out an operational burn.	Grupo de individuos que ten as competencias colectivas para levar a termo unha queima controlada con seguridade e efectividade.	Equipo de queima / Brigada de queima
504.	<b>Burn severity</b>	A qualitative assessment of the level of heat generated by a fire/burn and the resulting impact on a fuel.	Avaliación cualitativa do nivel de calor xerado por un incendio/queima e o impacto resultante nun combustible.	Severidade do lume
505.	<b>Burn supervisor</b>	A person who manages the actions, assignments and safety of a burn team.	Persoa que xestiona as accións, tarefas e seguridade dunha brigada de queima.	Xefe de brigada de queima
506.	<b>Catch trench</b>	A small ditch constructed below a fire on sloping ground to catch burning material rolling down slope.	Foxo pequeno que se constrúe baixo un incendio nun terreo en pendente para recoller o material que está ardendo e que arrola pendente abaixo.	Gabia de recollida
507.	<b>Centre burn</b>	An ignition technique whereby a fire is ignited in the approximate middle of an area of unburned fuel. A ring burn is then ignited around the perimeter of the area of unburned fuel. The intention of a centre burn is to create a strong convection plume that draws the subsequent ring burn inwards and, therefore, normally away from any existing control lines.	Técnica de ignición na que se prende un lume no centro aproximado dunha área de combustibles non queimados. Despois acéndese un lume en forma de anel ao redor do perímetro da área de combustibles non queimados. A intención do lume do centro é crear unha pluma de convección forte que fai que o anel de lume arda cara dentro e, polo tanto, normalmente se afaste das liñas de control existentes.	Queima central
508.	<b>Clean burn</b>	A fire that consumes all vegetation and litter above the ground exposing the mineral soil.	Lume que consome toda a vexetación e follasca por riba do solo, de xeito que deixa exposto o solo mineral.	Queima limpa / Queima de despexe
509.	<b>Competency</b>	When a person has the authority and sufficient technical knowledge, training and experience to carry out their assigned tasks safely and effectively.	Cando unha persoa ten a autoridade e suficientes coñecementos técnicos, formación e experiencia para levar a termo as tarefas que se lle asignaron con seguridade e de xeito eficaz.	Competencia
510.	<b>Condition of vegetation</b>	Stage of growth or degree of flammability of vegetation that forms part of a fuel complex. This will be dependent upon time of year, amount of curing and weather conditions.	Etapa de crecemento ou grao de inflamabilidade da vexetación que forma parte dun conxunto de combustibles. Dependerá do momento do ano, da cantidade de chamuscado e das condicións meteorolóxicas.	Estado da vexetación
511.	<b>Containment</b>	An area of a fire where fire spread has been prevented and no breakout is anticipated.	Área dun incendio onde se estableceu o control e non se prevé que o lume desborde a devasa.	Contención
512.	<b>Contingency plan</b>	A pre-prepared alternative plan which can be implemented if circumstances change.	Plan alternativo preparado con antelación que poderá poñerse en práctica se cambian as circunstancias.	Plan de continxencia
513.	<b>Controlled fire</b>	A fire with a secure perimeter, where no breakouts are anticipated.	Lume cun perímetro seguro, no que non se prevé que pase o lume da devasa.	Lume controlado

514.	<b>Control line</b>	An inclusive term for all constructed or natural barriers and treated fire edges used to control a fire <sup>100</sup> .	Termo xeral para referirse a todas as barreiras, construídas ou naturais, e bordos dun incendio tratados, empregados para controlar un incendio.	Liña de control
515.	<b>Cool fire</b>	When fuels burn and produce a low intensity fire.	Lume ou parte dun lume de baixa intensidade.	Lume frío
516.	<b>Cooperating agency</b>	Any organisation supplying resources to assist with the implementation of a fire suppression plan. A cooperating agency differs from a partnership agency in the sense that it only comes to the assistance of a suppression agency when a wildfire occurs.	Calquera organización que proporcione recursos para axudar na implantación dun plan de extinción dun incendio. Diferénciase dunha axencia asociada en que un organismo colaborador só proporciona asistencia á axencia de extinción cando ten lugar un incendio forestal.	Organismo colaborador
517.	<b>Counter burn</b>	A planned operational burn which is lit between a control line and an advancing wildfire to take advantage of in drafts towards the fire front.	Contralume que se acende entre a liña de control e un incendio frontal, para aproveitar as correntes de succión cara a fronte do incendio.	Contralume auxiliar
518.	<b>Critical point</b>	A point in time or space when/where there will be a significant influence on fire spread, rate of spread and/or fire intensity.	Punto no tempo ou no espazo no que se dá unha influencia significativa na propagación do lume, na velocidade de propagación e/ou na intensidade do lume.	Punto crítico
519.	<b>Demobilize</b>	To direct resources to return to their normal base.	Ordenar aos recursos que volvan á súa base normal.	Desmobilizar
520.	<b>Direct attack</b>	An offensive fire suppression tactic which involves an attack being made at or near the fire's edge. This technique normally relies on the use of hand tools and/or water.	Táctica de extinción de incendios ofensiva na que se fai un ataque no bordo do lume ou preto deste. Esta técnica adoita basearse no uso de ferramentas manuais e/ou de auga.	Ataque directo
521.	<b>Dynamic risk assessment</b>	The continuous process of identifying hazards, assessing risk, taking action to eliminate or reduce risk, monitoring and reviewing, in the rapidly changing circumstances of an operational incident <sup>101</sup> .	Proceso continuo de identificación de perigos, avaliación de riscos, actuacións para eliminar ou reducir os riscos, seguimento e revisión, nas circunstancias rapidamente cambiantes dun incidente no que se efectúan operacións.	Avaliación de riscos dinámica
522.	<b>Escape plan</b>	A predetermined list of actions to be enacted in the event of unforeseen hazardous circumstances (for instance, an unexpected change in fire behaviour). An escape plan must include an escape route. The development of an escape plan is a key element of the LACES Safety Protocol.	Accións establecidas previamente que se tomarán no caso de circunstancias perigosas imprevistas (por exemplo, un cambio inesperado no comportamento do lume). Un plan de escape debe incluír unha vía de escape. O desenvolvemento dun plan de escape é un elemento clave do Protocolo de Seguridade OCEL.	Plan de escape
523.	<b>Escape route</b>	A pre-planned route to be taken in the event of unforeseen hazardous circumstances (for instance, an unexpected change in fire behaviour). An escape route is an important part of an escape plan and is a key element of the LACES Safety Protocol.	Camiño establecido previamente que se tomará no caso de circunstancias perigosas imprevistas (por exemplo, un cambio inesperado no comportamento do lume). Unha vía de escape é unha parte importante dun plan de escape e é un elemento clave do Protocolo de Seguridade OCEL.	Vía de escape
524.	<b>Evacuation</b>	The removal of people from dangerous or potentially dangerous areas and their subsequent relocation to safe areas.	Retirada de persoas de zonas perigosas ou potencialmente perigosas, e o seu posterior traslado a zonas seguras.	Evacuación
525.	<b>Extinction</b>	When the combustion process ceases.	Cando cesa o proceso de combustión.	Extinción
526.	<b>Fire activity</b>	Description of a fire based on an assessment of visible evidence, including the rate of spread, flame length, fire severity, and fire behaviour.	Descrición do lume baseada na avaliación de datos visibles, o que inclúe a velocidade do lume, a lonxitude da chama, a altura da chama, a severidade da queima e o comportamento do lume.	Actividade do lume
527.	<b>Fire analysis</b>	The process of reviewing the behaviour and effects of a specific fire or group of fires and/or the actions that have been taken or which might be needed to suppress it/them.	Proceso de revisión do comportamento e efectos dun incendio en concreto ou dun conxunto de incendios e/ou as accións tomadas ou que poderían precisarse para extinguilos.	Análise dun incendio
528.	<b>Fire behaviour</b>	The reaction of a fire to the influences of fuel, weather, and topography. Different types of fire behaviour include: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Smouldering fire</b> - A fire burning without flame and with minimal rate of spread.</li> <li>• <b>Creeping fire</b> - A fire with a low rate of spread and generally with a low flame length.</li> <li>• <b>Running fire</b> - A fire with a high rate of spread.</li> <li>• <b>Torching</b> - A fire that burns from the ground through the surface and aerial fuels and into the crown of a single tree or small parcel of trees.</li> <li>• <b>Spotting</b> - fire behaviour where sparks and hot burning embers are transported by the wind or convection column to land beyond</li> </ul>	Reacción do lume ás influencias do combustible, das condicións atmosféricas e da topografía. Os diferentes tipos de comportamento do lume inclúen: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Lume latente</b> - Lume que arde sen chama e que se propaga cunha velocidade mínima.</li> <li>• <b>Incendio pouco violento</b> - Lume que se propaga lentamente, polo xeral cunha chama baixa.</li> <li>• <b>Lume corrido</b> - Lume que se propaga rapidamente.</li> <li>• <b>Facho</b> - Lume que arde desde o solo a través dos combustibles superficiais e aéreos ata a copa dunha soa árbore ou dun grupo pequeno de árbores.</li> <li>• <b>Focos secundarios</b> - Comportamento do lume que</li> </ul>	Comportamento do lume

<sup>100</sup> Source/Fonte: National Wildfire Coordinating Group (2008) Glossary of Wildland Fire Terminology (National Wildfire Coordinating Group, Boise), p.50.

<sup>101</sup> HM Government (2008) The Fire Service Manual Volume 2, Fire Service Operations: Incident Command, Third Edition (London: TSO), available at: <http://www.communities.gov.uk/documents/fire/pdf/incidentcommand.pdf>

		<p>the fire perimeter resulting in spot fires.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Crowning</b> – When a fire burns freely in the upper foliage of trees and shrubs.</li> </ul>	<p>produce chispas e charetas ardentes que son transportadas polo vento ou por unha columna convectiva e que producen lumes secundarios alén do perímetro do incendio.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Coroamento</b> –Cando o lume arde libremente pola parte superior da follaxe das árbores e arbustos.</li> </ul>	
529.	<b>Fire behavior forecast</b>	A prediction of probable fire behaviour to be used to inform fire suppression operations.	Prognóstico do comportamento probable do lume para proporcionar información ás operacións de extinción de lume.	Predición do comportamento do lume
530.	<b>Firebreak</b>	An area on the landscape where there is a discontinuity in fuel which will reduce the likelihood of combustion or reduce the likely rate of fire spread.	Área da paisaxe na que se dá unha descontinuidade de combustibles, o que reduce a probabilidade de combustión ou de que se propague o lume.	Devasa
531.	<b>Fire danger</b>	A general term used to express an assessment of both fixed and variable factors of the fire environment that determine the ease of ignition, rate of spread, difficulty of control, and impact. Fire danger is often expressed as an index <sup>102</sup> .	Termo xeral empregado para expresar unha avaliación tanto dos factores fixos coma variables do ambiente dun incendio que determinan a facilidade de ignición, o ritmo de propagación, a dificultade de control e o impacto do lume. Adoita expresarse en forma de índice.	Perigo de incendios
532.	<b>Fire edge</b>	Used to refer to any section of the fire perimeter.	Termo que se emprega para referirse a calquera segmento do perímetro do incendio.	Bordo do incendio
533.	<b>Fire environment</b>	A generic collective term used to describe the surrounding conditions of topography, fuel, and weather. These three environmental influences collectively determine fire behaviour, fire effects and fire impact.	Termo xeral que se emprega para describir as condicións circundantes, influencias e forzas que modifican a topografía, o combustible e as condicións meteorolóxicas que determinan o comportamento, os efectos e o impacto do lume.	Ambiente do lume
534.	<b>Fire investigation</b>	The process of determining the origin, cause, and development of a fire <sup>103</sup> .	Proceso que determina a orixe, causa e desenvolvemento dun lume.	Investigación de incendios
535.	<b>Fire footprint</b>	The resulting impression created by a fire burning within an area of fuel.	A pisada que é resultado dun lume nunha determinada área de combustible.	Pegada do lume
536.	<b>Fire perimeter</b>	The entire outer boundary of a fire.	O bordo exterior completo dun incendio.	Perímetro do incendio
537.	<b>Fire Plan</b> <sup>104</sup>	A plan detailing predetermined fire suppression strategies and tactics to be implemented following the occurrence of a wildfire within a particular area.	Plan no que se detallan as estratexias de extinción de incendios previamente determinadas e a táctica que se empregará no caso dun incendio forestal nunha área concreta.	Plan de manexo de incendios / Plan de incendios
538.	<b>Fire prediction system</b>	A method or tool used to forecast future behaviour of a fire.	Método ou ferramenta empregados para prognosticar o comportamento dun incendio.	Sistema de predición de incendios
539.	<b>Fire risk</b>	The calculation of the probability of a wildfire occurring and its potential impact on a particular location at a particular time. Wildfire risk is calculated using the following equation: Fire risk = probability of occurrence x potential impact	Cálculo da probabilidade de que un incendio teña lugar, e o seu impacto potencial nun determinado lugar e momento. O risco de incendio calcúlase mediante a seguinte ecuación: Risco de incendio = probabilidade de ocorrencia x impacto potencial	Risco de incendio
540.	<b>Fire severity</b>	Fire severity can be defined in two ways: <ul style="list-style-type: none"> <li>• The degree to which a site has been altered or disrupted by fire<sup>105</sup>.</li> <li>• The capacity of a fire to cause damage<sup>106</sup>.</li> </ul> Fire intensity and the amount of time a fire burned within a particular area, among other possible factors, will influence fire severity.	A severidade do lume pode definirse de dúas maneiras: <ul style="list-style-type: none"> <li>• O grao de alteración ou trastorno dun lugar por causa do lume.</li> <li>• A capacidade dun lume para causar danos.</li> </ul> Entre outros posibles factores, a intensidade do lume e a cantidade de tempo que este estivo ardendo nunha área en concreto influirán na severidade do lume.	Severidade do lume
541.	<b>Fire spread</b>	The movement of a fire through available fuels arranged across the landscape.	Movement dun incendio a través dos combustibles dispoñibles dispostos na paisaxe.	Propagación do lume
542.	<b>Fire Suppression Plan</b>	A pre-determined scheme or programme of activities which is formulated in order to safely and effectively accomplish fire suppression objectives. A fire suppression plan will outline the selection of tactics, selection of	Plan ou programa de actividades predeterminado que se formula co fin de acadar os obxectivos de extinción de incendios de xeito seguro e efectivo. Un plan de extinción de incendios incluirá a	Plan de extinción de incendios

<sup>102</sup> Source/Fonte: Global Fire Monitoring Center (2010) International Multi-Lingual Fire Management Terminology (Global Fire Monitoring Center, Freiburg), p.121.

<sup>103</sup> Source/Fonte: NFPA (2011) NFPA 921 – Guide for Fire and Explosion Investigations (NFPA, Quincy, Massachusetts), p.14.

<sup>104</sup> Sometimes referred to as a Fire Management Plan.

<sup>105</sup> Based on the definition of “Fire Severity” within/Baseado na definición de “Fire Severity” incluída en National Wildfire Coordinating Group (2011) Glossary of Wildland Fire Terminology (National Wildfire Coordinating Group, Boise), p.78.

<sup>106</sup> British Standards Institution (2010) Fire Safety Vocabulary (ISO 13943: 2008; BS EN ISO 13943:2010), (BSI Standards Publication, London), 4.130, p.15.

		resources, resource assignments and how performance and safety will be monitored and maintained at a particular incident. Fire suppression plans need to be dynamic to take into account any changes in conditions or circumstances.	selección da táctica e dos recursos, as tarefas para cada recurso e como as accións e a seguridade serán vixiadas e mantidas nun incidente concreto. Estes plans teñen que ser dinámicos para ter en conta os cambios nas condicións ou nas circunstancias que se poidan dar.	
543.	<b>Fire types</b>	There are three different schemes for classifying fire type: <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Classification of a fire or section of fire according to the fuel level within which it occurs. For example, aerial, crown, understory, surface and ground fires.</li> <li>2. Classification of a section of fire according to its position along the fire perimeter. For example, head, tail and flank fires.</li> <li>3. Classification of a fire or section of fire according to the visual characteristics it displays. For example, smouldering, creeping, backing, running, torching, spotting, crowning, fire whirl, convection driven fire etc.</li> </ol>	Existen tres maneiras diferentes para clasificar os tipos de lume: <ol style="list-style-type: none"> <li>4. Clasificación dun incendio ou dunha sección del segundo o nivel de combustible no que acontece. Por exemplo, aéreo, de copas, do sotobosque, da superficie ou do subsolo.</li> <li>5. Clasificación dunha sección dun incendio segundo a súa posición no perímetro do lume. Por exemplo, lumes a favor do vento, en contra do vento e de flanco.</li> <li>6. Clasificación dun incendio ou dunha sección dun incendio segundo as características visuais que presenta. Por exemplo, lume latente, lume pouco violento, contralume, lume corrido, lume de fachos, focos secundarios, lume de copas, remuíño de lume, lume propagado por convección, etc.</li> </ol>	Tipoloxía de lumes / Tipos de lumes
544.	<b>First responders</b>	The first person/people to arrive at the scene of a wildfire. It is often used as a generic term for all emergency service personnel who are expected to respond to emergency incidents.	A(s) primeira(s) persoa(s) que chegan á escena dun incendio forestal. Adoita empregarse como termo xenérico para todo o persoal do servizo de emerxencias que se espera que respondan a incidentes de emerxencia.	Primeira resposta
545.	<b>Flame angle</b>	The angle of a flame measured in relation to the ground surface. Flame angle is expressed in degrees.	Ángulo dunha chama medido en relación coa superficie do solo. O ángulo de chama exprésase en graos.	Ángulo de chama
546.	<b>Flame height</b>	The vertical extension of a flame. Measurement of flame height is calculated perpendicular from ground level to the tip of the flame. Flame height will be less than flame length if flames are tilted due to wind or slope.	Extensión vertical dunha chama. A medida da altura de chama calcúlase perpendicularmente desde o solo ata a punta da chama. A altura da chama será inferior á lonxitude da chama se as chamas están inclinadas debido ao vento ou á pendente.	Altura de chama
547.	<b>Flame length</b>	The total length of a flame measured from its base at ground level to the flame tip. Flame length will be greater than flame height if flames are tilted due to wind or slope.	Lonxitude total dunha chama medida desde a súa base ao nivel do solo ata a punta da chama. A lonxitude da chama será maior á altura da chama se as chamas están inclinadas debido ao vento ou á pendente.	Lonxitude de chama
548.	<b>Flame risk</b>	An assessment of risk to fire suppression personnel which is calculated using flame length.	Avaliación do risco que corre o persoal de extinción de incendios, que se calcula empregando a lonxitude de chama.	Risco das chamas
549.	<b>Flanks</b>	The parts of a fire's perimeter that are roughly parallel to the main direction of fire spread <sup>107</sup> . The flanks usually have less fire intensity than the head fire because they have a weaker alignment with wind or slope.	Partes do perímetro dun incendio que están máis ou menos en paralelo coa dirección de propagación do lume. Os flancos adoitan ter menos intensidade cá cabeza do incendio porque teñen unha aliñación máis débil co vento e a pendente.	Flancos
550.	<b>Flank attack</b>	A method of fire suppression which involves attacking a wildfire along the flank or both flanks simultaneously.	Método de extinción de incendios no que se ataca o incendio forestal polo flanco ou polos dous flancos simultaneamente.	Ataque polo flanco
551.	<b>Flank attack (aerial)</b>	A method of fire suppression which involves dropping water or retardant along a flank or simultaneously along both flanks of a wildfire.	Método de extinción de incendios no que se descarga auga ou retardante polo flanco ou polos dous flancos dun incendio forestal simultaneamente.	Ataque aéreo polo flanco
552.	<b>Foam</b>	A mass of bubbles formed by mixing specific proportions of air with water and a foam concentrate. It can be applied to smother and cool parts of a fire and/or to prevent ignition within a fuel.	Masa de burbullas que se forma ao mesturar unhas proporcións específicas de aire con auga e concentrado de espuma. Pódese aplicar para apagar e arrefriar partes dun incendio ou para evitar a ignición dun combustible.	Escuma
553.	<b>Forces of alignment</b>	Within the complex wildfire environment, several forces have a significant impact on fire behaviour. These forces can support or hinder fire development and can be used to predict likely fire behaviour, including fire spread and fire intensity. Wind and slope are two key forces of alignment.	Dentro do complexo ambiente do lume, varias forzas teñen un impacto significativo no comportamento dun incendio. Estas forzas poden apoiar ou dificultar o desenvolvemento do incendio e poden usarse para predicir o comportamento máis probable do lume, incluíndo a súa propagación e a intensidade. O vento e a pendente son dúas das forzas de aliñación claves.	Forzas de aliñación
554.	<b>Fuel treatment</b>	The deliberate manipulation or removal of fuels using one or more of a	Manipulación ou retirada deliberada de combustibles empregando	Tratamento do

<sup>107</sup> Source/Fonte: National Wildfire Coordinating Group (2011) Glossary of Wildland Fire Terminology (National Wildfire Coordinating Group, Boise), p.84.

		variety of different means <sup>108</sup> to: <ul style="list-style-type: none"> <li>• reduce the likelihood of ignition; and/or,</li> <li>• reduce potential fire intensity; and/or,</li> <li>• reduce potential damage; and/or,</li> <li>• assist suppression activities.</li> </ul>	un ou máis medios <sup>109</sup> para: <ul style="list-style-type: none"> <li>• reducir a probabilidade de ignición; e/ou,</li> <li>• reducir a potencial intensidade do lume; e/ou,</li> <li>• reducir o dano potencial; e/ou,</li> <li>• axudar nas actividades de extinción.</li> </ul>	combustible / Redución do combustible
555.	<b>Gels</b>	Chemicals which are added to water to make it thicken. When used as an extinguishing agent the mixture is able to absorb more heat than water and sticks to the surface of the fuel.	Produtos químicos que se engaden á auga para facela máis densa. Cando se empregan como axente de extinción a mestura pode absorber máis calor cá auga e fica pegada á superficie do combustible.	Xeles
556.	<b>Geographic Information System (GIS)</b>	A system designed to capture, store, manipulate, analyze, and present geographically referenced data.	Sistema deseñado para capturar, almacenar, manipular, analizar e presentar datos xeográficos.	Sistema de información xeográfica (SIX / GIS)
557.	<b>Global Positioning System (GPS)</b>	A global navigation system that provides very precise positioning information about the location of any point on or near the Earth's surface.	Sistema de navegación global que proporciona información moi precisa sobre o posicionamento de calquera punto que se atope na superficie da terra ou preto dela.	Sistema de posicionamento global (GPS)
558.	<b>Ground team</b>	Any supervised group of individuals operating on the ground at a wildfire incident. This term is usually only required if an incident involves aerial operations.	Calquera grupo supervisado de individuos que traballan en terra nun incendio forestal. Normalmente este termo só se precisa nun incidente no que hai operacións aéreas.	Equipo de terra / Brigada de terra
559.	<b>Hand team</b>	A supervised group of individuals which is tasked with carrying out an assignment(s) at a wildfire incident.	Grupo supervisado de individuos cuxa(s) tarefa(s) nun incendio forestal implican o uso de ferramentas operadas a man.	Brigada con ferramentas manuais
560.	<b>Hand line</b>	A control line constructed using hand tools.	Liña de control construída empregando ferramentas manuais.	Liña de control construída a man
561.	<b>Head attack</b>	A method of fire suppression which involves an attack being made at the head of a wildfire. This tactic is not often adopted because of the increased risk to suppression personnel.	Método de extinción de incendios no que se ataca o incendio forestal pola cabeza. Esta táctica non adoita adoptarse porque aumenta os riscos para o persoal de extinción	Ataque pola cabeza
562.	<b>Head attack (aerial)</b>	A method of fire suppression which involves the release of water or fire retardant from the air directly onto the head of a wildfire.	Método de extinción de incendios no que se descarga auga ou retardante directamente á cabeza dun incendio forestal.	Ataque aéreo pola cabeza
563.	<b>Head fire</b>	The leading part of an advancing wildfire at a particular point in time. The head fire will usually exhibit the highest level of fire activity and fire intensity of any part of the fire.	Parte primeira dun incendio que avanza nun determinado momento. Este lume adoita mostrar o máis alto nivel de actividade de todas as partes do incendio.	Lume a favor do vento
564.	<b>Heat probe</b>	Apparatus used to detect heat <sup>110</sup> .	Aparello que se emprega para detectar a calor.	Detector de calor
565.	<b>Holding area</b>	Location established at an incident where resources can be placed while awaiting assignment.	Lugar establecido nun incidente no que os recursos poden esperar pola asignación dunha tarefa.	Área de espera
566.	<b>Hot fire</b>	A high intensity fire or part of a fire.	Incendio ou parte dun incendio alta intensidade.	Lume forte
567.	<b>Hot spot</b>	A small burning area within a fire perimeter which requires suppression action as part of the mop-up phase of suppression.	Área de queima pequena dentro do perímetro dun lume que require accións de extinción como parte da fase de extinción de brasas.	Punto quente
568.	<b>Ignition</b>	The initiation of combustion.	Inicio da combustión.	Ignición
569.	<b>Ignition method</b>	The means by which a fire is ignited.	Medios polos que prende un lume.	Método de ignición
570.	<b>Ignition patterns</b>	A generic term for the three key techniques for igniting a managed burn: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Line ignition</b> - igniting a burn in strips along a control line and the adjacent fuel.</li> <li>• <b>Points of fire ignition</b> - igniting a number of fires within an area of fuel. The aim of this technique is for the individual fires to burn into one another.</li> <li>• <b>Fingers of fire ignition</b><sup>111</sup> - a low intensity back burn which is achieved by igniting lines of fire at right angles to a control line and parallel to the wind.</li> </ul>	Termo xenérico para as tres técnicas básicas para acender unha queima controlada: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Ignición en liña</b> – acender unha queima en tiras onda unha liña de control e o combustible adxacente.</li> <li>• <b>Ignición por puntos de lume</b> – acender unha serie de lumes dentro dunha zona de combustibles. O obxectivo desta técnica é que cada un dos lumes acabe xuntándose cos demais.</li> <li>• <b>Ignición por dedos de lume</b> – unha queima de baixa intensidade contra o vento, que se consegue ao prender liñas de lume en ángulo coa liña de control e paralelas ao vento.</li> </ul>	Modelos de ignición
571.	<b>Incendiary</b>	A device that is purposefully designed to ignite a fire.	Dispositivo intencionadamente deseñado para acender un lume.	Dispositivo incendiario
572.	<b>Incident</b>	An occurrence or event that requires action to prevent or minimise loss of	Suceso ou evento que require accións para previr ou minimizar a	Incidente

<sup>108</sup> Inclusive of the following means: manual, mechanical, chemical, or using fire.

<sup>109</sup> O que inclúe os seguintes medios: manual, mecánico, químico ou empregando o lume.

<sup>110</sup> Source/Fonte: National Wildfire Coordinating Group (2011) Glossary of Wildland Fire Terminology (National Wildfire Coordinating Group, Boise), p.96.

<sup>111</sup> This should not be confused with the term “fingers of fire” which is defined within this glossary as “An elongated burned area projecting from the main body of the fire resulting in an irregular fire perimeter”

		life, damage to property or damage to the environment.	perda de vidas, danos na propiedade ou danos no medio ambiente.	
573.	<b>Incident Command Point</b>	The geographic location where the Incident Commander is based.	Localización xeográfica na que ten a súa base o xefe de incendio.	Punto de mando
574.	<b>Incident Command System</b>	A standardized emergency management system which is specifically designed to allow its users to adopt an integrated organisational structure equal to the complexity and demands of single or multiple wildfire incidents. An ICS provides a standard framework within which individuals and teams present at an incident can work together safely and effectively.	Sistema de xestión de emerxencias estandarizado deseñado especificamente para permitir aos seus usuarios adoptar unha estrutura organizativa integrada adecuada para a complexidade e as demandas que presentan un ou múltiples incendios forestais. Un SCI proporciona un marco estándar no que os individuos e os equipos presentes nun incidente poden traballar con seguridade e eficiencia.	Sistema de comando de incidente (SCI)
575.	<b>Incident Commander</b>	The nominated competent officer who has overall responsibility for safety, tactics and management of resources at a wildfire incident.	Oficial competente ao que se lle asignou total responsabilidade na seguridade, táctica e xestión de recursos nun incendio forestal.	Xefe de incendio
576.	<b>Incident support</b>	A group or organisation responsible for providing personnel, equipment and/or welfare facilities and supplies in support of suppression operations.	Grupo ou organización responsable de proporcionar persoal, equipamento e/ou servizos e subministracións para apoiar as operacións de extinción.	Apoio ao incidente
577.	<b>Indirect attack</b>	Any suppression methods implemented away from the fire edge.	Calquera método de extinción que se implanta lonxe do bordo do incendio.	Ataque indirecto
578.	<b>Initial attack</b>	Suppression work completed by first responders arriving at a wildfire incident. The intention of any initial attack will always be to quickly gain control of a fire. If an initial attack is unsuccessful then a prolonged attack strategy might be required.	Tarefas de extinción levadas a termo polos primeiros recursos que chegan ao lugar do incendio forestal. A intención dun ataque inicial sempre será tomar rapidamente o control do lume. Se este ataque non ten éxito poderás precisarse unha estratexia de ataque prolongada.	Primeiro ataque / Ataque inicial
579.	<b>Initial response</b>	The first suppression resources mobilised to an incident following the detection of a wildfire. These resources will be available to participate in initial attack operations.	Os primeiros recursos de extinción mobilizados a un incendio forestal, xusto despois de detectalo. Estes recursos estarán dispoñibles para participar nas operacións de ataque iniciais.	Primeira resposta
580.	<b>Knock down</b>	To reduce the flame or heat of burning parts of a fire.	Reducir a chama ou a calor das partes en combustión dun incendio.	Reducir a intensidade
581.	<b>LACES</b>	LACES is an essential safety protocol which should be implemented at wildfire incidents to address risks and hazards. The correct implementation of LACES helps to ensure that suppression personnel are appropriately supervised, informed and warned of risks and potential hazards and that they are aware of how and where to escape should a high risk situation occur. LACES is an acronym for: <ul style="list-style-type: none"> <li>• L = Lookouts</li> <li>• A = Awareness or Anchor Point</li> <li>• C = Communication</li> <li>• E = Escape route and plan</li> <li>• S = Safe area</li> </ul>	Protocolo esencial de seguridade que debe implantarse nos incendios forestais para enfrontarse a riscos e perigos. A súa correcta implantación axuda a asegurar que o persoal de extinción está adecuadamente supervisado, informado e advertido dos riscos e dos perigos potenciais, e son conscientes de como e por onde escapar se se produce unha situación de alto risco. LACES responde ás siglas en inglés de: <ul style="list-style-type: none"> <li>• L = Observación / vixías</li> <li>• A = Conciencia e punto de iniciación dunha liña</li> <li>• C = Comunicación</li> <li>• E = Vía e plan de escape</li> <li>• S = Lugar seguro / Área de seguridade</li> </ul>	OCEL / LACES
582.	<b>Lookout</b>	A person responsible for supervising safety. Lookouts are a key element of the LACES safety protocol.	Persoa que se encarga de supervisar a seguridade. Os vixías son un elemento clave no protocolo de seguridade OCEL.	Vixía / Vixilante
583.	<b>Managed burn</b>	A planned and supervised burn carried out for the purpose of removing fuel either as part of a Fire Suppression Plan (an operational burn) or a land management exercise (a prescribed burn).	Queima planeada e supervisada que se realiza co fin de eliminar combustible como parte dun plan de extinción de incendios (contralume) ou dunha operación de xestión do monte (queima prescrita).	Queima controlada
584.	<b>Marking out</b>	The creation of a marking on the ground to identify a target area for water bombing aircraft, either by personnel on the ground or by a helicopter.	Creación de marcas no chan para identificar unha área como obxectivo para unha aeronave de descarga de auga, ben feita polo persoal ou por un helicóptero.	Marcar un obxectivo
585.	<b>Massive attack</b>	A substantial and swift attack using aerial resources which is intentionally excessive in relation to the size of the wildfire. A massive attack will be performed in order to suppress a relatively small wildfire as quickly as possible so that aerial resources can be quickly released to perform other assignments.	Ataque considerable e rápido no que se empregan recursos aéreos, que é intencionalmente excesivo en relación co tamaño do incendio forestal. Estes ataques realizaranse para eliminar un incendio relativamente pequeno o máis rápido posible de xeito que os recursos aéreos poidan dedicarse a outras tarefas axiña.	Ataque masivo
586.	<b>Mega fire</b>	A wildfire demonstrating abnormally extreme fire behaviour. Mega fires will usually represent a significant challenge to suppression agencies because they are very resource intensive to suppress and can pose a significant risk to the safety of suppression personnel.	Incendio forestal que mostra un comportamento do lume anormalmente extremo. Estes lumes adoitan presentar un desafío considerable para os axentes de extinción, xa que precisan unha gran cantidade de recursos e poden supoñer un perigo importante para a seguridade do persoal de extinción.	Megaincendio

587.	<b>Mitigation</b>	A collective term used for those activities implemented prior to, during, or after a wildfire which are designed to reduce the actual or potential consequences of the wildfire. Mitigation measures can include efforts to educate governments, businesses and the general public on appropriate actions to take to reduce loss of life and property during wildfire incidents. The development of mitigation measures is often informed by lessons learned from prior incidents <sup>112</sup> .	Termo colectivo empregado para as accións que se implantan antes de, durante ou despois dun incendio forestal, e que están deseñadas para reducir as consecuencias reais ou potenciais dun incendio forestal. Estas medidas poden incluír medidas para concienciar aos gobernos, empresas e ao público xeral sobre as accións adecuadas para reducir a perda de vidas e de bens nos incendios forestais. O desenvolvemento das medidas de mitigación adoita incluír o aprendido nos incidentes pasados.	Mitigación
588.	<b>Mobilize</b>	To direct resources to attend an incident.	Dirixir os recursos para asistir nun incidente.	Mobilizar
589.	<b>Mop up</b>	The act of extinguishing a fire after it has been brought under control <sup>113</sup> . Mop up involves carrying out all necessary actions to prevent re-ignition.	Acto de extinguir un incendio que xa está baixo control. Implica realizar todas as accións necesarias para evitar que volva prender.	Extinción de ascuas
590.	<b>Multi-agency incident</b>	An incident involving more than one agency.	Incidente no que traballa máis dunha axencia.	Incidente no que participan varias axencias
591.	<b>Mutual support</b>	Coordination of the actions of multiple agencies and/or ground and aerial resources to ensure that all actions complement and support one another.	Coordinación das accións de múltiples axencias e/ou recursos terrestres e aéreos para asegurar que todas as accións se complementan e apoian mutuamente.	Apoio mutuo
592.	<b>Operational burn</b>	A controlled supervised burn which is carried out by a burn team as part of a fire suppression plan. An operational burn can be classified as either offensive or defensive, depending upon its purpose: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Offensive operational burn</b> – ignited along a control line to burn into an advancing flame front.</li> <li>• <b>Defensive operational burn</b> – ignited along a control line to strengthen/expand the control line, but will be extinguished prior to the arrival of an advancing wildfire.</li> </ul>	Queima controlada e supervisada realizada por un equipo de queima como parte dun plan de extinción de incendio. Poden clasificarse como ofensivas ou defensivas, dependendo do seu fin: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Contralume ofensivo</b> – acendida ao longo dunha liña de control para que queime cara a fronte do incendio que avanza.</li> <li>• <b>Contralume defensivo</b> – acendida ao longo dunha liña de control para reforzar/expandir a liña de control, pero extinguirse antes de que chegue o incendio ata alí.</li> </ul>	Contralume
593.	<b>Parallel attack</b>	A method of fire suppression involving the construction of a control line approximately parallel to and some distance away from the fire edge. The intervening strip of unburned fuel may or may not be burned out as the control line proceeds. This decision will be influenced by an assessment of whether the unburned fuel is considered to pose a threat to the control line.	Método de extinción de incendios no que se constrúe unha liña de control aproximadamente paralela e a certa distancia do bordo do incendio. A franxa de combustible non queimado pode que se queime ou non mentres se avanza a liña de control. A decisión verase influída pola avaliación de se o combustible non queimado supón unha ameaza para a liña de control.	Ataque paralelo
594.	<b>Parallel attack (aerial)</b>	A method of fire suppression involving the release of water or retardant from the air to form a control line approximately parallel to and some distance away from the fire edge.	Método de supresión de incendios no que se descarga auga ou retardante desde o aire para formar unha liña de control aproximadamente paralela e a certa distancia do bordo do incendio.	Ataque paralelo aéreo
595.	<b>Partner agencies</b>	Any organisations that work together to prevent, investigate and/or suppress wildfires. Partnership agencies will work together on preparedness activities and plans and are likely to have formulated pre-agreed partnership agreements.	Organizacións que traballan xuntas para previr, investigar e/ou extinguir incendios forestais. Estas axencias traballarán xuntas en actividades e plans de preparación e é probable que teñan establecidos acordos de colaboración previamente acordados.	Axencias asociadas
596.	<b>Patrol</b>	The act of supervising a specified area in order to prevent, detect and/or control a wildfire.	Acto de supervisar unha área concreta co fin de previr, detectar e/ou controlar un incendio forestal.	Patrullar
597.	<b>Pinching</b>	The tactic of attacking a wildfire by working along the flanks either simultaneously or successively from an anchor point and endeavouring to connect the two lines at the head <sup>114</sup> .	Táctica de atacar un incendio forestal traballando polos seus flancos, ben simultánea ou sucesivamente, desde un punto de ancoraxe e procurando conectar as dúas liñas na cabeza do incendio.	Flanquear
598.	<b>Point of ignition</b>	The exact physical location within the area of origin where a wildfire was first ignited.	O lugar físico preciso dentro da área de orixe onde predeu un incendio forestal.	Punto de ignición
599.	<b>Preparedness plan</b>	A pre-determined scheme or programme of activities which is formulated in order to satisfactorily prepare an organisation or a geographic area to respond effectively to wildfire incidents.	Plan ou programa de actividades previamente determinado que se formula co fin de preparar satisfactoriamente unha organización ou unha área xeográfica para responder de maneira efectiva aos incendios forestais.	Plan de preparación
600.	<b>Pre-treat</b>	The application of water, foam or retardant along a control line.	Aplicación de auga, espuma ou retardante ao longo da liña de control.	Pretratamento

<sup>112</sup> Based on the definition provided by the/Baseada na definición incluída en NWCG: National Wildfire Coordinating Group (2011) Glossary of Wildland Fire Terminology (National Wildfire Coordinating Group, Boise), p.121.

<sup>113</sup> Source/Fonte: Global Fire Monitoring Center (2010) International Multi-Lingual Fire Management Terminology (Global Fire Monitoring Center, Freiburg), p.142 (defined within the term “Fire Suppression”).

<sup>114</sup> Source/Fonte: Global Fire Monitoring Center (2010) International Multi-Lingual Fire Management Terminology (Global Fire Monitoring Center, Freiburg), p.153 (defined within the term “Flanking Fire Suppression”).



601.	<b>Prolonged attack</b>	An extended and sustained method of attack requiring additional resources which is implemented if a wildfire is beyond the control of an initial attack.	Método de ataque estendido e sostido que require recursos adicionais e que se emprega se un incendio forestal non se pode controlar co ataque inicial.	Ataque prolongado
602.	<b>Rate of spread</b>	A measurement of the speed at which a fire moves across a landscape. Rate of spread is usually expressed in metres per hour.	Medida da velocidade á que un incendio se estende por unha paisaxe. A velocidade de propagación adoita expresarse en metros por hora.	Velocidade de propagación
603.	<b>Re-burn</b>	Subsequent burning of an area that has already been burnt.	Queima posterior dunha área que xa foi queimada.	Requeimar
604.	<b>Reconnaissance</b>	The act of gathering information about a wildfire incident in order to monitor fire behaviour and suppression activities. The primary reasons for completing reconnaissance should be to maintain safety and to assess the effectiveness of a fire suppression plan.	Acto de recoller información sobre un incendio forestal co fin de facer un seguimento do comportamento do lume e das actividades de extinción. As principais razóns para realizar un recoñecemento deberían ser manter a seguridade e avaliar a efectividade dun plan de extinción de incendios.	Recoñecemento
605.	<b>Rendezvous point</b>	A pre-arranged location where resources arriving at a wildfire incident will report.	Lugar previamente establecido onde se atoparán os recursos que cheguen a un incendio forestal.	Punto de encontro
606.	<b>Report</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>The process whereby resources first register their arrival at a wildfire incident; or,</li> <li>A formal statement of the results of an activity or investigation. Reports may analyse situations, provide progress updates on current assignments, draw conclusions and/or make recommendations. A report can be either verbal or written.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Proceso polo que os recursos rexistran a súa chegada a un incendio forestal (1);</li> <li>Exposición formal dos resultados dunha actividade ou dunha investigación. Os informes poden analizar situacións, proporcionar a última información sobre progresos ou sobre tarefas que se están desenvolvendo, extraer conclusións e/ou facer recomendacións. Un informe pode ser oral ou escrito (2).</li> </ul>	Presentarse (1) Informe (2)
607.	<b>Reserve resources</b>	Resources not assigned to a specific task, but available for assignment.	Recursos non asignados a unha tarefa específica, pero que están dispoñibles.	Recursos en reserva
608.	<b>Resources</b>	Personnel, equipment, services and supplies which are either available or potentially available for assignment to a wildfire incident.	Persoal, equipamento, servizos e subministracións que están dispoñibles ou poderían estarlo para asumir unha tarefa nun incendio forestal.	Recursos
609.	<b>Restricted area</b>	An area in which specified activities or entry are temporarily restricted in order to mitigate risk to human health or safety by potential or on-going wildfires.	Área na que unhas actividades concretas ou o acceso están temporal ou permanentemente restrinxidas co fin de reducir os riscos para a saúde ou a seguridade das persoas causados polos incendios forestais potenciais ou que xa están acontecendo.	Área restrinxida
610.	<b>Retardants</b>	A group of chemicals that are usually mixed with water which have the ability to reduce or inhibit combustion either in the long or short term: <ul style="list-style-type: none"> <li><b>Long-term retardants</b> - have the ability to reduce or inhibit combustion even after the water that they contain has evaporated.</li> <li><b>Short-term retardants</b> – are primarily used to inhibit combustion through the more immediate cooling and/or smothering of a fire.</li> </ul>	Grupo de substancias químicas que se adoitan mesturar con auga e que teñen a propiedade de reducir ou inhibir a combustión, ben a longo ou a curto prazo: <ul style="list-style-type: none"> <li><b>Retardantes a longo prazo</b> – teñen a propiedade de reducir ou inhibir a combustión mesmo despois de que a auga que conteñen se evapore.</li> <li><b>Retardantes a curto prazo</b> – empréganse principalmente para inhibir a combustión mediante o arrefriamento máis inmediato e/ou afogando o lume.</li> </ul>	Retardantes
611.	<b>Ring burn</b>	A fire started by igniting the full perimeter of the intended burn area so that the ensuing fire fronts converge toward the centre of the burn <sup>115</sup> .	Lume que prende acendendo o perímetro total da zona que se pretende queimar, de maneira que as fronte resultantes converxen cara o centro da queima.	Queima en anel
612.	<b>Risk</b>	The probability of a hazardous event occurring and the potential outcome/consequences of that hazardous event. Risk is calculated using the following equation: Risk = probability of occurrence x potential impact	A probabilidade de que aconteza un evento perigoso, e os seus potenciais resultados/consecuencias. O risco calcúlase empregando a seguinte ecuación: Risco = probabilidade de ocorrencia x impacto potencial	Risco
613.	<b>Risk assessment</b>	The process of establishing information regarding acceptable levels of risk and actual levels of risk posed to an individual, group, society or the environment. The process involves the identification of risk, an assessment of probability and an assessment of potential impact.	Proceso polo que se establece información sobre os niveis aceptables de riscos e os niveis reais de riscos para un individuo, grupo, sociedade ou para o medio ambiente. Este proceso implica identificar o risco, avaliar a súa probabilidade e avaliar o impacto potencial.	Avaliación de riscos
614.	<b>Risk management</b>	A process involving the systematic application of policies, procedures and practices to identify, analyse, evaluate, manage, control, communicate and monitor risks <sup>116</sup> .	Proceso que inclúe a aplicación sistemática de políticas, procedementos e prácticas para identificar, analizar, avaliar, xestionar, controlar, comunicar e facer un seguimento de riscos.	Xestión de riscos

<sup>115</sup> Source/Fonte: National Wildfire Coordinating Group (2011) Glossary of Wildland Fire Terminology (National Wildfire Coordinating Group, Boise), p.150 (defined within the term “Ring Fire”).

615.	<b>Safe area</b>	An identified area of safety where people can find refuge. The identification of a safe area is a key element of the LACES safety protocol.	Área de seguridade identificada onde as persoas se poden refuxiar. A identificación desta zona é un elemento clave no protocolo de seguridade OCEL.	Área de seguridade
616.	<b>Safe systems of work</b>	A formal procedure which results from systematic examination of a task in order to identify potential hazards and risks. The resulting document produced will describe the safest way(s) of completing a task to ensure hazards are eliminated or that risks are controlled as far as possible.	Procedemento formal que é o resultado do exame sistemático dunha tarefa co fin de identificar os perigos e riscos potenciais. O documento resultante describirá a(s) maneira(s) máis seguras de realizar unha tarefa para asegurar que os perigos son eliminados e que os riscos son controlados o máximo posible.	Sistemas seguros de traballo
617.	<b>Safety</b>	When exposure to hazards has been controlled to an acceptable level.	Cando a exposición a perigos está controlada a un nivel aceptable.	Seguridade
618.	<b>Safety officer</b>	An officer appointed to manage risk.	Oficial designado para xestionar os riscos.	Oficial de seguridade
619.	<b>Scratch line</b>	A preliminary control line that has been hastily constructed as an emergency measure to prevent fire spread.	Liña de control preliminar que se constrúe precipitadamente como medida de emerxencia para previr a propagación do lume.	Liña preliminar
620.	<b>Sector</b>	A specific area of an incident which is under the control of a Sector Commander.	Zona específica dun incidente que está baixo o control dun xefe de sector.	Sector
621.	<b>Situational awareness</b>	The perception of the surrounding environment within the context of both time and space. It includes the comprehension of meaning of observed phenomena and patterns and the provision of information relevant to a team or individual's situation. It also includes the projection and prediction of what will happen within the surrounding environment in the future.	Percepción da contorna, no contexto tanto do tempo como do espazo. Este concepto inclúe a asimilación do significado dos fenómenos e patróns observados e proporcionar a información relevante para a situación dun equipo ou dun individuo. Tamén inclúe a proxección e predición do que vai acontecer na contorna no futuro.	Consciencia situacional
622.	<b>Standard Operating Procedures (SOPs)</b>	SOPs are written instructions that detail the necessary steps that must be taken when completing a particular process or activity. The purpose of a SOP is to ensure that a particular process or activity is always carried out safely, effectively and in the same manner.	Instrucións escritas que detallan os pasos necesarios que deben tomarse cando se está a realizar un proceso ou unha actividade concreta. A súa finalidade é asegurar que o proceso ou actividade concreta se leva a termo con seguridade, eficiencia, e da mesma maneira.	Procedementos Operativos Estándar (POE)
623.	<b>Statutory responsibility</b>	A legal obligation to satisfactorily perform or complete a particular task related to wildfire suppression or prevention.	Obriga legal de realizar ou rematar satisfactoriamente unha tarefa concreta relacionada coa extinción ou a prevención dun incendio forestal.	Responsabilidade legal
624.	<b>Supplies</b>	Minor items of equipment and all expendable items assigned to an incident <sup>117</sup> .	Elementos secundarios de equipamento e todos os artigos funxibles que se asignan a un incidente	Subministracións
625.	<b>Supply area</b>	The location where the primary logistics functions and supplies required for a wildfire incident are temporarily stored, coordinated and administered.	Lugar onde se almacenan, coordinan e administran temporalmente as principais funcións lóxicas e subministracións que se precisan nun incendio forestal.	Zona de subministracións
626.	<b>Suppression</b>	All work involved in controlling and extinguishing a wildfire.	Todo o traballo implicado no control e extinción dun incendio forestal.	Supresión
627.	<b>Tactical lookout</b>	A person with an advanced understanding of wildfire behaviour who acts as a safety officer at a wildfire incident. He/she will observe the fire and the action of teams involved in fire suppression. He/she will maintain close communication with suppression teams and supervisors and will be responsible for ensuring the safety of all individuals present at the incident. Lookouts are a key element of the LACES safety protocol.	Persoa cun coñecemento avanzado do comportamento do lume que actúa como oficial de seguridade nun incendio forestal. Esta persoa observará o lume e as acción dos equipos que traballan na extinción e manterá unha comunicación estreita cos equipos de extinción e os supervisores, e será responsable de asegurar a seguridade de todos os individuos presentes no incidente. Os vixías son un elemento clave no protocolo de seguridade OCEL.	Vixía táctico / Vixilante táctico
628.	<b>Tactics</b>	The deployment of resources at a wildfire incident to achieve the aims of a fire suppression plan.	Despregamento de recursos nun incendio forestal para acadar os obxectivos do plan de extinción de incendios.	Táctica
629.	<b>Tail attack</b>	A method of fire suppression which involves an attack being made at the tail of a wildfire.	Método de extinción de incendios no que se fai un ataque pola cola dun incendio forestal.	Ataque pola cola
630.	<b>Tail attack (aerial)</b>	A method of fire suppression involving the release of water or fire retardant from the air directly onto the tail part of a wildfire.	Método de extinción de incendios no que se fai unha descarga de auga ou de retardante desde o aire directamente sobre a cola dun incendio forestal.	Ataque aéreo pola cola
631.	<b>Team</b>	A group of individuals tasked with working together on an assignment.	Grupo de individuos que teñen que traballar xuntos nunha tarefa.	Brigada / Equipo
632.	<b>Team supervisor</b>	A person who manages the actions, assignments and safety of a team.	Persoa que xestiona as accións, tarefas e seguridade dun equipo.	Supervisor de equipo
633.	<b>Test burn</b>	A small burn which is ignited to observe and evaluate fire behaviour prior to igniting a larger operational or managed burn.	Queima de pouco tamaño que se acende para observar e avaliar o comportamento do lume antes de acender un contralume ou unha	Queima de proba

<sup>116</sup> Based on the definition presented within the final report of the/Baseada na definición incluída no informe final do ANSFR Project: The ANSFR Project Final Report: Recommendations for Improving Fire Risk Assessment and Management in Europe (2010), p.9 - [http://www.firerisk.eu/resources/documents/document\\_display.htm?pk=88](http://www.firerisk.eu/resources/documents/document_display.htm?pk=88)

<sup>117</sup> Source/Fonte: National Wildfire Coordinating Group (2011) Glossary of Wildland Fire Terminology (National Wildfire Coordinating Group, Boise), p.168.

			queima controlada máis grande.	
634.	<b>Trigger point</b>	A pre-designated point in time or place whereby a predicted change in fire behaviour will influence tactical decision-making. For instance, if a wildfire reaches a particular trigger point on the landscape, the Incident Commander may decide it is necessary to adopt alternative tactics in order to maintain safety and effectiveness.	Punto preestablecido no tempo ou no espazo no que un cambio predito no comportamento do lume influirá na toma de decisións sobre a táctica. Por exemplo, se un incendio forestal acada un limiar concreto na paisaxe, o xefe de incendio pode decidir que é necesario adoptar unha táctica alternativa para manter a seguridade e a efectividade.	Limiar
635.	<b>Water Safety Plan</b>	A plan that is created to assure the safety of water bombing aircraft and other users of a body of water used for water filling. A water safety plan will commonly document the following types of arrangements: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Measures to be implemented to inform users of a body of water about its use by water bombing aircraft.</li> <li>• Systems and protocols for towing and salvage of water bombing aircraft that breaks down on the water.</li> <li>• Systems and protocols for providing aid and assistance to the crew of a water bombing aircraft which has broken down on the water.</li> </ul>	Plan creado para asegurar a seguridade das aeronaves de descarga de auga e dos outros usuarios dun corpo de auga que se emprega para recargar auga. Polo xeral, estes plans incluírán os seguintes tipos de medidas: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Medidas para informar aos usuarios dun corpo de auga sobre o seu uso por parte dunha aeronave de descarga de auga.</li> <li>• Sistemas e protocolos para o remolque e salvamento dunha aeronave de descarga que se avaría na auga.</li> <li>• Sistemas e protocolos para proporcionar axuda e asistencia á tripulación dunha aeronave de descarga que se avariou na auga.</li> </ul>	Plan de Seguridade na Auga
636.	<b>Wet line</b>	A line of water, or water mixed with fire fighting chemicals, which is sprayed along the ground to serve as a temporary control line from which to ignite an operational burn or to stop a low-intensity fire.	Liña de auga, ou de auga mesturada con produtos químicos contra o lume, que se espalla ao longo do solo e serve para deter un incendio de baixa intensidade ou como liña de control temporal desde a que se acende un contralume.	Liña húmida
637.	<b>Wetting agents</b>	Chemicals which, when added to water, decrease the surface tension of the water and enable greater penetration into fuels.	Produtos químicos que, cando se engaden á auga, fan descender a tensión da superficie da auga e fan posible unha penetración maior nos combustibles.	Humectantes
638.	<b>Window of opportunity</b>	A period of time or location on the landscape when/where it will be particularly advantageous to adopt particular suppression tactics or actions.	Período de tempo ou lugar na paisaxe no que será particularmente vantaxoso adoptar unha táctica ou unhas accións de extinción particulares.	Ventá de actuación

# Capítulo 10 – Cartografía e lectura de mapas

***Cartografía: “O estudo dos mapas e a práctica de elaboralos”.***



© Office National des Forêts (Francia)

# 10. Cartografía e lectura de mapas

No.	English	English Definition	Definición en galego	Termo en galego
639.	<b>Access</b>	A point of entry, exit and/or route to an incident location.	Punto de entrada, saída e/ou paso ao lugar dun incidente.	Acceso
640.	<b>Aggregation</b>	The grouping together of individual entities with similar characteristics to form one larger entity. For example, grouping together small area units to form larger ones.	Agrupación de entidades individuais de similares características para formar unha entidade máis grande. Por exemplo, agrupar unidades de superficie pequenas para formar unidades máis grandes.	Agregación
641.	<b>Aiming off</b>	A method used by navigators to address the problem of lateral drift. Rather than take a bearing and head straight for a target, a navigator may decide to "aim off" so that they deliberately measure a bearing to take them to one side of their target. Once they have walked the measured distance, the navigator will then know whether they will need to turn 90 degrees and walk to their left or right in order to reach their target.	Método empregado polos navegadores para resolver o problema da deriva lateral. En vez de tomar un rumbo e dirixirse a un destino directamente, o navegador pode decidir facer unha desviación voluntaria, de xeito que mida deliberadamente un rumbo que o leve a un lado do obxectivo. Unha vez que recorreu a distancia medida, o navegador saberá se precisa xirarse 90 graos e desprazarse cara a esquerda ou a dereita para acadar o obxectivo.	Desviación voluntaria
642.	<b>Alphanumeric</b>	Information using both letters and numbers	Información que emprega tanto letras como números.	Información alfanumérica
643.	<b>Altitude</b>	Height above sea-level.	Elevación sobre o nivel do mar.	Altitude
644.	<b>Annotation</b>	The addition of explanatory notes, comments or instructions to a map or image.	Engadido de notas explicativas, comentarios ou instrucións a un mapa ou imaxe.	Anotación
645.	<b>Back bearing</b>	A navigation technique which uses a compass to locate a person's position on a map and/or the position of a visible object or feature.	Técnica de navegación que emprega un compás para localizar a posición dunha persoa nun mapa e/ou a posición dun obxecto ou elemento visible.	Marcación recíproca
646.	<b>Base map</b>	A map intended as a base onto which other information is added, either as manual annotations, or digitally as new map layers in a Geographic Information System (GIS). Base maps usually include the grid coordinate system, roads, settlements, rivers and any other topographic features which will help users generate new useful information. These features are used to help locate known but as yet unmapped features such as fire hydrants, or interpreted to produce new information such as relative fuel load or accessibility <sup>118</sup> .	Mapa que se emprega como base na que se engade outra información, sexa con anotacións manuais ou dixitalmente en forma de novas capas nun Sistema de Información Xeográfica (GIS). Estes mapas adoitan incluír o sistema de coordenadas xeográficas, estradas, asentamentos, ríos e outros elementos topográficos que axudarán aos seus usuarios a xerar nova información útil. Empréganse para localizar elementos coñecidos pero que aínda non se incluíron no mapa, como hidrantes, ou interprétanse para producir nova información, como a carga relativa de combustible ou a accesibilidade.	Mapa de referencia
647.	<b>Baseline</b>	A reference line that lies across a course of travel. Common examples of baselines include roads, footpaths, water channels, fences, and any other similar linear features. Baselines are helpful because they provide a large target for which to aim. Navigators may identify a baseline and then aim off when calculating their bearing. When they reach the baseline they will then know which direction they should walk along the baseline in order to reach their target destination.	Liña de referencia que se atopa a través do curso dun desprazamento. Exemplos comúns son as estradas, camiños, canles de auga, cercas e calquera outro elemento similar. Estas liñas son útiles porque proporcionan grandes obxectivos aos que dirixirse. Os navegadores poden identificar unha e facer unha desviación voluntaria cando calculan o seu rumbo. Cando chegan á liña de posición saberán que dirección deben tomar ao longo desta para chegar ao seu destino.	Liña de posición
648.	<b>Bearing</b>	The horizontal direction to or from any point, usually measured clockwise from true north, or some other reference point, through 360 degrees <sup>119</sup> .	Dirección horizontal desde calquera punto, que adoita medirse no sentido das agullas do reloxo desde o norte verdadeiro, ou desde algún outro punto de referencia, de 0 a 360 graos.	Rumbo
649.	<b>Blind area</b>	An area in which neither the ground nor its vegetation can be seen from an observation point.	Zona cuxo solo e vexetación non poden ser vistos desde un punto de observación dado.	Zona cega
650.	<b>Boundary</b>	The perimeter or limit of a pre-defined area. Boundaries are usually indicated on a map by one or more lines of varying styles.	Perímetro ou bordo dunha área predefinida. Os límites adoitan indicarse nun mapa cunha ou máis liñas de distintos estilos.	Límite
651.	<b>Boxing obstacles</b>	A range of techniques used by navigators to move around obstacles they encounter when walking on a bearing. Boxing techniques allow the navigator to walk around an obstacle and then return to their original path and bearing.	Serie de técnicas empregadas polos navegadores para esquivar os obstáculos que atopan cando se desprazan nun rumbo. Estas técnicas permiten ao navegador esquivar o obstáculo e volver ao seu camiño e rumbo orixinal.	Rodear obstáculos
652.	<b>Browser</b>	A computer application which provides users with the ability and tools	Aplicación informática que ofrece aos usuarios a habilidade e	Navegador

<sup>118</sup> Definition provided by/Definición proporcionada por Julia McMorrow, University of Manchester (UK).

<sup>119</sup> Source/Fonte: Global Fire Monitoring Center (2010) International Multi-Lingual Fire Management Terminology (Global Fire Monitoring Center, Freiburg), p.29.

		(such as zoom and pan) to view map data.	ferramentas (como facer zoom e varridos) para ver os datos dun mapa.	
653.	<b>Buffer</b>	The specification of a zone on a map around a particular point or feature. Buffers are commonly used to determine proximity of particular features to one another.	Especificación dunha zona nun mapa ao redor dun punto ou elemento particular. Adoitan empregarse para determinar a proximidade entre certos elementos.	Buffer
654.	<b>Cardinal direction</b>	The four principal points of a compass: North, South, East and West.	Os catro puntos principais dun compás: norte, sur, leste e oeste.	Punto cardinal
655.	<b>Classification</b>	A systematic arrangement of individual features into groups or classes of features with similar characteristics. For instance, designating a polygon feature on a map as a building or a hospital.	Disposición sistemática de elementos individuais en grupos ou clases de elementos de características similares. Por exemplo, designar un elemento poligonal nun mapa como un edificio ou hospital.	Clasificación
656.	<b>Cartography</b>	The study of maps and the practice of map making.	O estudo dos mapas e a práctica de elaboralos.	Cartografía
657.	<b>Compass</b>	An instrument used for navigation and orientation. A compass consists of a mounted or suspended magnetic needle which points to Magnetic North.	Instrumento empregado para a navegación e a orientación. Un compás contén unha agulla imantada acomodada ou suspendida que apunta cara o norte magnético.	Compás
658.	<b>Compass rose</b>	A circular symbol indicating the direction of True and/or Magnetic North which is found printed on maps and sometimes on the ground at an airport or heliport.	Símbolo circular que indica a dirección do norte verdadeiro e/ou magnético que se atopa en mapas impresos e ás veces no chan dun aeroporto ou heliporto.	Rosa dos ventos
659.	<b>Conflation</b>	The process of matching and merging together two maps of the same area. The process may involve matching and merging maps from different time periods or maps presenting different thematic information.	Proceso de emparellar e fusionar dous mapas da mesma zona. No proceso pódense emparellar e fusionar mapas de diferentes períodos de tempo ou mapas que presenten información de distintas temáticas.	Combinación de mapas
660.	<b>Contour index lines</b>	Contour lines accompanied by a numerical value indicating elevation. Index contours are usually shown on a map as a thicker line to distinguish them from standard contour lines.	Curvas de nivel acompañadas dun valor numérico que indica a elevación. Adoitan representarse nun mapa como unha liña máis ancha, para distinguilas das curvas de nivel estándar.	Curvas de nivel directrices
661.	<b>Contour interval</b>	The difference in elevation between two neighbouring contour lines.	Diferenza de elevación entre dúas curvas de nivel próximas.	Intervalo de curvas de nivel
662.	<b>Contour line</b>	A line on a map connecting points of equal elevation.	Liña nun mapa que conecta puntos coa mesma elevación	Curva de nivel
663.	<b>Contour pattern</b>	The arrangement of contours on an area of a map. Accurate interpretation of contour patterns on a map can enable navigators to identify types of topographical features.	Disposición de niveis nunha zona dun mapa. Unha interpretación precisa destes modelos nun mapa pode permitir aos navegadores a identificación de distintos tipos de elementos topográficos.	Modelo de curvas de nivel
664.	<b>Contour spacing</b>	The relative gap between contours indicates gradient and severity of slope. Contour lines shown relatively close together indicate the presence of steeper slopes, while the opposite is true of contours shown further apart.	A separación relativa entre curvas de nivel indica a inclinación e severidade dunha pendente. As curvas de nivel que se mostran relativamente preto indican a presenza de pendentes máis inclinadas, mentres que acontece o contrario coas curvas de nivel que se mostran máis separadas.	Separación entre curvas de nivel
665.	<b>Contour value</b>	A height printed on or immediately next to a contour line. For ease of reference, contour values often read upslope.	A altura impresa nunha curva de nivel, ou inmediatamente preto dela. Para facilitar a referencia, os valores adoitan expresarse pendente arriba.	Valor da curva de nivel
666.	<b>Contouring</b>	Planning and walking a route which follows the path of contour lines. This approach can often be safer than walking a route which intersects contour lines, particularly in rough terrain or during severe weather conditions.	Planificar e desprazarse por unha ruta que segue o camiño das curvas de nivel. Isto adoita ser máis seguro que seguir unha ruta que cruza curvas de nivel, especialmente en terreos abruptos ou con condicións meteorolóxicas adversas.	Contornear
667.	<b>Coordinate transformation</b>	The process of converting a map from one coordinate system to another, often through the use of computer programmes.	Proceso de converter un mapa dun sistema de coordenadas a outro, a miúdo empregando programas informáticos.	Transformación de coordenadas
668.	<b>Coordinates</b>	Intersecting lines of reference which are used to identify specific locations on a map.	Liñas de referencia cruzadas que se empregan para identificar situacións específicas nun mapa	Coordenadas
669.	<b>Copyright</b>	A legal property right which enables the creator of an original piece of work to protect it from unauthorised use <sup>120</sup> .	Dereito de propiedade legal que permite ao creador dunha obra orixinal protexela de usos non autorizados.	Dereito de autoría
670.	<b>Data</b>	Items of information represented in a formalised manner which are suitable for processing and interpretation.	Información representada de xeito formalizado que se pode procesar e interpretar.	Datos
671.	<b>Data quality</b>	An assessment of the completeness and reliability of a dataset and its suitability for a particular purpose.	Avaliación do completo e fiable que é un conxunto de datos, e da súa adecuación para unha finalidade concreta.	Calidade dos datos
672.	<b>Data record</b>	A set of related data fields that are grouped together for processing <sup>121</sup> .	Conxunto de campos de datos relacionados que se agrupan para o seu procesamento.	Rexistro de datos

<sup>120</sup> Based on the definition provided by the/Baseada na definición ofrecida por Ordnance Survey at: <http://www.ordnancesurvey.co.uk/oswebsite/aboutus/reports/misc/glossary.html>

<sup>121</sup> Source/Fonte: <http://www.ordnancesurvey.co.uk/oswebsite/aboutus/reports/misc/glossary.html>

673.	<b>Database</b>	A management system for one or more datasets.	Sistema de xestión dun ou máis conxuntos de datos.	Base de datos
674.	<b>Dataset</b>	A collection of related data records which are managed as a subset of data within a database.	Colección de rexistros de datos relacionados que se xestionan como un subconxunto de datos dentro dunha base de datos.	Conxunto de datos
675.	<b>Datum</b>	The term datum can be used within two different contexts and thus has two meanings: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Within the context of cartography and map reading, a datum is a known position from which all height information is relatively measured (1).</li> <li>• Datum is also the singular form of data. Within this context it is used to refer to a single item of information (2).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• No contexto da cartografía e da lectura de mapas, un datum é unha posición coñecida desde a que se mide relativamente a información da altura (1).</li> <li>• Un único elemento de información (2).</li> </ul>	Datum / Datum de referencia (1) Dato (2)
676.	<b>Demographic data</b>	Statistical data on human populations.	Datos estatísticos sobre as poboacións humanas.	Datos demográficos
677.	<b>Digital Elevation Model (DEM)</b>	A digital elevation model is a 3-D representation of a terrain's surface created from terrain elevation data. It can take the form of either a 'flat' image, where the brightness or colour represents height, or a wire/block diagram which shows the terrain in 3-D. Variants of DEMs include: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Digital terrain models (DTM)</b> - which show the elevation of the ground surface itself, excluding any human-made structures and vegetation.</li> <li>• <b>Digital surface models (DSM)</b> - which show the elevation of the actual surface, including human-made structures and vegetation.</li> </ul>	Representación en 3D da superficie do terreo creada a partir dos datos de elevación do terreo. Pode ter a forma dunha imaxe "plana", na que o brillo e a cor representan a altura, ou dun diagrama de bloques que mostra o terreo en 3D. As variantes dos MDE inclúen: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Modelos dixitais de terreo (MDT)</b> – mostran a elevación da superficie do solo, excluindo as estruturas feitas polo home e a vexetación.</li> <li>• <b>Modelos dixitais de superficie (MDS)</b> – mostran a elevación da superficie real, incluíndo as estruturas feitas polo home e a vexetación.</li> </ul>	Modelo dixital de elevación (MDE)
678.	<b>Digitising</b>	The conversion of paper maps into digital format.	Conversión de mapas en papel a formato dixital.	Dixitalizar
679.	<b>Elevation</b>	Height above sea-level.	Altura sobre o nivel do mar.	Elevación
680.	<b>Geocode</b>	The numerical or alphanumeric element in a database which identifies the geographical location of a particular record.	Elemento numérico ou alfanumérico nunha base de datos que identifica a localización xeográfica dun rexistro en concreto.	Xeocodificación
681.	<b>Geographic Information System (GIS)</b>	A system designed to capture, store, manipulate, analyze, and present geographically referenced data.	Sistema deseñado para capturar, almacenar, manipular, analizar e presentar datos xeográficos.	Sistema de información xeográfica (SIX / GIS)
682.	<b>Global Positioning System (GPS)</b>	A global navigation system that provides very precise positioning information about the location of any point on or near the Earth. The system is freely accessible to anyone with a GPS receiver.	Sistema de navegación global que proporciona información moi precisa sobre o posicionamento de calquera punto que se atope na superficie da terra ou preto dela.	Sistema de posicionamento global (GPS)
683.	<b>Global Positioning System (GPS) Navigation Device<sup>122</sup></b>	Any device that receives and triangulates GPS signals in order to determine its physical location on the Earth's surface.	Calquera aparello que recibe e triangula sinais de GPS para determinar a súa localización física sobre a superficie da terra.	Receptor GPS
684.	<b>Gradient</b>	The angle or steepness of a slope.	Ángulo ou inclinación dunha pendente	Gradiente
685.	<b>Grid bearing</b>	Measurement of a bearing using a compass placed on a map. If this bearing is to be followed to walk from one location to another, then the navigator will need to adjust it to incorporate magnetic declination.	Medida dun rumbo empregando un compás situado nun mapa. Se se usa este rumbo para camiñar dun lugar a outro, o navegador precisará axustalo para incorporar a declinación magnética.	Orientación en cuadrícula
686.	<b>Grid North</b>	The direction north along the north-south grid lines of a map projection <sup>123</sup> .	A dirección norte a longo das liñas norte-sur dunha cuadrícula nunha proxección cartográfica.	Norte dunha cuadrícula
687.	<b>Grid reference</b>	Coordinates that can be used to define and identify specific locations on a map.	Coordenadas que poden empregarse para definir e identificar lugares específicos nun mapa.	Malla de referencia
688.	<b>Gridlines</b>	Intersecting perpendicular lines drawn on a map to divide the surface into equal squares. Gridlines define the coordinate system and are labelled with numbers and/or letters to provide a unique reference to features on the map.	Liñas perpendiculares que se cruzan nun mapa para dividir a superficie en cadrados iguais. Estas liñas definen o sistema de coordenadas e están etiquetadas con números e/ou letras para proporcionar unha referencia única aos elementos do mapa.	Liñas da cuadrícula
689.	<b>Hazard</b>	Anything which has the potential to cause harm.	Calquera cousa que teña o potencial de causar danos.	Perigo / Risco
690.	<b>Index</b>	A list of the places and/or key features that can be found on a map. The list will often include coordinates to help users identify the specific locations on the map.	Lista de lugares e/ou elementos clave que se poden atopar nun mapa. A lista adoita incluír coordenadas para axudar aos usuarios a identificar localizacións específicas no mapa.	Índice
691.	<b>Intercardinal directions</b>	The four intermediate compass directions which are situated halfway between the cardinal directions: North East, North West, South East, South West.	Os catro puntos intermedios do compás, que están situados no medio dos catro puntos cardinais: nordeste, noroeste, sueste e suroeste.	Puntos intercardinais

<sup>122</sup> Also commonly known as a GPS Receiver.

<sup>123</sup> Source/Fonte: <http://support.esri.com/en/knowledgebase/GISDictionary/search>

692.	<b>Landscape</b>	The physical appearance of the land comprising of the features of the terrain, the indigenous vegetation and the human impact caused by variations in land use.	Aparencia física da terra que inclúe os elementos do terreo, a vexetación indíxena e o impacto humano causado polas variacións no uso da terra.	Paisaxe
693.	<b>Lateral drift</b>	When an individual drifts from their bearing. This occurs because it is almost impossible to walk a perfect bearing. A common method of addressing the problem of lateral drift is aiming off.	Cando un individuo se desvía do seu rumbo. Isto acontece porque é case imposible camiñar seguindo o rumbo á perfección. Un método común para tratar este problema é a desviación voluntaria.	Deriva lateral
694.	<b>Latitude</b>	The angular distance north or south between a point on the Earth's surface and the equator <sup>124</sup> . Latitude is usually measured in degrees, minutes and seconds.	Distancia angular cara o norte ou o sur entre un punto da superficie terrestre ao ecuador. A latitude adoita medirse en graos, minutos e segundos.	Latitude
695.	<b>Leading marker method</b>	A navigational technique whereby members of a team are lined up along the course of a bearing and in so doing act as individual points of reference. The technique can be used effectively by a team of two people; however, the technique is more reliable and accurate for teams of three or more. The technique is very useful for navigating through dense woodland and/or during times of fading or limited visibility, such as at night.	Técnica de navegación na que os membros dun equipo forman unha liña ao longo do curso dun rumbo, de maneira que actúan como puntos de referencia. A técnica pode empregarse con efectividade nun equipo de dúas persoas; porén, a técnica é máis fiable e precisa para equipos de tres ou máis persoas. É unha técnica moi útil para navegar por entre un bosque denso e/ou en momentos de visibilidade limitada, como pola noite.	Marcar puntos de referencia empregando persoas
696.	<b>LIDAR (Light Detection And Ranging)</b>	An optical remote sensing technology that can measure the distance to or other properties of a target by illuminating the target with light, often using pulses from a laser. LIDAR technology has applications in geomatics, geography, geology, geomorphology, forestry, remote sensing as well as in airborne laser swath mapping (ALSM), laser altimetry and contour mapping. LIDAR data is usually used to produce Digital Elevation Models (DEMs).	Tecnoloxía de teledetección óptica que pode medir a distancia ata un obxectivo, ou outras propiedades, iluminando ese obxectivo con luz, normalmente empregando un láser pulsado. A tecnoloxía LIDAR ten aplicacións en xeomática, xeografía, xeoloxía, xeomorfoloxía, silvicultura ou teledetección, así como en cartografía con ALS, en altimetría láser e en mapas de curvas de nivel. Os datos obtidos con LIDAR adoitan empregarse para producir Modelos Dixitais de Elevación (MDE).	LIDAR
697.	<b>Line of sight</b>	A navigational technique which can be used when it is not possible to walk a bearing in a straight line because of obstacles. When using the line of sight technique, navigators walk to an obvious landmark that is situated directly on the bearing they wish to travel. When they reach this landmark, they then take another bearing and identify to the next obvious landmark. The navigator continues this process until they reach their destination. By walking to intermediate landmarks, a navigator reduces the amount of lateral drift and thereby reduces that chance of veering off of the bearing.	Técnica de navegación que pode empregarse cando non é posible camiñar por un rumbo en liña recta porque hai obstáculos. Cando se emprega esta técnica, os navegadores desprázanse ata un punto de referencia claro que está situado directamente no rumbo. Cando chegan a este punto, seguen outro rumbo e identifican o seguinte punto de referencia claro. O navegador continúa o proceso ata que chega ao seu destino. Desprazándose a puntos intermedios, o navegador reduce a cantidade de deriva lateral e por tanto reduce a probabilidade de desviarse do rumbo.	Liña de mira
698.	<b>Longitude</b>	The angular distance of a point east or west of an arbitrarily defined meridian, usually taken to be the Greenwich meridian <sup>125</sup> . Longitude is usually measured in degrees, minutes and seconds.	Distancia angular cara o leste ou oeste desde un meridiano elixido de xeito arbitrario, que adoita ser o meridiano de Greenwich. A lonxitude adoita medirse en graos, minutos e segundos.	Lonxitude
699.	<b>Magnetic bearing</b>	Measurement of a bearing using a compass to identify direction.	Medida dun rumbo empregando un compás para identificar a dirección.	Rumbo magnético
700.	<b>Magnetic declination</b>	The angle between Magnetic North and True North. Magnetic declination varies from place to place and with the passage of time. Navigators need to remember to adjust bearings to take account of the magnetic declination at their particular location.	Ángulo entre o norte magnético e o norte verdadeiro. A declinación magnética varía dun lugar a outro e co paso do tempo. Os navegadores precisan axustar os rumbos para ter en conta a declinación magnética na súa localización concreta.	Declinación magnética
701.	<b>Magnetic North</b>	The direction from a point on the Earth's surface following a great circle toward the magnetic north pole, as indicated by the north-arrow end of a compass <sup>126</sup> .	A dirección desde un punto na superficie da terra seguindo un gran círculo ata o polo norte magnético, tal e como indica a frecha norte dun compás.	Norte magnético
702.	<b>Map</b>	A graphical representation of an area which depicts the relative positions of features and landmarks.	Representación xeográfica dunha área que reflicte as posicións relativas de elementos e puntos de referencia.	Mapa
703.	<b>Map layer</b>	A map of a single thematic feature, such as contours, roads, or rivers and streams. Each map layer is usually stored as a separate file in a Geographic Information System (GIS) and overlaid to produce topographic or other maps <sup>127</sup> .	Mapa cun só elemento temático, como curvas de nivel, estradas ou ríos e regatos. Cada capa adoita gardarse nun arquivo separado nun Sistema de información xeográfica (GIS) e adoitan poñerse unha enriba da outra para producir mapas topográficos ou doutra clase.	Capa dun mapa

<sup>124</sup> Source/Fonte: <http://www.ordnancesurvey.co.uk/oswebsite/aboutus/reports/misc/glossary.html>

<sup>125</sup> Source/Fonte: <http://www.ordnancesurvey.co.uk/oswebsite/aboutus/reports/misc/glossary.html>

<sup>126</sup> Based on/Baseada en: <http://support.esri.com/en/knowledgebase/GISDictionary/searchh>

<sup>127</sup> Definition provided by/Definición proporcionada por Julia McMorrow, University of Manchester (UK).



704.	<b>Map orientation</b>	Rotating a map until recognised features on the landscape align with those shown on the map. Orientating a map with the landscape can make a map easier to read.	Rotar un mapa ata que os elementos recoñecidos da paisaxe se aliñen cos mostrados no mapa. Orientar un mapa coa paisaxe pode facer máis fácil a súa lectura.	Orientación do mapa
705.	<b>Map overlay</b>	The combination of several map layers with the same map projection to create a new output map layer which shows the relationship between them. It is visually similar to stacking several maps of the same area <sup>128</sup> .	Combinación de varias capas dun mapa coa mesma proxección cartográfica para crear unha nova capa que mostra a relación entre elas. Visualmente é moi parecido a poñer varios mapas da mesma zona un enriba do outro.	Superpoñer mapas
706.	<b>Map projection</b>	Any technique which represents the three-dimensional spherical surface of the Earth on a flat two-dimensional surface of a map. All map projections will lead to some distortion of shape, size, distance or direction.	Calquera técnica que representa a superficie esférica tridimensional da terra na superficie plana bidimensional dun mapa. Todas as proxeccións cartográficas supoñen certa distorsión de forma, tamaño, distancia ou dirección.	Proxección cartográfica
707.	<b>Map legend</b>	A table or list which explains the meanings of any symbols and colour coding used within a map.	Táboa ou lista que explica os significados dos símbolos e códigos de cores empregados nun mapa.	Lenda dun mapa
708.	<b>Modelling</b>	The process of creating a representation of part of the real world and subjecting it to some form of parameters and variables for the purpose of predicting, simulating or describing the real world <sup>129</sup> .	O proceso de crear a representación de parte do mundo real e sometelo a algunha forma de parámetros e variables coa finalidade de predicir, simular ou describir o mundo real.	Elaboración de modelos
709.	<b>Naismith's rule</b>	Naismith's Rule <sup>130</sup> is a rule of thumb <sup>131</sup> that helps navigators to calculate approximately the length of time it will take to walk a given route. The Rule stipulates that an average walker on flat terrain under normal conditions will take 1 hour to travel 5 kilometres. To account for additional time taken during ascents, one minute should be added to the time of travel for every 10 metres ascended.	Regra imprecisa que axuda aos navegadores a calcular de xeito aproximado o tempo que lles levará camiñar unha ruta. Esta regra estipula que a un camiñante medio, nun terreo chan e baixo condicións normais, levaralle unha hora camiñar 5 quilómetros. Para ter en conta o tempo extra nas subidas, debe engadirse un minuto ao tempo total por cada 10 metros de subida.	Regra de Naismith <sup>132</sup>
710.	<b>Navigation</b>	The process of planning, following and monitoring progress along a pre-defined route of travel.	Proceso de planear, seguir e controlar o progreso por unha ruta predefinida.	Navegación
711.	<b>Navigational techniques</b>	A range of tools and techniques that enable skilled navigators to locate their position on the Earth's surface in relation to other known locations and landmarks.	Unha serie de ferramentas e técnicas que permiten aos navegadores experimentados localizar a súa posición na superficie da terra en relación con outros lugares e puntos de referencia coñecidos.	Técnicas de navegación
712.	<b>Navigator</b>	An individual with the knowledge, skills and experience that enable him/her to accurately plan, follow and monitor progress along a pre-defined route of travel. A good navigator will typically be able to use a range of navigational techniques effectively.	Individuo cos coñecementos, habilidades e experiencia para planear, seguir e controlar con precisión o progreso por unha ruta predefinida. Normalmente un bo navegador saberá usar unha serie de técnicas de navegación con efectividade.	Navegador
713.	<b>Pacing</b>	A technique used by navigators to estimate distance travelled. Prior to embarking on a journey, a person wishing to use pacing needs to count the number of paces taken to travel a known distance <sup>133</sup> . Paces can then be counted during a journey to estimate distance travelled. This is a particularly useful technique for navigating at times of limited visibility (i.e. at night) and when navigating over terrain with limited features and landmarks (such as mountainous areas and open moorland).	Técnica empregada polos navegadores para estimar a distancia recorrida. Antes de comezar un desprazamento, unha persoa que queira empregar esta técnica ten que contar o número de pasos que dá para desprazarse unha distancia concreta, e así pódense contar os pasos do total dun desprazamento para estimar a distancia recorrida. É unha técnica particularmente útil para a navegación en momentos de visibilidade reducida (como á noite) e cando se navega por un terreo con elementos e puntos de referencia limitados (como zonas montañosas ou montes rasos).	Contar pasos
714.	<b>Parameter</b>	A quantity that is fixed or constant for the case in question, but which may vary in other cases.	Cantidade fixa ou constante para o caso en cuestión, pero que pode variar noutros casos.	Parámetro
715.	<b>Polygon</b>	A closed line or perimeter which completely encloses a space to represent a specified area on a map. Common examples of the use of polygons on maps include the representation of buildings and field boundaries.	Liña pechada ou perímetro que encerra completamente un espazo e representa unha área especificada nun mapa. Exemplos comúns do uso de polígonos en mapas inclúen a representación de edificios e de límites de terreos.	Polígono
716.	<b>Raw data</b>	Data that that has not yet been processed for meaningful use.	Datos que aínda non se procesaron para usalos cun sentido.	Datos en bruto

<sup>128</sup> With thanks to Julia McMorro of the University of Manchester (UK) for her contributions to this definition/Grazas a Julia McMorro da University of Manchester (UK) polas súas achegas para elaborar esta definición.

<sup>129</sup> Source/Fonte: <http://www.ordnancesurvey.co.uk/oswebsite/aboutus/reports/misc/glossary.html>

<sup>130</sup> The rule was devised in 1892 by William W. Naismith, a Scottish mountaineer and founder member of the Scottish Mountaineering Council.

<sup>131</sup> A rule of thumb is a general principle with broad applicability which is not intended to be strictly accurate or reliable under all circumstances. A rule of thumb is usually very easy to learn and apply.

<sup>132</sup> Esta regra foi concebida en 1892 por William W. Naismith, um montañeiro escocés que foi membro fundador do Scottish Mountaineering Council.

<sup>133</sup> Most navigators use a technique called "double pacing", which is where an individual will count every second step taken (i.e. every time their right foot touches the ground). An alternative technique is "single pacing", which is when an individual counts every step taken.

717.	<b>Raster layer</b>	A map layer made up of a grid of cells or pixels. A road map layer would be represented by pixels with, for instance, the value 1, and 0 for all other pixels. <sup>134</sup>	Unha capa dun mapa composto por unha grella de celas ou píxeles. Unha capa de estradas estaría representada por píxeles con, por exemplo, o valor 1, mentres que o resto de píxeles terían o valor 0.	Capa de ráster
718.	<b>Remote sensing</b>	The acquisition and interpretation of images of the Earth's surface, where images are usually acquired by cameras and scanners carried on aircraft or orbiting satellites. Optical images simultaneously record visible and invisible reflected light in several different wavelengths; when combined, these images (or 'bands') can be used to map burn scars, different types of fuel and fuel moisture. Thermal images record emitted heat from active fires and the Earth's surface. Radar remote sensing uses artificial microwave energy to produce images of burn scars through cloud and at night <sup>135</sup> .	Obtención e interpretación de imaxes da superficie da terra, que se adoitan obter mediante cámaras e escáneres que se levan nunha aeronave ou por satélite. As imaxes ópticas rexistran simultaneamente a luz visible e invisible en distintas lonxitudes de onda; cando se combinan, estas imaxes (ou "bandas") poden empregarse para localizar nun mapa as marcas do lume, os diferentes tipos de combustible e a súa humidade. As imaxes térmicas rexistran a calor emitida polos lumes activos na superficie da terra. A teledetección por radar emprega enerxía de microondas artificial para producir imaxes das marcas do lume a través das nubes e pola noite.	Teledetección / Detección remota
719.	<b>Scale</b>	The relationship between distance on a map and actual distance on the Earth's surface. Scale may be represented by words, a ratio or fraction, or a divided bar. Maps showing a small area in a high level of detail are referred to as large scale, while maps showing a large area with low level of detail are called small scale.	Relación entre a distancia nun mapa e a distancia real na superficie da terra. A escala pode representarse con palabras, cunha proporción ou fracción ou cunha barra dividida. Os mapas que representan unha área pequena cun alto nivel de detalles chámanse "a gran escala", mentres que os mapas que representan unha área grande con poucos detalles chámanse "a pequena escala".	Escala
720.	<b>Slope</b>	An incline of the ground.	Inclinación do solo.	Pendente
721.	<b>Symbol</b>	A character, letter or graphic used on a map to indicate the presence of an object or characteristic.	Un carácter, letra ou gráfico empregado nun mapa para indicar a presenza dun obxecto ou unha característica.	Símbolo
722.	<b>Thematic map</b>	A map which shows data concerning one or more specific themes or subjects which is connected to a particular geographical area. Some relevant examples include maps presenting land use and maps presenting rainfall.	Mapa que mostra datos referidos a un ou máis temas ou cuestións concretas relacionadas cunha área xeográfica particular. Algúns exemplos poden ser os mapas que representan o uso do terreo e os mapas que representan as precipitacións.	Mapa temático
723.	<b>Timing</b>	A method used by navigators to estimate distance. Prior to commencing travel between two points, a navigator will measure the ground distance and then calculate the expected time required to cover that distance. If the route to be travelled will involve an increase or decrease in elevation, further calculations should be made to account for the degree to which slope will influence time of travel (see, for instance, Naismith's Rule).	Método empregado polos navegadores para estimar a distancia. Antes de comezar a desprazarse entre dous puntos, o navegador medirá a distancia do chan e calculará o tempo que espera que lle levará cubrir esa distancia. Se a ruta a recorrer ten subidas e baixadas de elevación, deberá facer máis cálculos para ter en conta o grao no que a pendente influirá no tempo de recorrido (por exemplo, a regra de Naismith).	Temporización
724.	<b>Topographical map</b>	A map produced for the principle purpose of portraying and identifying the shape and features of the land surface.	Mapa creado co fin principal de reflectir e identificar a forma e os elementos da superficie do terreo.	Mapa topográfico
725.	<b>Topography</b>	The description and study of the shape and features of the land surface.	Descrición e estudo da forma e dos elementos da superficie do terreo.	Topografía
726.	<b>Triangulation</b>	A method which uses two known coordinates to determine the coordinates of a third location.	Método que emprega dúas coordenadas coñecidas para determinar as coordenadas dunha terceira localización.	Triangulación
727.	<b>Triangulation station</b>	A permanently marked and fully documented control station whose position on the Earth's surface has been established to a high accuracy both absolutely and in relative terms to other adjacent stations by means of angular or electronic distance measurement <sup>136</sup> . Triangulation stations form the foundation on which all survey and mapping techniques are based.	Estación de control permanentemente marcada e completamente documentada cuxa posición na superficie da terra foi establecida coa máxima precisión tanto en termos absolutos como relativos con respecto a outros vértices, por medio de medidas de distancia angulares ou electrónicas. Os vértices xeodésicos son a base de todas as técnicas de recoñecemento e cartografía.	Vértice xeodésico
728.	<b>True North</b>	The direction from any point on the Earth's surface to the geographic north pole <sup>137</sup> .	A dirección desde calquera punto da superficie da terra ao polo norte xeográfico.	Norte verdadeiro
729.	<b>Vector layer</b>	A Geographic Information System (GIS) map layer made up of points, lines or polygons, where each point consists of an x coordinate defining its distance east of the map origin, and a y coordinates defining it	Capa dun mapa dun sistema de información xeográfica (GIS) composto por puntos, liñas ou polígonos, no que cada punto contén unha coordenada x que define a súa distancia leste da orixe do	Capa de vectores

<sup>134</sup> Definition provided by/Definición proporcionada por Julia McMorrow, University of Manchester (UK).

<sup>135</sup> Definition provided by/Definición proporcionada por Julia McMorrow, University of Manchester (UK).

<sup>136</sup> Source/Fonte: <http://www.ordnancesurvey.co.uk/oswebsite/aboutus/reports/misc/glossary.html>

<sup>137</sup> Source <http://support.esri.com/en/knowledgebase/GISDictionary/search>

		distance north. A helicopter take-off and landing map layer would be stored as a series of points; a road map layer as lines connecting points; and a water body layer as polygons consisting of closed lines connecting points <sup>138</sup> .	mapa, e a coordenada y define a distancia norte. Unha capa dun mapa do despegue e aterraxe dun helicóptero rexistrárase como unha serie de puntos; unha capa de estradas como liñas que conectan puntos, e un corpo de auga como polígonos feitos con liñas que conectan puntos.	
730.	<b>Waypoint</b>	A predefined intermediate location on a route of travel. Waypoints are used to divide a journey into shorter sections and are particularly important for long routes and for routes over difficult and rough terrain.	Localización intermedia predefinida nunha ruta. Empréganse para dividir o desprazamento en seccións máis curtas, e son particularmente importantes en rutas longas e en rutas por terreos difíciles e abruptos.	Waypoint / Punto de referencia

<sup>138</sup> Definition provided by/Definición proporcionada por Julia McMorow, University of Manchester (UK).

# Capítulo 11 – Equipamento

***Equipamento: “Termino colectivo para todas as ferramentas manuais e mecanizadas, as subministracións e os vehículos empregados na extinción de incendios e nas actividades de prevención e/ou restauración”.***



© Frederikssund-Halsnæs Brand-og-Redningsberedskab (Dinamarca)



# 11. Equipamento

No.	English	English Definition	Definición en galego	Termo en galego
731.	<b>Aerial ignition device</b>	Inclusive term applied to equipment designed to ignite fuels from an aircraft. Examples of aerial ignition devices include: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Delayed aerial ignition device (DAID)</b> – An incendiary device dropped from an aircraft which will ignite after a predetermined amount of time. The delayed ignition is usually achieved through the production of a chemical reaction which is initiated prior to or during the drop.</li> <li>• <b>Helitorch</b> - An aerial ignition device hung from a helicopter which disperses ignited gelled gasoline.</li> </ul>	Termo inclusivo que se aplica ao equipamento deseñado para acender lumes desde unha aeronave. Algúns exemplos son: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Dispositivo de ignición aérea retardada</b> – dispositivo incendiario que se descarga desde unha aeronave e que prenderá despois dunha certa cantidade de tempo predeterminada. A ignición retardada adoita conseguirse mediante a produción dunha reacción química que se inicia antes ou durante a descarga.</li> <li>• <b>Facho helitransportado</b> – dispositivo de ignición aérea que colga dun helicóptero e que dispersa gasolina xelificada acendida.</li> </ul>	Dispositivo de ignición aérea
732.	<b>Aerial resources</b>	Aircraft, including helicopters, aeroplanes and drones, which can be used to attack the fire or observe its development. It also includes supporting personnel and equipment.	Aeronaves, o que inclúe helicópteros, avións ou aeronaves non tripuladas, que poden empregarse para combater o lume ou observar o seu desenvolvemento. Este termo tamén inclúe o persoal de apoio e o equipamento.	Recursos aéreos
733.	<b>Alidade</b>	A sighting device used to determine the horizontal bearing of a fire from an observation point.	Un dispositivo de observación que se emprega para determinar o rumbo horizontal dun incendio desde un punto de vixía.	Alidada
734.	<b>All-Terrain Vehicle (ATV)</b>	Any motorised vehicle designed to travel on four low pressure tires on unpaved surfaces, having a seat designed to be straddled by the operator and handlebars for steering control <sup>139</sup> . ATVs can be classified into two categories: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Type I – designed for transporting one operator.</li> <li>• Type II – designed for transporting one operator and one passenger.</li> </ul>	Calquera vehículo motorizado deseñado para desprazarse sobre catro rodas de baixa presión sobre superficies non pavimentadas, cun asento deseñado para que o operador se sente ao cabalete, e cun guiador para controlar a dirección. Poden clasificarse en dúas categorías: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Tipo I – deseñados para transportar un operador.</li> <li>• Tipo II – deseñados para transportar un operador e un pasaxeiro.</li> </ul>	Quad / Cuadriclo
735.	<b>Amphibious vehicle</b>	A vehicle capable of travelling over both land and water.	Un vehículo que pode operar tanto en terra como na auga.	Vehículo anfíbio
736.	<b>Anemometer</b>	An instrument that measures wind speed.	Instrumento para medir a velocidade do vento.	Anemómetro
737.	<b>Audible warning device</b>	A signalling device which generates a loud siren to provide a warning sound. Audible warning devices are sometimes mounted to aircraft and are sounded by pilots to warn suppression personnel on the ground that an aircraft is approaching to make a drop.	Aparello de comunicación que xera unha sirena para transmitir unha advertencia. Ás veces estes dispositivos instálanse nas aeronaves e son accionados polos pilotos para advertir aos equipos terrestres de que se achega unha aeronave que vai facer unha descarga.	Dispositivo de alarma acústica
738.	<b>Barometer</b>	An instrument used for measuring atmospheric pressure.	Instrumento para medir a presión atmosférica	Barómetro
739.	<b>Beater</b>	A hand tool consisting of a large piece of rubber attached to a long handle. Beaters are used to drag over and smother flames from burning ground fuels.	Ferramenta manual que consiste nunha peza grande de caucho colocada nun mango longo. Empréganse para pasar sobre as chamas que arden nos combustibles superficiais e afogalas.	Batelume
740.	<b>Bulldozer<sup>140</sup></b>	A heavy driver-operated vehicle which is used for clearing ground and for moving soil and debris. Dozers usually have a broad blunt hydraulic blade at the front and continuous treads for driving off-road. Dozers are used in some countries for both direct and indirect attack at wildfire incidents.	Vehículo pesado operado por un condutor que se emprega para deixar libre o chan e para mover terra e refugallos. Adoitan ter unha folla hidráulica ampla e roma na parte dianteira e rodadas continuas para desprazarse fóra da estrada. Estes vehículos empréganse nalgúns países tanto para ataques directos como indirectos nos incendios forestais.	Bulldozer
741.	<b>Cargo chute</b>	A parachute designed and rigged for dropping equipment and supplies from an aircraft while in flight.	Paracaídas deseñado e equipado para descargar equipamento e subministracións desde unha aeronave mentres voa.	Vertedor de carga
742.	<b>Chainsaw</b>	A portable mechanical saw which is commonly powered by a two-stroke engine. Chainsaws are commonly used to fell trees and to remove branches and foliage.	Serra mecánica portátil que adoita funcionar cun motor a dous tempos. As motoserras adoitan empregarse para cortar árbores e cortarlles pólas e follaxe.	Motoserra
		selection of resources, resource assignments and how performance and safety will be monitored and maintained at a particular incident. Fire suppression plans need to be dynamic to take into account any changes in conditions or circumstances.	selección da táctica e dos recursos, as tarefas para cada recurso e como as accións e a seguridade serán vixiadas e mantidas nun incidente concreto. Estes plans teñen que ser dinámicos para ter en conta os cambios nas condicións ou nas circunstancias que se poidan dar.	
926.	<b>Firebreak</b>	An area on the landscape where there is a discontinuity in fuel which will reduce the likelihood of combustion or reduce the likely rate of fire spread. Firebreaks may be naturally occurring or may be deliberately created as part of a wildfire mitigation or prevention activities.	Área da paisaxe na que se dá unha discontinuidade de combustibles, o que reduce a probabilidade de combustión ou de que se propague o lume. Poden ser naturais ou crearse deliberadamente como parte das actividades de mitigación e prevención de incendios forestais.	Devasa
927.	<b>Fragmentation</b>	The process of transforming large continuous areas of vegetation and fuel into smaller discontinuous areas. Fragmentation leads to a change in fire regimes through the alteration and discontinuity of fuels.	O proceso de transformar grandes extensións continuas de vexetación e combustible en áreas máis pequenas e discontinuas. A fragmentación leva a un cambio nos réximes de lume, debido á alteración e discontinuidade dos combustibles.	Fragmentación
928.	<b>Fuel management</b>	The process of managing fuel or fuel arrangement. The aim of fuel management is usually to create a discontinuity in fuels to achieve fragmentation.	Proceso de administrar ou dispoñer os combustibles. O obxectivo deste manexo adoita ser o de crear unha discontinuidade nos combustibles para acadar a fragmentación.	Manexo de combustibles / Ordenación de combustibles / Silvicultura preventiva
929.	<b>Fuel model</b>	A mathematical representation of fuel properties within a specified location, often used to predict and plot likely fire spread and intensity.	Representación matemática das propiedades do combustible dentro dunha zona concreta, que se adoita empregar para predicir e trazar a probable propagación e intensidade do lume.	Modelo de combustible
930.	<b>Fuel treatment</b>	The deliberate manipulation or removal of fuels using one or more of a variety of different means <sup>168</sup> to: <ul style="list-style-type: none"> <li>• reduce the likelihood of ignition; and/or,</li> <li>• reduce potential fire intensity; and/or,</li> <li>• reduce potential damage; and/or,</li> <li>• assist suppression activities.</li> </ul>	Manipulación ou retirada deliberada de combustibles empregando un ou máis medios <sup>169</sup> para: <ul style="list-style-type: none"> <li>• reducir a probabilidade de ignición; e/ou,</li> <li>• reducir a potencial intensidade do lume; e/ou,</li> <li>• reducir o dano potencial; e/ou,</li> <li>• axudar nas actividades de extinción.</li> </ul>	Tratamento do combustible / Redución do combustible
931.	<b>Geocode</b>	The numerical or alphanumeric element in a database which identifies the geographical location of a particular record.	Elemento numérico ou alfanumérico nunha base de datos que identifica a localización xeográfica dun rexistro en concreto.	Xeocodificación
932.	<b>Geographic Information System (GIS)</b>	A system designed to capture, store, manipulate, analyse, and present geographically referenced data.	Sistema deseñado para capturar, almacenar, manipular, analizar e presentar datos xeográficos.	Sistema de información xeográfica (SIX / GIS)
933.	<b>Global Positioning System (GPS)</b>	A global navigation system that provides very precise positioning information about the location of any point on or near the Earth surface. The system is freely accessible to anyone with a GPS navigation device/receiver.	Sistema de navegación global que proporciona información moi precisa sobre o posicionamento de calquera punto que se atope na superficie da terra ou preto dela. O sistema é libremente accesible para calquera persoa cun receptor de GPS.	Sistema de posicionamento global (GPS)
934.	<b>Global Positioning System (GPS) Navigation Device<sup>170</sup></b>	Any device that receives and triangulates GPS signals in order to determine its physical location on the Earth's surface.	Calquera aparello que recibe e triangula sinais de GPS para determinar a súa localización física sobre a superficie da terra.	Receptor GPS
935.	<b>Grid reference</b>	Coordinates that can be used to define and identify specific locations on a map.	Coordenadas que poden empregarse para definir e identificar lugares específicos nun mapa.	Malla de referencia
936.	<b>Hardware</b>	The physical components of a system, such as a computer monitor or CD ROM drive. The programmes that control the functioning of hardware are called software.	Compoñentes físicos dun sistema, como por exemplo un monitor de ordenador ou un lector de CD ROM. Os programas que controlan o funcionamento do hardware chámanse software.	Hardware
937.	<b>Ignition patterns</b>	A generic term for the three key techniques for igniting a managed burn: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Line ignition</b> - igniting a burn in strips along a control line and the adjacent fuel.</li> <li>• <b>Point of fire ignition</b> - igniting a number of fires within an area of fuel. The aim of this technique is for the individual fires to burn into one another.</li> <li>• <b>Fingers of fire ignition</b> - igniting lines of fire at right angles to a control line and parallel to the wind.</li> </ul>	Termo xenérico para as tres técnicas básicas para acender unha queima controlada: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Ignición en liña</b> – acender unha queima en tiras onda unha liña de control e o combustible adxacente.</li> <li>• <b>Ignición por puntos de lume</b> – acender unha serie de lumes dentro dunha zona de combustibles. O obxectivo desta técnica é que cada un dos lumes acabe xuntándose cos demais.</li> </ul>	Modelos de ignición

<sup>168</sup> Inclusive of the following means: manual, mechanical, chemical, or using fire.

<sup>169</sup> O que inclúe os seguintes medios: manual, mecánico, químico ou empregando o lume.

<sup>170</sup> Also referred to as a "GPS Receiver".

			<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Ignición por dedos de lume</b> – unha queima de baixa intensidade contra o vento, que se consegue ao prender liñas de lume en ángulo coa liña de control e paralelas ao vento.</li> </ul>	
938.	<b>Incident</b>	An occurrence or event that requires action to prevent or minimise loss of life, damage to property or damage to the environment.	Suceso ou evento que require accións para previr ou minimizar a perda de vidas, danos na propiedade ou danos no medio ambiente.	Incidente
939.	<b>Incident localization</b>	Identification of the specific location of a wildfire following its detection.	Identificación do lugar específico dun incendio forestal trala súa detección.	Localización do incidente
940.	<b>Infrared (IR)</b>	Thermal radiation which is invisible to the human eye <sup>171</sup> . A number of devices used by wildfire practitioners incorporate IR technology, including: infrared imagers; night-vision devices; and, wireless connections between computer devices.	Radiación térmica invisible para o ollo humano <sup>172</sup> . Hai unha serie de aparellos empregados polo persoal que traballa nos incendios forestais que incorporan esta tecnoloxía, entre outros: cámaras infravermellas; dispositivos de visión nocturna, e conexións sen fíos entre ordenadores.	Radiación infravermella / Infravermellos
941.	<b>Infrared imager</b>	An instrument that converts incoming infrared radiation into a thermal image or map to show temperature variation.	Instrumento que converte a radiación infravermella que recibe nunha imaxe ou mapa térmico para mostrar a variación de temperatura.	Cámara térmica / Cámara infravermella
942.	<b>Land management</b>	The process of managing the use and development of an area of land for: wildfire prevention; conservation, restoration or protection of the environment; commerce; and/or for other reasons.	Proceso de xestión do uso e desenvolvemento dunha área de terreo para a prevención dos incendios forestais; a conservación, restauración e protección do medio ambiente; o comercio, e/ou outras razóns.	Xestión do monte
943.	<b>Land use planning</b>	A decision-making process involving the allocation of areas of land to different uses and/or vegetation types. This allocation should take into account any necessary considerations regarding wildfire prevention and detection.	Proceso de toma de decisións sobre a asignación de certas áreas de terra para diferentes usos e/ou tipos de vexetación. Esta asignación debe ter en conta as consideracións necesarias sobre a prevención e detección de incendios forestais.	Planificación de usos do solo
944.	<b>LIDAR (Light Detection And Ranging)</b>	An optical remote sensing technology that can measure the distance to or other properties of a target by illuminating the target with light, often using pulses from a laser. LIDAR technology has applications in geomatics, geography, geology, geomorphology, forestry, remote sensing as well as in airborne laser swath mapping (ALSM), laser altimetry and contour mapping.	Tecnoloxía de teledetección óptica que pode medir a distancia ata un obxectivo, ou outras propiedades, iluminando ese obxectivo con luz, normalmente empregando un láser pulsado. A tecnoloxía LIDAR ten aplicacións en xeomática, xeografía, xeoloxía, xeomorfoloxía, silvicultura ou teledetección, así como en cartografía con ALS, en altimetría láser e en mapas de curvas de nivel.	LIDAR
945.	<b>Managed burn</b>	A planned and supervised burn carried out for the purpose of removing fuel either as part of a land management exercise (a prescribed burn) or a Fire Suppression Plan (an operational burn).	Queima planeada e supervisada que se realiza co fin de eliminar combustible como parte dun plan de extinción de incendios (contralume) ou dunha operación de xestión do monte (queima prescrita).	Queima controlada
946.	<b>Manual detection system</b>	A wildfire detection system which is operated by and requires direct control from a person <sup>173</sup> .	Sistema de detección de incendios que é manexado por unha persoa, da que precisa control directo <sup>174</sup> .	Sistema de detección manual
947.	<b>Map</b>	A graphical representation of an area which depicts the relative positions of features and landmarks.	Representación xeográfica dunha área que reflicte as posicións relativas de elementos e puntos de referencia.	Mapa
948.	<b>Map layer</b>	A map of a single thematic feature, such as contours, roads, or rivers and streams. Each map layer is usually stored as a separate file in a Geographic Information System (GIS) and overlaid to produce topographic or other maps <sup>175</sup> .	Mapa cun só elemento temático, como curvas de nivel, estradas ou ríos e regatos. Cada capa adoita gardarse nun arquivo separado nun Sistema de Información Xeográfica (GIS) e postas unha enriba da outra para producir mapas topográficos ou doutra clase.	Capa dun mapa
949.	<b>Map overlay</b>	The combination of several map layers with the same map projection to create a new output map layer which shows the relationship between them. It is visually similar to stacking several maps of the same area. <sup>176</sup>	Combinación de varias capas dun mapa coa mesma proxección cartográfica para crear unha nova capa que mostra a relación entre elas. Visualmente é moi parecido a poñer varios mapas da mesma zona un enriba doutro.	Superpoñer mapas
950.	<b>Mitigation</b>	A collective term used for those activities implemented prior to, during, or after a wildfire which are designed to reduce the actual or potential consequences of the wildfire. Mitigation measures can include efforts to	Termo colectivo empregado para as accións que se implantan antes de, durante ou despois dun incendio forestal, e que están deseñadas para reducir as consecuencias reais ou potenciais dun	Mitigación

<sup>171</sup> IR has an approximate wavelength of between 0.75 and 1,000 micrometres. IR has a frequency that is less than that of visible light (which is what makes it invisible to the human eye) and greater than that of most radio waves.

<sup>172</sup> Os infravermellos teñen unha lonxitude de onda aproximada de entre 0,75 e 1.000 micrómetros. Teñen unha frecuencia menor cá da luz visible (que é o que os fai invisibles ao ollo humano) e maior cá da maioría das ondas de radio.

<sup>173</sup> Some detection systems are designed to allow users to switch between automatic, manual and/or semiautomatic modes.

<sup>174</sup> Algúns sistemas de detección están deseñados para que os usuarios poidan cambiar de modo automático a manual e/ou semiautomático.

<sup>175</sup> Definition provided by/Definición proporcionada por Julia McMorrow, University of Manchester (UK).

<sup>176</sup> With thanks to Julia McMorrow, University of Manchester (UK), for her contributions to this definition/Grazas a Julia McMorrow da University of Manchester (UK) polas súas achegas para elaborar esta definición..

		educate governments, businesses and the general public on appropriate actions to take to reduce loss of life and property during wildfire incidents. The development of mitigation measures is often informed by lessons learned from prior incidents <sup>177</sup> .	incendio forestal. Estas medidas poden incluír medidas para concienciar aos gobernos, empresas e ao público xeral sobre as accións adecuadas para reducir a perda de vidas e de bens nos incendios forestais. O desenvolvemento das medidas de mitigación adoita incluír o aprendido nos incidentes pasados.	
951.	<b>Observation point</b>	A specific location with a view of a surrounding area which is used for wildfire detection.	Localización específica con vistas a unha zona circundante, que se emprega para a detección de incendios forestais.	Punto de observación
952.	<b>Observation tower</b> <sup>178</sup>	A structure with a view of a surrounding area which is used for wildfire detection.	Estrutura con vistas a unha zona circundante, que se emprega para a detección de incendios forestais.	Torre de observación
953.	<b>Observer</b>	An individual occupying an observation tower/point or completing a patrol of a designated area that is tasked with detecting and reporting wildfires.	Persoa que ocupa un punto/torre de observación ou que patrulla unha zona designada, cuxa tarefa é detectar e informar de incendios forestais.	Observador
954.	<b>Optical sensor</b>	A device that measures visible (light) radiation.	Aparello que mide a radiación visible da luz.	Sensor óptico
955.	<b>Orthophotograph</b>	A photograph that has been geometrically corrected to adjust for topography, lens distortion and camera tilt. Unlike standard photographs, orthophotographs can be used to measure true distances.	Fotografía que foi corrixida xeometricamente para axustar a topografía, distorsión da lente e inclinación da cámara. A diferenza das fotografías estándar, as ortofotografías poden empregarse para medir distancias reais.	Ortofotografía
956.	<b>Patrol</b>	The act of supervising a specified area in order to prevent, detect and/or control a wildfire.	Acto de supervisar unha área concreta co fin de previr, detectar e/ou controlar un incendio forestal.	Patrullar
957.	<b>Preparedness plan</b>	A pre-determined strategic scheme or programme of activities which is formulated in order to satisfactorily prepare an organisation or a geographic area to respond effectively to wildfire incidents.	Plan ou programa de actividades previamente determinado que se formula co fin de preparar satisfactoriamente unha organización ou unha área xeográfica para responder de maneira efectiva aos incendios forestais.	Plan de preparación
958.	<b>Prescribed burn</b> <sup>179</sup>	A planned and supervised burn carried out under specified environmental conditions to remove fuel from a predetermined area of land and at the time, intensity and rate of spread required to meet land management objectives <sup>180</sup> .	Queima planeada e supervisada realizada baixo unhas condicións ambientais específicas para eliminar o combustible dunha zona predeterminada de terreo, no momento e coa intensidade e ritmo de propagación precisos para acadar obxectivos de xestión do terreo.	Queima prescrita <sup>181</sup>
959.	<b>Prevention</b>	The act or process of reducing the occurrence and/or impact of wildfires.	Acto ou proceso de reducir a ocorrencia e/ou impacto dos incendios forestais.	Prevenición
960.	<b>Remote sensing</b>	The acquisition and interpretation of images of the Earth's surface, where images are usually acquired by cameras and scanners carried on aircraft or orbiting satellites. Optical images simultaneously record visible and invisible reflected light in several different wavelengths; when combined, these images (or 'bands') can be used to map burn scars, different types of fuel and fuel moisture. Thermal images record emitted heat from active fires and the Earth's surface. Radar remote sensing uses artificial microwave energy to produce images of burn scars through cloud and at night <sup>182</sup> .	Obtención e interpretación de imaxes da superficie da terra, que se adoitan obter mediante cámaras e escáneres que se levan nunha aeronave ou por satélite. As imaxes ópticas rexistran simultaneamente a luz visible e invisible en distintas lonxitudes de onda; cando se combinan, estas imaxes (ou "bandas") poden empregarse para localizar nun mapa as marcas do lume, os diferentes tipos de combustible e a súa humidade. As imaxes térmicas rexistran a calor emitida polos lumes activos na superficie da terra. A teledetección por radar emprega enerxía de microondas artificial para producir imaxes das marcas do lume a través das nubes e pola noite.	Teledetección / Detección remota
961.	<b>Restricted area</b>	An area in which specified activities or entry are temporarily or permanently restricted in order to mitigate risk to human health or safety by potential or ongoing wildfires. A restricted area may also be temporarily or permanently established in order to reduce the risk of a wildfire igniting within a specified location.	Área na que unhas actividades concretas ou o acceso están temporal ou permanentemente restrinxidas co fin de reducir os riscos para a saúde ou a seguridade das persoas causados polos incendios forestais potenciais ou que xa están acontecendo. Tamén se pode establecer unha área restrinxida temporal ou permanentemente para reducir o risco de que se acenda un incendio forestal nun lugar determinado.	Área restrinxida
962.	<b>Satellite detection system</b>	A wildfire detection system which operates via a satellite.	Sistema de detección de incendios forestais que funciona vía	Sistema de detección por

<sup>177</sup> Based on the definition provided by the/Baseada na definición incluída en NWCG: National Wildfire Coordinating Group (2011) Glossary of Wildland Fire Terminology (National Wildfire Coordinating Group, Boise), p.121.

<sup>178</sup> Also sometimes referred to as "lookout towers" or "lookout points".

<sup>179</sup> Prescribed burning is not currently permitted within all EU countries. Those countries that do permit prescribed burns often have specific legal restrictions concerning when and where a prescribed burn can take place.

<sup>180</sup> Based on the definition provided by AFAC for "prescribed burning"/ Baseada na definición proporcionada por AFAC para "prescribed burning", en: Australasian Fire and Emergency Service Authorities Council (2009) Wildfire Glossary (Australasian Fire and Emergency Service Authorities Council, Melbourne), p.22.

<sup>181</sup> Actualmente as queimas prescritas non están permitidas en todos os países da UE. Os países que non as permiten adoitan ter restricións legais específicas sobre cando e onde pode facerse unha queima prescrita.

<sup>182</sup> Definition provided by/Definición proporcionada por Julia McMorrow, University of Manchester (UK).

			satélite.	satélite
963.	<b>Semi-automatic detection system</b>	A detection system which is partially operated by itself and partially operated by manual control.	Sistema de detección que funciona parcialmente por si só e parcialmente controlado manualmente.	Sistema de detección semiautomático
964.	<b>Sensor</b>	A device that measures physical quantities and then converts them into a signal which can be interpreted by a person or instrument. Infrared and optical sensors are common components of wildfire detection systems.	Aparello que mide magnitudes físicas e despois convérteas nun sinal que pode ser interpretado por unha persoa ou instrumento. Os sensores de infravermellos e ópticos son compoñentes comúns dos sistemas de detección de incendios forestais.	Sensor
965.	<b>Server</b>	A computer or computer programme that manages access to a central service or resource within a computer network. Three examples of different servers commonly found within prevention and detection systems include: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Database server</b> - a computer or computer programme that provides database services to computer connected to a network.</li> <li>• <b>File server</b> – a computer or computer programme that enables the storage and retrieval of computer files by computers connected to a network.</li> <li>• <b>Print server</b> – a computer or computer programme that connects printers to computers that are connected to a network.</li> </ul>	Un ordenador ou programa de ordenador que xestiona o acceso a un servizo ou recurso central dentro dunha rede informática. Estes tres exemplos de servidores diferentes adoitan atoparse nos sistemas de prevención e detección: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Servidor de bases de datos</b> – un ordenador ou programa de ordenador que proporciona servizos de bases de datos aos ordenadores conectados a unha rede.</li> <li>• <b>Servidor de arquivos</b> - un ordenador ou programa de ordenador que permite almacenar e recuperar arquivos electrónicos por parte dos ordenadores conectados a unha rede.</li> <li>• <b>Servidor de impresión</b> - un ordenador ou programa de ordenador que conecta impresoras a ordenadores que están conectados a unha rede.</li> </ul>	Servidor
966.	<b>Software</b>	The programmes that control the functioning of hardware. Software can be divided into two sub-categories: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Systems software</b> – all software necessary for a system to function, such as a computer operating system.</li> <li>• <b>Applications software</b> – all programmes that enable the user of a system to complete a specific task, such as a word processor programme on a computer.</li> </ul>	Os programas que controlan o funcionamento do hardware. O software pode dividirse en dúas subcategorías: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Software de sistemas</b> – todo o software necesario para que un sistema funcione, como o sistema operativo dun ordenador.</li> <li>• <b>Software de aplicacións</b> – todos os programas que permiten ao usuario dun sistema realizar unha tarefa específica, como por exemplo un procesador de textos nun ordenador.</li> </ul>	Software
967.	<b>System</b>	An assembly of components connected together in an organized way to achieve a particular purpose.	Unha serie de compoñentes conectados entre si de maneira organizada para unha finalidade concreta	Sistema
968.	<b>System functionality</b>	The range of operations or actions that can be run by a system.	Gama de operacións ou accións que pode realizar un sistema.	Funcionalidade dun sistema
969.	<b>System integration</b>	The process of combining multiple systems into one system.	Proceso de combinar varios sistemas nun só sistema.	Integración de sistemas
970.	<b>System operator</b>	An individual who is responsible for operating and/or maintaining a computer system or communication network.	Individuo que é responsable de operar e/ou manter un sistema informático ou rede de comunicación.	Operador dun sistema
971.	<b>Terrestrial detection system</b>	A wildfire detection system which is operated from the Earth's surface.	Sistema de detección de incendios forestais que se controla desde a superficie terrestre.	Sistema de detección terrestre
972.	<b>Thermal sensors</b>	A sensor that detects variations in temperature.	Sensor que detecta as variacións de temperatura.	Sensores térmicos
973.	<b>Triangulation</b>	A method which uses two known coordinates to determine the coordinates of a third location.	Método que emprega dúas coordenadas coñecidas para determinar as coordenadas dunha terceira localización.	Triangulación
974.	<b>Wireless communication</b>	A system that transmits data using radio waves, microwaves or other types of electromagnetic waves. In other words, a system that transmits data without the need for physical mediums such as wires, cables or fibre optics.	Sistema que transmite datos mediante ondas de radio, microondas ou outros tipos de ondas electromagnéticas. Noutras palabras, sistema que transmite datos sen a necesidade de medios físicos como cables, arames ou fibra óptica.	Comunicación sen fíos

# Capítulo 14 – Investigación de incendios

***Investigación de incendios: “Proceso que determina a orixe, causa e desenvolvemento dun incendio” (NFPA 921).***



© José Antonio Grandas Arias (Galicia, España)

# 14. Investigación de incendios

No.	English	English Definition	Definición en galego	Termo en galego				
975.	<b>Accelerant</b>	Material used to initiate or increase the spread of a fire. This will often be an ignitable liquid.	Material empregado para iniciar ou aumentar a propagación do lume. A miúdo trátase dun líquido inflamable.	Acelerante				
976.	<b>Access</b>	A point of entry, exit and/or route to an incident location.	Punto de entrada, saída e/ou paso ao lugar dun incidente.	Acceso				
977.	<b>Advancing fire</b>	This is fire progression associated with the head (front) of the fire. Fire behaviour in this area is usually characterized by more intense burning, increased flame height and length and more rapid rates of spread. It will usually occur when a fire burns with the support of one or more forces of alignment (for instance, wind, slope, or aspect). Fire direction indicators in this area are generally large and very noticeable (i.e. macro indicators) <sup>183</sup> .	Progresión do lume que se asocia coa cabeza (fronte) do lume. O comportamento do lume nesta área adoita estar caracterizada por un queimado máis intenso, unha maior altura das chamas e uns índices máis altos de propagación. Isto acontecerá a miúdo cando o lume arde coa axuda dunha ou máis forzas de aliñación (por exemplo, o vento ou a pendente). Os indicadores de dirección do lume nesta zona son en xeral grandes e facilmente identificables (é dicir, son macroindicadores).	Lume frontal				
978.	<b>Angle of char indicators</b>	The angle at which standing fuels (such as trees or fence poles) are burned. Angle of char is an indicator of the direction of fire spread. The angle that the fuel is burned will depend upon whether the fire burned with or without the support of one or more factors of alignment. The table below provides a summary of the characteristic angles of char produced by a fire burning with or without the support of the slope and wind <sup>184</sup> .	O ángulo ao que se queiman os combustibles verticais (como as árbores ou os paus dunha cerca). Este ángulo é un indicador da dirección da propagación do lume. Dependerá de se o lume ardeu con ou sen o apoio dun ou máis factores de aliñación. A seguinte táboa ofrece un resumo dos ángulos de carbonización característicos que produce un lume que arde con ou sen o apoio da pendente e do vento.	Indicadores do ángulo de carbonización				
		<b>Direction of fire spread</b>	<b>Wind direction</b>		<b>Angle of Char</b>	<b>Dirección da propagación do lume</b>	<b>Dirección do vento</b>	<b>Ángulo de carbonización</b>
		Upslope	Upslope		Greater than the angle of the slope.	Pendente arriba	Pendente arriba	Maior có ángulo da pendente
		Downslope	Upslope		Parallel to the angle of the slope.	Pendente abaixo	Pendente arriba	Paralelo ao ángulo da pendente
		Downslope	Downslope		Greater on the downslope side of the fuel.	Pendente abaixo	Pendente abaixo	Maior na cara do combustible que se atopa pendente abaixo
Upslope	Downslope	Parallel to the angle of the slope, with some additional damage to the fuel on the upslope side.	Pendente arriba	Pendente abaixo	Paralelo ao ángulo da pendente, con algúns danos extra na cara do combustible que se atopa pendente arriba.			
979.	<b>Area of origin</b>	General geographical location within a fire perimeter where the point of ignition is believed to be located. See also: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>General Area of Origin</b></li> <li>• <b>Specific Area of Origin</b></li> <li>• <b>Point of Origin</b></li> </ul>	Localización xeográfica xeral dentro do perímetro dun incendio onde se cre que se atopa o punto de ignición. Ver tamén: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Zona xeral de orixe</b></li> <li>• <b>Zona específica de orixe</b></li> <li>• <b>Punto de orixe</b></li> </ul>	Zona de orixe				
980.	<b>Arson</b>	The wilful or malicious burning of a fuel with criminal intent to cause damage <sup>185</sup> .	Queima premeditada ou malintencionada dun combustible co propósito criminal de causar danos <sup>186</sup> .	Incendio provocado				
981.	<b>Authentication of</b>	The process by which a piece of evidence is proven to be genuine.	Proceso polo que se demostra que unha proba é lexítima.	Verificación de probas				

<sup>183</sup> This is an amendment from the definition of “advancing fire” provided within the/Esta é unha modificación da definición de “advancing fire” incluída en: National Wildfire Coordinating Group (2005) Wildfire Origin and Cause Determination Handbook (National Wildfire Coordinating Group Fire Investigation Working Team; USA), p.7.

<sup>184</sup> Based on information presented at <http://www.interfire.org/features/wildfires2.asp> and within NFPA (2011) NFPA 921 – Guide for Fire and Explosion Investigations (NFPA, Quincy, Massachusetts). Appreciation is also expressed to Prof. Vittorio Leone for his assistance in compiling this information / Baseada na información incluída en <http://www.interfire.org/features/wildfires2.asp> e en NFPA (2011) NFPA 921 – Guide for Fire and Explosion Investigations (NFPA, Quincy, Massachusetts).

Agradéceselle tamén a súa axuda para recopilar esta información ao professor Vittorio Leone.

<sup>185</sup> “Arson” is a legal term and as such its precise definition varies between jurisdictions/countries.

<sup>186</sup> “Incendio provocado” é un termo legal, é como tal a súa definición precisa varía entre as distintas xurisdicións/países.

	evidence			
982.	<b>Authority</b>	The legal right to attend and complete actions and assignments at a wildfire incident. Within the context of fire investigation, it is the legal right of an individual or organisation to investigate a fire.	Dereito legal para ocuparse dun incendio forestal e realizar tarefas nel. No contexto da investigación de incendios, trátase do dereito legal dun individuo ou dunha organización de investigar un incendio.	Autoridade
983.	<b>Backing fire</b>	A lower intensity fire or part of a fire which burns against the wind and/or down slope.	Lume de menor intensidade ou a parte dun lume que arde contra o vento e/ou cara abaixo dunha pendente.	Lume en contra do vento
984.	<b>Burn patterns</b>	The characteristic configuration of char and other fire direction indicators left by a fire <sup>187</sup> . The accurate interpretation of burn patterns can assist fire investigators in identifying the origin of a fire.	Configuración característica da carbonización e doutros indicadores da dirección do lume deixados por un incendio. A interpretación precisa dos modelos de queima pode axudar aos investigadores dun incendio a identificar a súa orixe.	Modelos de queima
985.	<b>Burn severity</b>	A qualitative assessment of the heat pulse directed toward the ground during a fire. Burn severity relates to soil heating, large fuel and duff consumption, consumption of the litter and organic layer beneath trees and isolated shrubs, and mortality of buried plant parts <sup>188</sup> .	Avaliación cualitativa do pulso de calor dirixido cara o chan durante un incendio. A severidade do lume está relacionada co quecemento do solo, co consumo de grandes combustibles e da manta de descomposición, co consumo de follada e da capa orgánica que está baixo as árbores e os arbustos illados, e coa mortalidade das partes soterradas das plantas.	Severidade do lume
986.	<b>Cause of fire</b>	The sequence of events and actions that brings an ignition source into contact with materials first ignited which leads to sustained combustion <sup>189</sup> . For statistical purposes, causes of fire are usually grouped within a standard classification <sup>190</sup> .	Secuencia de eventos e accións que fai que unha fonte de ignición entre en contacto con materiais que prenden, o que leva a unha combustión sostida. Con fins estatísticos, as causas do lume normalmente agrúpanse nunha clasificación estándar <sup>191</sup> .	Causa do incendio
987.	<b>Chain of custody</b>	A document that outlines the individuals who have had possession and access to a piece of evidence from the time it was seized through any transfers and laboratory analysis to its disposition.	Documento que lista os individuos que estiveron en posesión dunha proba e tiveron acceso a ela, desde o momento en que se recolleu, pasando por calquera transferencia e análise de laboratorio ata a súa eliminación.	Cadea de custodia
988.	<b>Char</b>	Carbonaceous material formed by incomplete combustion of an organic material, such as wood or a shrub. It has a blackened appearance.	Material carbonoso formado pola combustión incompleta dun material orgánico, como a madeira ou un arbusto. Ten unha aparencia ennegrecida.	Carbonización
989.	<b>Char height</b>	The vertical distance above the ground of the part of a tree or shrub that has been scorched or blackened by fire. Char height can be used as an indicator of fire intensity.	Distancia vertical desde o chan da parte dunha árbore ou arbusto que foi chamuscado ou ennegrecido por un lume. Pode empregarse como indicador da intensidade do lume.	Altura da carbonización
990.	<b>Circumstantial evidence</b>	Evidence that indirectly proves a fact through inference and assumption <sup>192</sup> . In the absence of direct evidence, an accumulation of circumstantial evidence will usually be required in order to corroborate evidence.	Probas que indirectamente demostran un feito a través de inferencias e suposicións <sup>193</sup> . Cando non hai probas directas, normalmente é necesaria unha acumulación de probas circunstanciais para poder corroborar as probas.	Probas circunstanciais
991.	<b>Corroborating evidence</b>	Evidence that supports a theory which has been formulated based on the discovery and analysis of other evidence.	Probas que apoian unha teoría que se formulou baseada no descubrimento e análise doutras probas.	Probas de corroboración
992.	<b>Crown kill</b>	The proportion of limbs, buds, and foliage within the canopy vegetation that has been killed and consumed by a wildfire.	Proporción de pólas, gromos e follaxe da cuberta forestal que morre e se consome por causa dun incendio forestal.	Copa queimada
993.	<b>Crown scorch</b>	Browning of needles or leaves in the crown of a tree or shrub due to burning which has killed but not consumed the vegetation. Crown scorch may not be visible immediately and it may take several days or weeks after the fire for it to become apparent.	Ennegrecemento das acículas ou follas na copa dunha árbore ou arbusto, o que mata pero non consome a vexetación. O chamuscado de copas pode non ser visible inmediatamente e poden pasar varios días ou semanas despois do incendio ata que se percibe.	Chamuscado de copas
994.	<b>Cupping indicators</b>	A concave or cup-shaped char pattern found on the ends of grass stems, small stumps and the limbs of shrubs and trees. Grass stems, stumps, limbs and/or twigs that face the oncoming fire will usually be blunt or rounded, while those facing away from it will usually have sharply pointed or tapered ends. Therefore, cupping indicators can be used as a	Patrón de carbonización cóncavo ou con forma de cunca que se atopa na punta dos tallos das herbas, pequenos cepos e pólas dos arbustos ou árbores. Os tallos das herbas, os cepos e as pólas e/ou poliñas de cara ao lume adoitan estar romos ou redondeados, mentres que os que están de costas ao lume adoitan ter puntas	Indicadores das puntas

<sup>187</sup> Source/Fonte: Global Fire Monitoring Center (2010) International Multi-Lingual Fire Management Terminology (Global Fire Monitoring Center, Freiburg), p.40.

<sup>188</sup> Source/Fonte: National Wildfire Coordinating Group (2008) Glossary of Wildland Fire Terminology (National Wildfire Coordinating Group, Boise), p.39.

<sup>189</sup> With thanks to/Grazas a Paul Steensland, Paul Steensland and Associates LLC (USA) and Richard Woods, Australian Capital Territory Rural Fire Service (Australia).

<sup>190</sup> Classifications vary between countries and sometimes also between States, regions or localities within the same country.

<sup>191</sup> As clasificacións varían entre os distintos países, e ás veces tamén entre rexións, estados ou localidades dentro do mesmo país.

<sup>192</sup> An example of circumstantial evidence would be an eye witness who observed an individual fleeing the scene of a wildfire but who did not see the individual actually start the fire.

<sup>193</sup> Un exemplo de proba circunstancial pode ser unha testemuña que viu un individuo escapando da escena dun incendio forestal pero que non o viu acendendo o lume.

		directional indicator.	ben afiadas. Por tanto, estes indicadores poden empregarse como indicadores de dirección.	
995.	<b>Curling indicators</b>	Curling occurs when green leaves curl or fold in the direction that a fire came from. Curling will usually occur during a slower moving, less intense wildfire or part of a wildfire.	O rizamento acontece cando as follas verdes se rizan ou dobran na dirección na que veu o lume. Adoita acontecer nun incendio ou nunha parte dun incendio menos intenso, que se move máis lentamente.	Indicadores de rizamento das follas
996.	<b>Deductive reasoning</b>	The process by which conclusions are drawn by logical inference from given premises <sup>194</sup> .	Proceso polo que se extraen conclusións por inferencia lóxica a partir de premisas dadas.	Razoamento dedutivo
997.	<b>Deep-seated fire</b>	An established ground fire burning 0.5 metres or more below the surface. This type of ground fire is particularly challenging to extinguish.	Incendio do subsolo que arde 0,5 ou máis metros por baixo da superficie. Este tipo de lume é particularmente difícil de extinguir.	Lume subterráneo
998.	<b>Degree of damage</b>	The amount of fuel that is burned and consumed by a wildfire. The degree of damage sustained by a fuel can be interpreted as an indicator of a wildfire's intensity, duration and direction. The side of a fuel that faces an oncoming wildfire will usually exhibit the greatest degree of damage.	Cantidade de combustible que queimou e consumiu un incendio forestal. O grao de dano sostido por un combustible pode interpretarse como indicador da intensidade, duración e dirección dun incendio. A parte dun combustible que mira cara o lume adoita mostrar un grao maior de dano.	Grao de dano
999.	<b>Depth of burn</b>	The vertical reduction in surface and ground fuels due to consumption by fire.	Redución vertical dos combustibles da superficie e do subsolo debido ao consumo do lume.	Profundidade de queima
1000.	<b>Depth of char indicators</b>	When a wildfire partially burns a fuel and changes the fuel's appearance to look fissured or scaly, similar to an alligator's or crocodile's hide <sup>195</sup> . In the case of a uniform fuel, char depth will be deeper on the side of the fuel which faces an advancing wildfire. Depth of char is strictly a comparative indicator, so absolute depth is of little consequence.	Cando un incendio forestal queima un combustible e torna a súa aparencia gretada ou con escamas, similar á da pel dun caimán ou dun crocodilo. No caso dun combustible uniforme, a profundidade da carbonización será maior na parte do combustible de cara ao lume. A profundidade da carbonización é estritamente un indicador comparativo, de maneira que a profundidade absoluta ten pouca importancia.	Indicadores da profundidade da carbonización
1001.	<b>Detonator</b>	A device used to set off an explosive charge.	Mecanismo empregado para provocar a detonación dunha carga explosiva.	Detonador
1002.	<b>Die out patterns</b>	Fingers or islands of unburned or less intensely burned fuels. Die out patterns may be observed in areas where a fire entered a more sparsely arranged fuel or a fuel with greater moisture content. Die out patterns may be used as macro scale indicators to establish general fire direction. Investigators need to be wary not to mistake die out patterns as areas of origin <sup>196</sup> .	Dedos ou illas de combustibles non queimados ou queimados con menos intensidade. Obsérvanse en áreas onde o lume entrou nun combustible disposto de forma dispersa ou con maior cantidade de humidade. As zonas sen queimar poden empregarse como indicadores a grande escala para establecer a dirección xeral do lume. Os investigadores teñen que ser cautelosos para non confundilas con zonas de orixe.	Zonas sen queimar
1003.	<b>Direct evidence</b>	Evidence that directly proves a fact without any resort to inference or assumption. An example of direct evidence would be an eye witness who observed an individual igniting a fire.	Probas que demostran directamente un feito sen recorrer a inferencias ou suposicións. Un exemplo de proba directa sería unha testemuña que viu unha persoa prendendo un lume.	Probas directas
1004.	<b>Directional indicators</b> <sup>197</sup>	Physical marks or clues left on partially burned fuels and non-combustible objects which can assist fire investigators in determining the movement of a wildfire across an area of land. By applying a systematic approach, fire investigators can use directional indicators to retrace the path of the fire to the point of origin.	Marcas físicas ou pistas deixadas en combustibles parcialmente queimados ou en obxectos incombustibles que poden axudar aos investigadores a determinar o movemento dun incendio forestal por unha área de terreo. Aplicando un enfoque sistemático, os investigadores poden empregar os indicadores de dirección para recorrer o camiño que seguiu o lume ata o punto de orixe.	Indicadores de dirección
1005.	<b>Disposition of evidence</b>	Disposal of evidence gathered from the scene of a wildfire.	Eliminación das probas recollidas na escena dun incendio forestal.	Destrución de probas
1006.	<b>Documentary evidence</b>	Any evidence gathered in documentary form for the purpose of a wildfire investigation. Although the term is normally used to refer to evidence written on paper, it can also include other types of media that record or preserve evidence, such as film, photographs and tape recordings.	Calquera proba recollida en forma de documento coa finalidade de incluíla na investigación dun incendio forestal. Aínda que se adoita empregar este termo para referirse a probas escritas nun papel, tamén pode incluír outros tipos de medios que rexistran ou conservan as probas, como pode ser unha gravación de vídeo, fotografías ou gravacións de son.	Probas documentais
1007.	<b>Evidence</b>	A fact or piece of information which proves or disproves a hypothesis.	Un feito ou unha información que demostra ou refuta unha hipótese.	Probas
1008.	<b>Expert witness</b>	A witness that is deemed by a trial court judge to have sufficient	Unha testemuña que un xuíz dun tribunal considera que ten	Perito

<sup>194</sup> Source/Fonte: NFPA (2011) NFPA 921 – Guide for Fire and Explosion Investigations (NFPA, Quincy, Massachusetts), p.13.

<sup>195</sup> Hence the common alternative terms of “alligatoring” and “crocodiling”.

<sup>196</sup> With thanks to/Grazas a Paul Steensland, Paul Steensland and Associates LLC (USA).

<sup>197</sup> In some countries the term “fire vector” is used in place of the term “directional indicator”.



		knowledge, skill, or experience in a particular profession or area of study that allows them to draw inferences and form conclusions that an average layperson could not.	suficientes coñecementos, habilidades ou experiencia nunha profesión en particular ou área de estudo, o que lle permite facer inferencias e chegar a conclusións que unha persoa media non podería.	
1009.	<b>Factual witness</b>	A witness who provides evidence based on factual matters that do not require the formulation of an opinion or conclusion. An example of a factual witness would be an individual who provides an account of what he/she saw, heard, smelled and/or did at a wildfire incident.	Unha testemuña que proporciona probas baseadas nos feitos, que non requiren formular unha opinión ou conclusión. Un exemplo sería unha persoa que conta o que viu, oíu, uliu e/ou fixo nun incendio forestal.	Testemuña dos feitos
1010.	<b>Fire</b>	Fire is the product of the chemical reaction of combustion. The three factors of fuel, oxygen and heat must all be present in the correct proportions for combustion to occur. When the combustion process is initiated, heat and light are emitted and a fire occurs.	O lume é o produto da reacción química da combustión. Os tres factores do combustible, oxíxeno e calor deben estar presentes nas proporcións adecuadas para que aconteza a combustión. Cando se inicia o proceso de combustión, emítese calor e luz e créase o lume.	Lume
1011.	<b>Fire activity</b>	Description of a fire based on an assessment of visible evidence, including the speed of the fire, flame length, flame height, fire severity, and fire behaviour.	Descrición do lume baseada na avaliación de datos visibles, o que inclúe a velocidade do lume, a lonxitude da chama, a altura da chama, a severidade da queima e o comportamento do lume.	Actividade do lume
1012.	<b>Fire analysis</b>	Process of reviewing the behaviour and effects of a specific fire or group of fires and the actions taken to suppress it/them.	Proceso de revisión do comportamento e efectos dun incendio en concreto ou dun conxunto de incendios e/ou as accións tomadas ou que poderían precisarse para extinguilos.	Análise dun incendio
